

comarca

Reclaman a convocatoria urgente da mesa de seguimento de Alcoa. **Páx. 2**

cervo

O Goberno local entrega as axudas ás ANPAS, aos centros e ao transporte. **Páx. 14**

a pontenova

O CIT concede as Troitas de Ouro e tamén as Pedras de Honra. **Páx. 16**

mondoñedo

O Concello revela os gañadores do Leiras Pulpeiro e do Díaz Jácome. **Páx. 19**

mar

Planas destaca a lonxa de Burela como "a terceira a nivel nacional". **Páx. 29**

A sanidade volve sacar a veciñanza á rúa



O BNG sae do Goberno municipal de Foz

Rómponse así o pacto de coalición entre nacionalistas e socialistas acadado no 2023. **Páx. 7**

“Sigo con moita ilusión e con máis ganas”

Entrevista ao alcalde de Trabada, Rubén García, que cumpre o seu primeiro ano de rexedor. **Páx. 21**

Saúde Mental A Mariña



Entrevista a María José Novoa, que é a directora da asociación. **Páx. 5**

Cabaleiros da Bidueira



Adrián Domínguez relata os pasos desde a súa fundación, en 2023. **Páx. 15**

Club de Remo de Ribadeo



Falamos con Jesús Carreira Alonso, que é actualmente o presidente. **Páx. 31**

Máis cartos para o Plan de Cooperación

A Deputación investirá 22 millóns nos 67 concellos durante o ano 2025. **Páx. 27**

Fontelo Novias
NADIE CUIDA MÁS TU IMAGEN
ATELIER PROPIO - LINEA SARTORIAL A MEDIDA
NUEVA COLECCIÓN
2025
www.fontelonovias.com
OBISPO AGUIRRE, 1
Teléfono 982 253 376 • L U G O

A MARIÑA

O PP esixe á Deputación que abra os nove centros de maiores “comprometidos”

Os deputados do Grupo Provincial Popular mantiveron unha reunión en Folgoso do Courel para falar de residencias, na que tamén participaron, ademais da alcaldesa Lola Castro e concelleiros do municipio, alcaldes, voceiros e concelleiros do PP de Becerreá, Guitiriz, A Pontenova, A Pobra do Brollón, Portomarín, Cervantes, Pantón, Ourense e O Saviñao.

Nesta xuntanza, os representantes do PP acordaron unha liña de actuacións para esixir a PSOE e BNG o cumprimento dos acordos asinados e que comezan por levar ao pleno da Deputación e dos concellos afectados mocións para esixir ao goberno provincial “celeridade na execución das obras e na apertura destes centros para dar un servizo moi necesario na atención dos nosos maiores”.

Antonio Ameijide recorda que na batería de 50 propostas que presentaron ao goberno provincial figuraba a apertura inminente do centro de día e residencial comarcal en Becerreá, con partidas orzamentarias específicas para contratar o mobiliario e materiais para equipar o inmoble.

Tamén pedían axilizar e finalizar as obras de construción dos centros de atención ás persoas maiores e centros de día nos concellos de Guitiriz, A Pontenova e A Pobra de Brollón.

Por último solicitaban a redacción dos proxectos para a posterior construción dos centros de atención ás persoas maiores e centros de día comprometidos nos concellos de Cervantes, Ourense, Pantón e O Saviñao.

Continúa a presión social para dar unha solución á planta de Alcoa

O Comité de Empresa de Alúmina-Aluminio Alcoa convocou unha nova concentración para iniciar este 2025, o 11 de xaneiro, ás 20.00 horas na Praza do Concello de Xove. O acto tiña como obxectivo esixir a implicación dos gobernos de España e da Xunta de Galicia na resolución dos problemas que afectan á planta e ao futuro industrial da Mariña. Os traballadores reivindicaron ter a mesa de seguimento e instan ao Executivo a convocar unha nova reunión despois de que se aprazase a prevista para principios de decembro.

“Pola defensa do futuro da Mariña, esiximos a implicación dos gobernos. A única forma que hai de salvar a Mariña é loitando”, manifestou José Antonio Zan, presidente do Comité de Empresa. Ademais, lamentou a falta de resposta por parte de José Manuel Gómez Besteiro e Patricia Otero, que, durante a campaña electoral, comprometeron a informar sobre o estado dos parques eólicos en trámite. Segundo o comunicado do comité, desde agosto de 2024 non se recibiron novidades, e os proxectos permanecen paralizados no Ministerio de Transición Ecolóxica.

No derradeiro mes do 2024, os senadores lucenses José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, xunto cos alcaldes de Xove e Cervo, Demetrio Salgueiro e Dolores García, reuníronse co comité en representación do Partido Popular. Durante o encontro, escoitaron as demandas sindicais e presentaron documentación sobre as iniciativas realizadas na Cámara Alta relacionadas coa situación de Alcoa.



“Nos últimos meses, realizamos un seguimento constante da situación e presentamos diversas preguntas por escrito. A través das respostas oficiais do Goberno de Sánchez, podemos coñecer a súa postura sobre puntos fundamentais para a continuidade da planta”, indicaron os senadores. Tamén criticaron o atraso na aprobación dun novo estatuto electointensivo e na autorización dos parques eólicos vinculados a Alcoa.

PACTO. “Cando convocará a reunión da mesa de seguimento do pacto de Alcoa?”, demandan os senadores do PP lucense ao Goberno de Pedro Sánchez. Dirixense ao presidente do Goberno para que aclare por escrito toda vez que suspendeu, de forma unilateral, a reunión que estaba prevista o luns 9 de decembro e na que, entre outros asuntos, se debiera analizar a nova situación tralo preacordo con Ignis como socio inversor. Os populares preguntan no Senado formalmente ao Executivo sobre os motivos da anulación desa reunión que xa se tería que ter celebrado con

anterioridade. O Goberno de Sánchez comprometérase a convocar unha reunión cada trimestre, pero non se celebra ningunha dende o 12 de xuño. É dicir, dende fai 6 meses e medio. O mariñán José Manuel Balseiro advirte dos “prexuízos” que provoca o desinterese do Goberno de Sánchez polo futuro da actividade e dos empregos que xera a única fábrica de produción de aluminio primario que opera en España.

Así mesmo, tras confirmar o Executivo nunha resposta a outra pregunta do senador do PP lucense formulada anteriormente que non estaba previsto que participaran os ministros -a previsión era que estivese presidida pola Secretaría de Estado de Industria-; esixen ao Goberno de Sánchez que aclare se na próxima reunión participarán os actuais titulares dos ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, “tal e como demanda o comité de empresa”.

Balseiro lembrou que “o presidente da Xunta manifestou a súa vontade de asistir para garantir que a reunión

sexa do máximo nivel e forzar a asistencia tamén, como mínimo dos respectivos Ministros”.

Os senadores puideron coñecer recentemente a situación dos traballadores nunha reunión cos representantes do comité de empresa na que participaron a alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés, e o alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro. Os representantes do PP no Senado tamén lles trasladaron as respostas do Goberno de Sánchez as distintas preguntas coas que fixeron seguimento da situación da planta ao longo do 2024 para que “o comité de empresa coñeza a postura do Goberno de Sánchez en relación a Alcoa”.

Os populares reivindicaron “a continuidade da actividade na planta da Mariña e o mantemento dos postos de traballo directos e indirectos”.

Nesta liña, o Partido Popular denunciou que o Goberno central non incrementou as compensacións por CO2 ao límite permitido pola Unión Europea, a pesar de anunciar unha subida insuficiente. Ademais, lamentaron que o Executivo non planea intervir Alcoa de forma temporal e instrumental no caso de que as medidas de apoio non garantan a viabilidade da planta.

Os representantes populares expresaron o seu respaldo ás demandas dos traballadores e instaron o Goberno central a convocar a mesa de seguimento do acordo. Subliñaron que o presidente da Xunta está disposto a asistir para garantir unha reunión de “máximo nivel” e promover a participación dos ministros implicados.

EN BREVE



QUEIXO E MEL. A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, fixo entrega de premios da XXVII Cata dos Queixos e da XXIII Cata dos Meles de Galicia, que tivo lugar en Santiago de Compostela e que organiza a Xunta en colaboración cos consellos reguladores. Nesta edición, a provincia de Lugo tivo unha gran representación nas dúas catas con premios na de queixos para empresas de Vilalba, Castro de Rei, O Páramo e Chantada. Na categoría de meles destacaron as do Valadouro, Alfoz, O Corgo e Outeiro de Rei.

Estudantes de Foz, Xove e Viveiro foron premiados no Certame de Begonte

O xurado do XLIX Certame de Debuxo infantil sobre o Nadal, deu a coñecer o seu veredicto. Por unanimidade, seleccionaron os traballos máis destacados entre os presentados nas diferentes categorías.

Na A, dirixida a alumnado de ata 3º curso de Educación Primaria, o xurado destacou a creatividade de Jara García Fernández, do CEIP Foz nº 1 e Sofía Abuín Gómez, do CEIP Virxe do Corpiño de Begonte, que obtiveron os primeiros premios. Pola súa banda, Mía Marques Silva, Abril Niñe González e Naila Abreu Méndez recibiron os segundos pre-

mios polos seus traballos, representando aos centros CEIP O Cantel de Foz, CEIP Foz nº 1 e CEIP Virxe do Corpiño de Begonte, respectivamente.

Na categoría B, para alumnado de 4º a 6º de Primaria, Iria Parga Piñeiro, do CEIP Virxe do Corpiño, e Antía Riveira Barcia, do CEIP O Cantel, destacaron coas súas creacións e foron recoñecidas cos primeiros premios. Ademais, Noa Hernando Arroyo, Laura Longarela Arias e Cristian Prieto Gómez recibiron os segundos por representar con gran sensibilidade os valores do Nadal

nos seus debuxos. Presentaron os seus traballos desde os centros de Begonte, O Cantel de Foz e o CEIP Antía Cal de Muras.

Finalmente, na categoría C, destinada a estudantes de 1º a 4º da ESO, os primeiros premios recaeron en Marcos Cabada Dopico e Sara López Eijo, ambos do IES Vilar Ponte de Viveiro. O xurado tamén quixo recoñecer o talento de Nadia Novío Campo, Andrea Montero Moreira e Jayden Maragoto Diéguez, premiándoos en segunda posición polos seus traballos presentados desde os institutos de Xove e Viveiro.

“Fixemos a reubicación dos postos de traballo no GES de Cervo”

Dolores García Caramés sinala que non entende o silencio da administración

Por Amanda Fernández

“Non tivemos noticias por parte da Deputación, pedímoslle unha solución, xa que é a administración que ten a competencia en Emerxencias e extinción de incendios en concellos de menos de 20.000 habitantes”, recoñece a alcaldesa do Concello de Cervo, Dolores García Caramés, sobre a situación do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES).

Informa a rexedora que, tras rematar o convenio que regula este servizo a súa vixencia o día 31 de decembro, dende o Concello realizáronse a reubicación dos postos de traballo: “Modificamos as condicións de traballo para que pasaran a ser peóns de servizos múltiples e non quedarán nun limbo uns e sen traballo outros”. De igual forma fai fincapé en que o 2 de xaneiro a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) remitiulle o convenio redactado, que non cambiara “ningunha coma nin nada” en comparación ao borrador que lles mandaran o 13 de decembro. Ante isto, manifesta: “A Cervo correspondíanlle 12 efectivos, con isto nos é imposible cumprir co conveniado. Cando firmas un convenio é para atender as emerxencias, pois aí así non poderíamos cumprir nin coas emerxencias nin tampouco coa saúde laboral. Intentamos ter máis efectivos e facer procedementos de traballo correspondentes ao convenio que firmabamos como GES, pero é que nós é imposible se non temos máis efectivos”.

García Caramés traslada o sentir da veciñanza ao respecto: “Entenden que somos un concello de menos de 20.000 habitantes, concretamente 4.200, que está asumindo un servizo que é supramunicipal, de



varios concellos e que a administración competente non dá solucións. Apenados estamos todos porque quixésemos ter este servizo, pero non se pode dar á veciñanza unha falsa seguridade de que estamos aí. Non podemos saír a un incendio porque non temos suficientes efectivos, nin telos para coller velutinas ou rozar montes, non é iso o que pon o convenio nin o obxectivo de ter un GES”.

Insiste en que emitiu un comunicado para coñecer como quedarían as emerxencias ou que solución lles dan. O Concello de Cervo, segundo

“Tampouco van estar as emerxencias cubertas polos parques de bombeiros, que tamén estarán cerrados día si e outro día non”

afirma a rexedora, está aberto a todo e non entende o silencio “nin parte da administración competente nin ao silencio ás alegacións que fixemos ao borrador por parte da FEGAMP”. A situación tradúcese en preocupación ante a perda deste servizo fronte as emerxencias, destaca, non só de Cervo, senón dos outros concellos da Mariña afectados, Alfoz, Foz, Burela, Xove e O Valadouro.

“Tampouco van estar as emerxencias, durante o 2025, cubertas polos parques de bombeiros, que tamén estarán cerrados día si e outro día non porque non teñen os efectivos suficientes”, lamenta García Caramés, que recoñece sobre o convenio do GES, que os tempos eran moi axustados: “Hai un convenio que tes que firmar o día 31 para que ese servizo siga, é así. Si se pedía esa celeridade é por iso e porque os traballadores estaban suxeitos a ese convenio, non hai outro documento que digan que son GES. Aínda así eu creo que as emerxencias dos concellos son importantes como para entender cal era a celeridade e atender á demanda”.

Os Bombeiros da provincia xa contan con convenio colectivo e relación de postos de traballo

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu este xoves o Pleno desta entidade no que se aprobou o novo convenio colectivo e a relación de postos de traballo (RPT).

José Tomé Roca destacou a importancia destes acordos para reforzar a calidade do servizo e para recoñecer o labor que desenvolven os bombeiros na protección das persoas e dos seus bens fronte a incendios e outras emerxencias. O convenio será agora remitido a Au-

toridade Laboral e a RPT publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para someter a exposición pública.

Recóllense medidas como a incorporación de 26 efectivos, aumento salarial, redución de 1642 horas, recoñecemento como persoal laboral fixo desde a data de subrogación 01/05/2019, melloras no equipamento e roupa de traballo, redúcese a mobilidade entre parques comarcais do persoal, axudas sociais ou a disposición de días de asuntos propios, entre outras melloras.

José Manuel Balseiro mostra a súa preocupación pola N-642

O senador do Partido Popular José Manuel Balseiro amosa a súa preocupación pola situación das variantes de Burela e Foz, especialmente esta última, que presenta grandes treitos co asfalto deteriorado. Os senadores formularan unha nova pregunta nas Cortes Xerais que busca coñecer se o Ministerio ten previsto algunha reparación ou actuación de mantemento urxente das variantes e, de ser o caso, en que consistirán estes traballos e que prazos manexan para a súa execución.

Segundo explica José Manuel Balseiro esta non é a primeira vez que se interesan polo mal estado da estrada nacional N-642. No pasado as denuncias dos populares levaron ao Ministerio a actuar e facer reparacións puntuais, como a realizada no alto de Mañente, “que en todo caso son parches, solucións parciais, can-

do o que se precisa é un arranxo integral da estrada”. Con todo, espera que esta nova pregunta leve ao Ministerio a reaccionar e así extremar as labores de conservación e mantemento, como mínimo nestas dúas variantes.

Balseiro amósase sorprendido porque os alcaldes destas localidades non lideren esta demanda ante o Ministerio ante a evidencia de que moitos treitos das variantes presentan desgaste no asfalto que, incluso, está por zonas agretado. O mal estado da estrada é unha realidade que constatan a diario dúas de condutores obrigados á facer uso deste percorrido que une os municipios costeiros da Mariña, entre Barreiros e Cervo, sen posibilidade de itinerario alternativo dada a parálise na que o Goberno Sánchez mantén a autovía A-74.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO





¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

Entréganse os diplomas do obradoiro de emprego Terras do Ouro



As persoas participantes no obradoiro de emprego Terras do Ouro 2023 reciben os seus diplomas. Unha iniciativa, que se levou a cabo durante o último ano nos concellos de Foz, Alfoz e O Valadouro. Participou na entrega o delegado territorial da Xunta, Javier Arias.

Arias sinalou que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destinou 535.500 euros ao financiamento desta iniciativa, promovida polos tres concellos. No programa participaron 20 persoas alumnas-traballadoras, que recibiron formación teórica e práctica en xardinería e conservación e mellora de montes.

“Os obradoiros melloran as competencias do alumnado en especialidades con boa saída laboral ao tempo que prestan un servizo público nos municipios que os acollen”, destacou o delegado territorial.

En relación aos traballos desenvolvidos, en Foz acondicionáronse as contornas do Pico do Castro, onde se creará un parque canino e unha zona de lecer, así como a área recreativa de Fazouro, o centro social A Saira en Nois e a antiga escola unitaria de Fazouro, entre outros espazos.

No caso de Alfoz, as actuacións centráronse na mellora das zonas das antigas escolas de Reirado, Bacoí, Carballido, Adelán, Pinguela, Oiras, O Pereiro e Chao.

Pola súa banda, no Valadouro, os traballos incluíron o acondicionamento dos xardíns do cemiterio municipal e a preparación dunha parcela anexa para convertela nunha nova zona verde. Tamén se realizaron melloras en espazos como os parques de Feira Nova e Concepción Arenal, no exterior da piscina municipal e na praza de Santa María, entre outros lugares.

Once concellos terán máis servizos de roza de maleza para as estradas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo licitará o contrato dos servizos de roza de maleza nas estradas provinciais de 11 concellos da provincia por importe de 218.129,34 euros para a anualidade do 2025, con opción dunha prórroga por un ano máis.

Concretamente, este contrato afecta aos lotes 2, 6 e 22 que corresponden cos municipios de Burela, Cervo, Foz, O Valadouro e Alfoz; A Pontenova, Riotorto e A Pastoriza; e Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil, respectivamente.

No que ten que ver cos contratos, aprobouse tamén a adjudicación da subministración dos equipos

de impresión, copia e escaneo da institución provincial.

Resultou adjudicatario a empresa Solitium SL por un prezo de 446.925,6 euros por un período de dous anos, coa posibilidade de prórroga anual ata un máximo de dous anos adicionais.

Tamén quedou adjudicada a contratación dos servizos de comunicacións da rede interadministrativa provincial da Deputación e que inclúen telefonía, datos e acceso a internet por 1.128.828,36 euros. A adjudicatario é Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España SAU e a duración do contrato será de dous anos, prorrogables por outros dous ata un máximo de catro anos.

Realizarán obras nos colexios de Foz, Mondoñedo e Ribadeo

Os centros educativos de Foz, Mondoñedo e Ribadeo recibirán 675.000 euros para obras da Xunta de Galicia. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP licita estas actuacións, enmarcadas no Plan de nova arquitectura pedagóxica, que inicia agora unha segunda fase coa que eleva o seu orzamento a preto de 500 millóns de euros.

No Colexio CEIP Fondo Nois, de Foz, investiranse 86.000 euros na instalación dun ascensor con capacidade para oito persoas. Tamén se construíra unha rampla de acceso neste bloque principal substituíndo á existente para completar a mellora da accesibilidade do centro.

No caso do Colexio CEIP Plurilingüe Álvaro Cunqueiro Mora, en Mondoñedo, o orzamento ascende a 463.000 euros. O programa inclúe o cambio de cuberta do edificio principal por unha nova cunha estrutura portante lixeira de madeira e revestimento de lámina impermeabilizante transpirable e lousa. Tamén se substituirán os canos e as baixantes.

Tamén se mudará a cuberta do taller de automoción Centro Integrado de FP Porta da Auga, de Ribadeo, cun orzamento de 125.000 euros. Colocarase unha nova de panel sándwich de aceiro galvanizado con recheo intermedio de espuma de poliuretano. Substituirase, ademais, o canlón pechado existente por un de similares características e instalaranse lucernarios na zona de taller. A maiores, reformarase a actual vivenda do conserxe, co obxecto de crear novas dependencias dedicadas a despacho, departamentos ou seminarios.

MODELO PIONEIRO. Estas actuacións están xa contempladas nos Orzamentos de 2025 da Consellería de Educación, Ciencia, universidades e FP e enmárcanse no Plan de nova arquitectura pedagóxica, cuxo orzamento total o Goberno galego vén de elevar a preto de 500 millóns de euros. O investimento inicial para o período 2025-28, aprobado hoxe no Consello da Xunta, é de máis de 267 millóns de euros, que se suman aos

230 millóns de euros executados entre 2021 e 2024 con intervencións en practicamente todos os centros.

Isto inclúe tanto a construción e a ampliación de centros, como rehabilitacións integrais, cambios de cuberta, actuacións de enerxías renovables e numerosas obras de mediana e pequena envergadura como instalación de ascensores ou renovación de aseos, entre outros.

A segunda fase do plan consolida un investimento sen precedentes nun dos parques inmobiliarios máis grandes da Xunta de Galicia, o dos centros educativos, integrado por arredor de 1.600 edificios. Ao mesmo tempo avánzase cara a un novo modelo de centros de ensino, pioneiro, con instalacións adaptadas ás necesidades do ensino do século XXI, máis flexibles, versátiles e cunha maior accesibilidade. Apóstase tamén por colexios e institutos máis respectuosos co medio ambiente desde o punto de vista do consumo enerxéticos e da súa integración na contorna.



O Consello Alimentario do Eo reúnese para impulsar a produción local

Tivo lugar a reunión do Consello Alimentario do Eo, na que a área provincial está integrada xunto a producións agroalimentarias, centros educativos, entidades relacionadas co desenvolvemento rural e gobernos locais da Mariña oriental -Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova - e do Occidente asturiano e que ten como obxectivo o impulso de accións coordinadas no ámbito da produción e do consumo alimentario. Participou no acto o deputado de Rural, Mar e Mocidade Daniel García.

Na reunión, que se celebrou nas Escolas de San Cosme de Barreiros, o responsable provincial subliñou “o compromiso da área de Rural coas iniciativas que pulen por un sistema alimentario sustentable para o ter-

ritorio e digno para as producións locais” e incidiu na importancia de afianzar este modelo para “recuperar superficie agraria” e “camiñar cara unha soberanía alimentaria”, que reduza a dependencia de materias primas do exterior e facilite o acceso da poboación a alimentos frescos, locais e de tempada.

Nese marco, dende a área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, expresan que veñen colaborando estreitamente coas iniciativas desenvolvidas desde Eo Alimenta nos últimos anos como o Festival Eo de Alimentación Saudable, e impulsou a creación da recentemente constituída Asociación de Produtoras Eo Alimenta, enfocada na planificación e distribución conxunta de alimentos do territorio.

Conceden as axudas a escolas municipais de música

A Xunta vén de publicar no DOG a resolución pola que se conceden as axudas dirixidas a escolas de música públicas e privadas dependentes de concellos e de institucións sen ánimo de lucro. En total a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP destina 265.000 euros a estas subvencións, das que este ano se benefician 78 escolas de 67 concellos de toda a xeografía galega, nas que estudan case 12.200 alumnos.

A convocatoria establece dúas categorías, unha para escolas de música públicas dependentes dos concellos e outra para as que dependan de institucións sen ánimo de lucro. En ambos os casos, os centros debían estar incluídos no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este tipo de escolas funcionan como canteira para a formación de afeccionados e nas súas instalacións prepárase ao alumnado para as probas de acceso á titulacións de Música.

Na primeira categoría, escolas municipais, concédense axudas por un importe total de 100.000 euros a 42 escolas. Entre elas están as luguesas de Begonte, Guitiriz, Lugo, Meira, Mondoñedo, A Pobra de Brollón, A Pontenova, Ribadeo e Sober.

Na segunda categoría, escolas dependentes de entidades sen ánimo de lucro, outórganse axudas por importe de 165.000 euros a 36 escolas. Entre elas está a de Chantada.

“Unha de cada catro persoas pode ter problemas de saúde mental na súa vida”

María José Novoa é a directora da asociación Saúde Mental A Mariña

Por Amanda Fernández

Cando e con que obxectivo se creou a Asociación Saúde Mental A Mariña?

Foi creada no ano 1999 a estancias de cinco familias afectadas pola problemática da enfermidade mental crónica. Ante a escaseza de recursos nesta zona de Mariña, uniron os seus esforzos para loitar por un obxectivo común, conseguir axudas, tanto para eles como para os seus fillos, buscando a integración dos mesmos na comunidade.

A quen está dirixida?

Primordialmente ás persoas que teñen trastorno mental severo e as súas familias. Actualmente temos sete centros en funcionamento neste momento, tres centros de rehabilitación psicosocial e laboral, un en Burela, un en Ribadeo e outro en Viveiro; un piso protexido, unha vivenda tutelada para mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental, que é a única que hai na nosa comunidade, galega; e dúas residencias para persoas con trastorno mental severo, ambas situadas en Cervo. A última aberta en febreiro deste ano 2024 e inaugurada hai pouco, en outubro, coincidindo co mes da saúde mental.

Cales son os valores sobre os que se asenta?

Os nosos valores son os de profesionalidade, transparencia, traballo en equipo, eficacia, afecto, comprensión, implicación e seguridade. Son moi importantes para nós.

Que servizos ou actividades principais ofrece a asociación?

O que facemos é atender aos nosos usuarios en 5 áreas distintas: na área psicolóxica, social, prelaboral, realizadora e na área residencial.

Que programas destacaría como os máis necesarios para os usuarios?

Partimos de que a enfermidade mental crónica sen un tratamento correcto é devastadora, afecta a cada aspecto da vida de cada paciente, causando deterioro persoal, social, familiar, laboral... Entón o máis



importante é, xunto co tratamento médico farmacolóxico, promover unha atención integral do paciente, no que inclúan intervencións psicosociais dirixidas a previr a aparición doutras discapacidades ou a incidir mediante técnicas rehabilitadoras sobre os déficits psicosociais derivados da enfermidade. Por iso non podería dicir que programa é máis importante ca outro, creo que todos os que temos en marcha son moi necesarios para o colectivo co que

“Temos moito apoio para poder manter o noso labor”

traballamos.

Levamos a cabo programas como poden ser habilidades sociais que permiten unha maior integración na comunidade; adestramento tamén en habilidades da vida diaria, que posibilitan unha maior autonomía funcional; psicoeducación do usuario acerca da súa enfermidade ou discapacidade; habilidades e recursos que eviten as recaídas propias da enfermidade. Aquí teño que destacar que soemos ao ano roldar o 98 % de estabilidade clínica sen ingresos en agudos e atención psicoló-

xica loxicamente social e prelaboral, tamén moi importante o programa de ocio e tempo de lecer, unha maneira de integrarse na comunidade. Logo, a maiores, temos moitos programas de visibilización e sensibilización como ir aos colexios, programas de teatro, de prevención do acoso escolar, pola igualdade, para previr agresividade na mocidade... Tamén dende hai un par de anos programas de prevención do suicidio, son moi importantes.

Como axuda a asociación a mellorar a calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental?

Creo que axuda poñendo ás persoas sempre no centro de todas as atencións, empregamos para iso un modelo de calidade de vida, de Schalock e Verdugo, das oito dimensións básicas onde cada ano a finais de ano se lles pregunta sobre cales son as súas necesidades, expectativas, se están cumpridas ou non, cal é a súa satisfacción co persoal, cos recursos que emprega, sempre para estar no camiño da mellora continua.

Iso, xunto coa integración na comunidade, así como participar en todas as actividades culturais, de sensibilización que haxa na comunidade, axudan a mellorar a súa calidade de vida e intentamos que nas residencias os fogares sexan normalizados, nada que ver cos antigos psiquiátricos. Polo que cremos que formamos

parte da memoria histórica con estes lugares onde a persoa está no centro de atención e onde se lle mima e se lle ten en conta desde que entran pola porta.

Como é a colaboración con entidades ou administracións locais?

Teño que destacar que ao longo do ano hai moitísimas entidades que colaboran con nós, de feito, todos os centros están concertados co Sergas, á excepción da vivenda de mulleres, que funciona a través dun convenio con Política Social e Igualdade. Despois, axúdannos, a Consellería de Sanidade, Consellería de Política Social e Igualdade, o Plan Galego de Exclusión social, a Deputación de Lugo, Saúde mental FEAFES Galicia; o Concello de Burela, de Ribadeo, de Cervo, de Xove... Tamén as convocatorias do IRPF, os programas de cooperación da Xunta de Galicia, o Galp A Mariña Ortegá,... así como outras fundacións, temos moito apoio para poder manter o noso labor.

Que cifras se manexan en canto a incidencia de problemas relacionados coa saúde mental da Mariña?

Unha de cada catro persoas pode padecer problemas de saúde mental ao longo da súa vida, iso é altísimo, non podemos mirar cara a outro lado senón que temos que lanzar a premisa da importancia de coidar a saúde mental, en xeral na comunidade.

Que estereotipos arredor das persoas con algunha enfermidade mental cre que imperan na sociedade?

A forma de combatelos está en nós, na sociedade en xeral, combatelos a través da educación, da sensibilización, non hai outra fórmula. É importante saber que a enfermidade mental é como calquera outra enfermidade, non se lle di a calquera persoa que ten gripe e vai pola rúa que é un griposo. Hai comentarios que se lle din a unha persoa que ten problemas de saúde mental sen darllos conta e podemos ser calquera de nós calquera día.

Cales son os maiores retos que afronta hoxe a asociación?

Afronta estabilizar o funcionamento da nova residencia que se abriu en febreiro deste 2024, e gustaríanos abrir de cara ao novo ano próximo un novo centro de rehabilitación psicosocial laboral en Cervo.

Como pode colaborar a sociedade coa Asociación Saúde Mental A Mariña?

Pode colaborar de distinto xeito, facéndose socio que serían 30 euros ao ano, tamén doazóns e temos un programa de voluntariado que é idóneo e estamos encantados porque nos axudan moitísimo a mellorar a calidade de vida dos nosos usuarios, a nosa razón de ser.

“É importante saber que a enfermidade mental é como calquera outra enfermidade”

Que mensaxe lanzarían á sociedade e ás persoas usuarias da asociación?

Diríalles que son persoas únicas, loitadoras, que un pé atrás só para coller impulso e que son moi valientes, dende que se erguen ata que se deitan. Están loitando contra moitos obstáculos durante todo o día, obstáculos que se poñen na sociedade, na comunidade e efectos secundarios de medicacións, a veces moi potentes, e aínda así continúan e continúan. Que sigan loitando polos seus soños e que aquí estarei para apoialos sempre.

Quando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](https://www.edpenergia.es)

edp

EN BREVE

RUTA. Os Sendeiros de Foz organizan unha nova andaina pola Ruta da auga de Guitiriz, o vindeiro domingo 19 de xaneiro de 2025. A saída será ás 8.00 horas desde o Cenor Belianorte de Foz e desde ás 8.15 horas de Ferreira. O prezo para socios federados é de 40 euros, non federados 45, e socios temporais 50 euros. O prezo inclúe o xantar. Para participar é obrigatorio anotarse antes do mércores 15 de xaneiro chamando aos teléfonos 606 718 482 ou 670 369 017, ou a través do correo electrónico ossendeiros@yahoo.es. Desde os Sendeiros de Foz recomentan levar equipo de sendeirismo maíla que é unha ruta sinxela.



COMERCIO LOCAL. As gañadoras da campaña Merca en Nadal, Merca en Local viviron unha xornada de compras na localidade focense. Estiveron acompañadas do deputado de Recursos Sostibles e alcalde de Foz, Francisco Cajoto. Na xornada participou Ángeles Agrelo, premiada con 500 euros; Tamara Suárez, que gañou os 1.000 euros e Beatriz Lestegás, que conseguiu os 3.000 euros no sorteo público que se celebrou en Foz. A campaña, financiada pola institución provincial con 50.000, rematará este venres en Lugo.



AGASALLOS. Foz acolleu a festa da campaña 'Regala en Nadal, Merca en Local', na que participou o deputado de Recursos Sostibles e alcalde de Foz, Francisco Cajoto Caserío. A iniciativa, impulsada de forma conxunta pola institución provincial e a Federación Galega de Comercio, busca fomentar o consumo responsable e impulsar a economía local durante unha das tempadas festivas máis importante en vendas do ano. A Praza Conde Fontao acolleu actividades de animación, actuacións infantís, música, chocolatada e sorteos en directo de tres tarxetas prepaço: unha de 500 euros, outra de 1.000 euros e unha última de 3.000 euros.



CENTENARIA. Coñecida como dona Maruja, María Esther López-Leitón Otero é veciña de Foz e centenaria. O alcalde, Fran Cajoto e a concelleira de Servizos Sociais, Ana Rojo, visitaron a casa da que foi directora da primeira gardería focera durante 38 anos.

O Concello aposta por poñer en valor as súas fontes e mananciais

O Concello de Foz presenta o proxecto turístico-ambiental denominado 'Fontes e Mananciais de Foz', cuxo propósito é poñer en valor as fontes e mananciais do municipio. Esta iniciativa foi seleccionada para recibir fondos enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea a través dos fondos Next Generation EU e canalizada a través da Xunta de Galicia. O Concello puxo ao día un inventario detallado de fontes e mananciais de hai dúas décadas que serviu como base para a creación dunha web municipal, que xeolocaliza as fontes e mananciais de todo o municipio.

"Con este precioso proxecto damos un importante paso para a conservación e promoción do noso patrimonio natural, que forma parte da identidade cultural e paisaxística da nosa vila de Foz", explicou o concelleiro Carlos García, que engadiu: "A iniciativa, prologada polo cronista oficial, é un espazo vivo que aposta por poñer en valor estes enclaves, potenciar un maior coidado e respecto, así como a súa integración en rutas turísticas. Ademais o proxecto contempla o desenvolvemento dunha páxina web que ofrecerá



información sobre as fontes e mananciais, así como a posibilidade de seguir as rutas a través dunha aplicación móbil con sistema de xeoposicionamento".

O alcalde, Fran Cajoto, destacou que "este é un exemplo de como podemos utilizar a tecnoloxía non só para preservar o noso patrimonio, senón tamén para facelo máis accesible e atractivo para o turismo sostible. O obxectivo final deste proxecto é poñer en valor os recursos naturais do municipio e ofrecer á comunidade local e aos visitantes unha experiencia que combina o respecto polo medio

ambiente co goce do noso patrimonio".

O Concello de Foz "segue unha liña política moi marcada con apostas vangardistas como a primeira concellería delegada en ODS, que vén traballando por implementar unha concienciación ambiental con proxectos como 'FozHorizonte2030', galardoado polo Observatorio Nacional de ODS da UNED, ou o laboratorio de desenvolvemento sostible FOZLAB30, impulsor de proxectos en marcha como 'Comercio que Deixa Pegada, Fontes de Foz' e outros que están en preparación".

Acia Foz anunciou os gañadores do concurso de escaparates de Nadal

AciaFozCCA sorteou os 10 vales de compra por importe de 100 euros cada un. Así fixo realidade os dez desexos de Nadal cos seguintes números afortunados e os locais nos que foron entregados: 3419 - Koquetas Moda; 47084 - Decoraciones Pura; 41854 - Lencería Esther; 29393 - Dermoterapia centro estética; 6033 - Ferretería Fuente; 32846 - Vas's Outlet; 27326 - Cenor Belianorte; 34051 - Koquetas Moda; 1914 - Pastelería Xoyma; e 14590 - Ofifoz. As persoas afortunadas poden poñerse en contacto con AciaFozCCA para reclamar os seus premios chamando ao 982 132 751.

Tamén AciaFozCCA deu a coñecer os nomes dos establecementos gañadores do concurso de escaparates de Nadal, que organizou un ano máis. O 1º premio foi para



Electricidad Núñez, o 2º para Hedra e o 3º para Chuvia. O premio ao mellor decorado de interior é para Pastelería Anduriña e a mellor fachada para Lencería Esther. Desde AciaFozCCA felicitan aos gañadores "pola súa implicación para encher de luz, de maxia e de color as rúas de Foz durante o Nadal".

O Partido Popular pide cambiar de sitio a carpa do Entroido

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Foz, Javier Castiñeira, solicita a Cajoto un cambio da situación da carpa do Entroido para evitar os problemas de seguridade do ano pasado. O PP traslada esta cuestión, sinala, despois de escoitar a preocupación de moitos veciños e considera que "sería negligente manter o emprazamento da instalación nunha zona húmida insegura e nunha rúa tan estreita que limita a circulación fluída das persoas".

"Despois dos graves episodios de embotellamento provocados pola mala elección da parcela e o mal deseño do recinto, veciños e membros das comparsas recórdannos os apuros e as crises de ansiedade que tiveron que vivir o ano pasado e que, grazas a actuación da Garda Civil, non chegou a máis e non queren que se volva repetir. Por todo iso, presentamos un rogo para que se creara unha comisión de seguemento do Entroido".



Xa foron entregados os premios aos participantes no concurso de postais

O Concello de Foz entrega os premios aos participantes no concurso de postais de Nadal que convoca todos os anos a Biblioteca Municipal Salgado Toimil. Nesta edición a gañadora foi unha postal presentada na categoría de Primaria A, de María Lorenzo Fernández, que representa o Nadal de Foz nun lugar emblemático para o pobo, como é o mural de Rente ao mar ese camiño. Esta postal forma parte da felicitación do Nadal do Concello.

Os gañadores por categorías foron: na categoría Infantil, Lucía López Rodríguez (4 anos do Colexio do Pilar), Ana Rodríguez Vale (5 anos do Colexio do Pilar) e Daniel Castelo Cuadrado (5 anos do Colexio do Pilar); na categoría Primaria A, María Lorenzo Fernández (8 anos do Colexio do Cantel), Raquel Pichín Fernández (8 anos do Colexio do Pilar) e Marina de Paz Fernández (7 anos do CEIP Nº1); na categoría Primaria B, África Fernández Vidal (11 anos do Colexio do Pilar), Sara Longarela Riveira (10 anos do Colexio do Pilar) e Favour Mohamed Aifuwa (11 anos do Colexio do Pilar).

“Agradecemos a boa participación dos centros e a implicación dos nenos que cada ano debuxan cousas máis orixinais”, explica a concelleira de Cultura, Inés López Couto, que engade: “esperamos que sigan participando e acudindo á Biblioteca en busca de novas inspiracións para os seus debuxos”. Este ano, ademais da Técnico da Biblioteca, Marta Carrera, e a concelleira de Cultura, colaborou na organización deste concurso a edil de Muller e Igualdade, Elena Martínez Pena.

O alcalde, Fran Cajoto, entregou os premios ao finalizar a función de Paco Nogueiras na Casa da Cultura.

Rompe o acordo de goberno entre o BNG e o PSOE, vixente desde 2023

Produciuse unha ruptura no goberno bipartito do Concello de Foz. O BNG, que ata ese momento compartía o bastón de mando co PSOE, comunicou a súa decisión de abandonar a súa participación no goberno municipal, rompendo así o pacto de coalición acadado co PSOE tras as eleccións municipais de 2023.

Segundo o alcalde de Foz, Fran Cajoto, “esta foi una noticia que nos pillou por sorpresa”. “De feito o venres día 10 estiven con Fanego do BNG falando sobre o Plan Deputación e a documentación que había que presentar e en ningún momento dixo nada de isto”, sinala o rexedor focego.

Xa dende setembro existía unha inestabilidade política no municipio pola decisión do BNG de votar en contra e impedir a adjudicación da xestión da residencia de maiores, opoñéndose ao incremento das tarifas proposto polos socialistas.

“Pasounos algo similar cando mudaron 180º de opinión no tema da residencia e votaron en contra

no último paso da mesa de adjudicación. Enterámonos no propio Pleno”, indica con sorpresa o alcalde.

“Levamos vendo varios incumprimentos do pacto de Goberno do BNG especialmente nos últimos tempos, démoslles a oportunidade de levar a diante o modelo de xestión que solicitaban da residencia coas mesmas prerrogativas que teñen todas as delegacións de Goberno. Démoslles a oportunidade de xestionar e o que fixeron finalmente foi abandonar a xestión, abandonar o barco. Non sabemos se é porque analizaron o expediente e viron que o que propoñían non era viable ou que decidiron pasar á oposición por outros motivos”, di Fran Cajoto.

Pero “isto non incumpe a nosa promesa cos veciños de Foz”, sinala Cajoto, “nos vamos a seguir gobernando por e para Foz, o importante son os veciños”.

Así, as concellerías do BNG, que eran 4, agora deberán ser asumidas polo PSOE. “Primeiro teñen

que facer efectiva a renuncia e despois distribuiremos as súas concellerías”, engade.

“Non é a primeira vez que que pasa isto cando se dan ou transfíren máis responsabilidades. É o mundo ao revés”, remata dicindo.

BNG. O Bloque Nacionalista Galego explica que “esta decisión responde a un cúmulo de circunstancias que fan insostible continuar no executivo local, sempre dende o compromiso coa responsabilidade e co benestar das veciñas e veciños. O BNG xustifica a súa decisión asegurando que as diferenzas programáticas e a falta de entendemento no desenvolvemento de políticas prioritarias fan imposible manter o acordo. A situación podería complicar a gobernabilidade no concello, obrigando a buscar novos consensos para sacar adiante proxectos e iniciativas.

PARTIDO POPULAR. Javier Castiñeira, portavoz do PP de Foz, reaccionou ante isto: “Sen nin-

gún tipo de sorpresa porque xa levamos tempo dicindo que non hai un goberno sólido, non hai un traballo en equipo, non hai relación ningunha e que loxicamente isto ía a peor. Era unha cousa que ía pasar nun momento ou noutro”.

Engade que este movemento “xa non é só desta lexislatura, xa que na pasada tampouco se funcionou como equipo”. Lembra que a “Cajoto xa lle dimitiron varios compañeiros do seu equipo de goberno na anterior lexislatura, en concreto, tres concelleiros”.

Castiñeira considera que o BNG “aguantou demasiado e foi moi sumiso, ata que xa non aguantou”. Esta situación, considera que é perxudicial para Foz ao significar “unha parálise evidente” e que “lamentablemente difícilmente se vai a correxir”. Expón para finalizar: “Se non o facían con 10 concelleiros, imaxínade con seis, en minoría. Lamentablemente a política está lastrando un pobo cun potencial enorme”.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

Cinco músicos viven o seu debut coa Banda Municipal de Música

Foron cinco músicos os que debutaron coa Banda Municipal de Música de Ribadeo no seu tradicional concerto de Nadal titulado 'Aquí como en Viena', que dirixiu Rubén Soloso, nun auditorio municipal Hernán Naval repleto de público.

Os 5 novos compoñentes da Banda ribadense que foron presentados nesta actuación son Ana Pérez, Roque Ballester e Antón Ballester, ó clarinete; Alba Pillado, ó saxo soprano; e Raúl Fernández, á percusión. En total a formación contou neste concerto con máis de corenta músicos.

A primeira parte empezou coa interpretación dun arranxo de Jacob de Haan do tema *Noite de paz*, de Franz Gruber, nun ambiente íntimo adornado con velas e acabou cos

ritmos latinos de mambo da peza *We wish you a mambo Christmas*, de Erik Morales. Tamén tocaron *White Christmas*, de Irving Berlin con arranxos de Naohiro Iwai; *A fireside Christmas*, arranxada por Sammy Nestico; e *A Merry Christmas*, de Ted Parson.

A segunda parte estivo composta por vales que transportaron ós asistentes ós elegantes salóns vieneses. Interpretaron *Barcarola dos Contos de Hoffman*, de J. Offenbach con arranxos de R. Morena; *Segundo Vals da Suite de jazz nº 2*, de D. Shostakovich e arranxos de A. Waignein; e *A orillas del Danubio azul*, de J. Strauss con arranxos de R. Morena; para rematar coas palmas do público acompañando á tradicional *Marcha Radestzky*.

A Plataforma para a Defensa das Árbores recolle sinaturas

A Plataforma para a Defensa das Árbores da Vila e do Concello de Ribadeo colocou unha mesa informativa para a recollida de sinaturas na esquina da praza de España con Catro Calles.

"No escrito que presentaremos no Concello de Ribadeo transmitírmolle ao Concello o noso rexeitamento polas recentes talas de árbores, tanto no Colexio Público como en outros puntos do Concello que consideramos inustificadas e arbitrarias e o noso temor de que se sigan producindo no sucesivo en outras zonas", din desde a Plataforma. "Dende o noso punto de vista as árbores son absolutamente necesarias

nos espazos urbanos para manter un ambiente saudable e de relación ca natureza ademais das súas funcións amplamente coñecidas de depuración do aire degradado polo tráfico rodado e diversas actividades, ademais de mitigar os efectos do cambio climático e outros condicionantes naturais", engaden desde o colectivo ribadense.

"Pola outra banda o impacto educativo da súa presenza, nunha sociedade atenazada polo uso especulativo do solo non deixa de ser outro motivo de peso para loitar por un urbanismo compatible ca maior proximidade posible ca vida natural", sinalan.

MARQUESIÑA

Foron rehabilitadas marquesiñas e bancos nas parroquias, así como as contornas dos contedores e das sinais. Os traballos comezaron en Arante e seguirán por todas as parroquias. Os traballos consistiron na rehabilitación de toda a marquesiña, tamén o adecentamento da contorna, con base de formigón e rematado en pedra. Así mesmo, se fixo unha rehabilitación de todos os bancos, tamén con base de formigón rematado en pedra.



A Xunta destinará 9 millóns de euros en varios proxectos

O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, reúne co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda. Destaca que Ribadeo está na axenda da Xunta e que a administración galega destinará 9 millóns de euros a varios proxectos importantes.

O primeiro deles: o abastecemento da auga. A xestión foi de 7,5 millóns de euros, a maior inversión da historia de Ribadeo. "Imos cerrar un asunto do que se falaba moito, pero non se poñía o orzamento, onde se analizou sistematicamente que había un problema, pero ninguén lle puxo a solución. Neste ano e sete meses puxémoslle solución ao maior problema que ten Ribadeo. Tiña e ten un problema serio, que se non lle poñemos solución temos o 95% de posibilidades de quedar sen auga. Polo tanto, isto solucionado con 7,5 millóns de euros", afirmou.

Na axenda de asuntos abordados polo presidente da Xunta e polo rexedor de Ribadeo tamén estivo o hospital asilo: "Traballamos en novas liñas de financiamento na residencia hospital asilo. As obras avanzan a moi bo ritmo, vamos certificar en tempo e forma, pero necesitamos



xa falar de solucións, por exemplo no equipamento. Aí estamos traballando, vamos concretar a cifra desde que teñamos un orzamento, entón empezamos xa a traballar na segunda parte de mellora do hospital asilo".

Vega referiuse tamén á rúa Bos Aires: "A que baixa ao porto onde está o auditorio, contamos con 450.000 euros para poñerlle tamén solución e tamén para a nova oficina de turismo que vai ter Turismo de Galicia, así como a nova oficina de turismo de Ribadeo e un punto de información o peregrino, todo xunto na Casa Maseda. Neste caso tamén vamos ter o financiamento da Xunta de Galicia.

Nestes momentos vamos encargar o proxecto e a partires de aí vamos ver a cifra e así solicitar esa axuda á Xunta de Galicia, que xa se comprometeu con esa colaboración".

O alcalde de Ribadeo declarou: "Son preto de nove millóns de euros a xestión que se fixo no día de onte. Creo que esta é a liña que hai que seguir, a colaboración coas distintas administracións, neste caso a Xunta de Galicia, co seu máximo responsable. Quero agradecer a disposición do presidente de colaborar con Ribadeo e todo o que falamos no día de onte é unha cantidade importantísima, 9 millóns de euros para que Ribadeo siga avanzando".

Rematan as obras do centro de día cun investimento de 50.000 euros

En Ribadeo finalizaron as obras no Centro de Día, que supuxeron un investimento de 50.000 euros por parte da Xunta de Galicia. O alcalde, Dani Vega, agradece a contribución da administración galega para a mellora deste Concello.

Vega indicou: "Neste caso o Centro de Día, que estaba nunha situación bastante complexa, facía falta investimento e nós, cando chegamos, xa nos puxemos a traballar. Houbo un primeiro convenio de 16.300 euros, con certas melloras e agora estes 50.000 euros. Que melloras se fixeron? En toda a parte dianteira o que se fixo foi un acondicionamento para que as persoas poidan estar a realizar actividades fóra. Creo que a construción desa beirarrúa con nivel vai ser de moito agrado para as persoas que acoden ao Centro de Día. Tamén queríamos construír esa costa con esa varanda de seguridade. Entón desde o punto de vista da seguridade melloramos, pero tamén desde un punto de vista da accesibilidade". Para o alcalde "é preciso seguir traballando na mellora da accesibilidade dos edificios, tanto en prazas



públicas como en edificios. Estamos a avanzar, pouquiño a pouco. Non Centro de Día, que parece contradictorio, pero era así, era moi complicado que unha persoa con mobilidade reducida entrara con certa tranquilidade, ou xa non digo un vehículo que puidera estar ou acceder con maior facilidade. Creo que a mellora da accesibilidade e da seguridade é importantísimo. Seguir mellorando o edificio, a fachada ou a contorna das xanelas, todo iso que estaba certamente bastante despistado, corrixímolos". Dani Vega engadiu: "Tamén quere-

mos dotar de equipamento ao Centro de Día, 31 cadeiras que se achegaron, e seguir con certas melloras na parte interior do edificio. Todo este investimento seguirá avanzando nese Ribadeo social que queremos. Está moi ben investir, está moi ben conseguir orzamento para arranxar os edificios, pero debemos ser conscientes que debemos conservalos e facerlles o mantemento adecuado. Por tanto, un novo investimento, un novo convenio, que ven por parte da Xunta de Galicia para mellorar nesta caso o Centro de Día".

O Concello ribadense planifica o investimento para o 2025

O Concello de Ribadeo aproba o orzamento para o vindeiro ano, que supera os 13 millóns de euros, e planifica a inversión a realizar no 2025. O alcalde, Dani Vega, contou que “máis aló dos orzamentos, tamén planificamos inversión cunha achega de 950 mil euros. Por que queremos ter esta planificación orzamentaria? Porque en moitas ocasións os convenios son do 100 % da Xunta de Galicia, pero outras veces non é así, e temos que poñer nos unha porcentaxe por parte do Concello”.

O rexedor relatou que “por exemplo, na mellora das rúas que vai ter Ribadeo, que imos solicitar as subvencións a través do Plan Urbe da Xunta de Galicia, a administración galega aporta o 70 e nós temos que aportar o 30. Para ter garantía, para ter esa planificación orzamentaria, para ter seguridade tamén de que o Concello pode aportar, aprobamos partidas concretas para mellora de rúas”.

Menciona as rúas onde a situación está bastante complexa e deben investir. Fala da rúa da Paz, a rúa San Francisco, a rúa Reinante, a rúa Vilalba, Barrio da Torre, Suso Peña, Alza San Lázaro ou tamén a Avenida de Galicia arranxos puntuais que ven que están nunha situación bastante complexa. Para todas estas rúas teñen que ter unha porcentaxe municipal e iso xa o teñen garantido con preto de 300.000 euros que aportará o Concello.

Vega explicou que “se imos decidir tamén investir en Rinlo, preto de 100.000 euros, para poñer porcentaxes porque o restante vai poñelo a Xunta de Galicia. Os Plans Urbe a Xunta subvenciona o 70 e o Concello aporta o 30 %. Isto que nos parece unha responsabilidade económica, que nos dá unha tranquilidade orzamentaria, desde un punto de vista de intervención dos técnicos do Concello, foi o que se nos recomendou e nós, como goberno, evidentemente decidimos tela planificación orzamentaria non só para o 2025, sino tamén para o 2026 e 2027, é dicir ter unha planificación de lexislatura”.

CASA MASEDA. O alcalde dixo que “si queremos adquirir Casa Maseda xa imos ter unha partida municipal de 110.000 euros, e o restante, é dicir a reforma do edificio, a creación da oficina de turismo de Ribadeo e tamén a oficina de turismo de Galicia, evidentemente investirá a Xunta”.

Recoñece que investirán, despois de moitos anos de certo abandono, nas instalacións deportivas, por exemplo no pavillón que está situado na rúa Alfredo Deaño, o Pepe Barrera na entrada, ou nos vestiarios ou o pavillón de Cubelas ou o campo de herba artificial. Di así: “Pois eu podo querer moito neles, pero senón doto de orzamento, pois evidentemente son palabras, pero non feitos. E nós nes-

te caso xa aprobamos unha partida orzamentaria de 400.000 euros para un proxecto total de 800.000. Quen vai aportar o restante? En principio, temos xa a garantía de que a Xunta de Galicia aportará o 50 %, é dicir 400.000 euros para que a mellora nos edificios deportivos sexa unha realidade despois de moito tempo. Esperemos que a Deputación nos aporte porque todos os grupos políticos apoiaron unha moción que presentou o goberno municipal e todos pediámoslle á Deputación que aporte unha porcentaxe. Se aporta a Deputación, o Concello ten que aportar moito menos, é dicir gastaríamos moito menos de orzamento municipal. Así espero que aconteza”. O rexedor seguiu a relatar: “Tamén o auditorio, sabemos todos que o escenario está nunha situación bastante lamentable, decidimos investir 50.000 euros dunha achega municipal, pero imos xestionar un orzamento coa Xunta de Galicia. Necesitamos ter esa tranquilidade de que se vai investir en equipamento municipal, na praza de abastos, é dicir despois de moitos anos, xa vai a ver un orzamento que vai garantir o proxecto da reforma da praza de abastos ou na mellora do alumeadado público. É dicir estamos aprobando uns orzamentos caro ao 25, pero estamos aprobando tamén un orzamento para investir nos próximos anos”.

A comisión de seguimento da Área Rexurbe queda constituída

A comisión de seguimento da Área Rexurbe quedou constituída nun acto ao que asistiron, entre outros, o alcalde, Dani Vega, e o delegado territorial da Xunta, Javier Arias.

O rexedor contou: “Constituíse a comisión de seguimento da Área Rexurbe. Que significa ou que beneficios ten para o Concello de Ribadeo? A partir de agora vai haber unha relación permanente coa Xunta de Galicia. De aí imos sacar cousas de proveito para que o casco vello siga medrando, siga apostando polo dinamismo económico, tamén pola rehabilitación e dende logo necesitamos á Xunta de Galicia para que siga aprobando subvencións, para que todos os veciños poidan ter unha posibilidade de percibir un diñeiro da administración pública e así poder rehabilitar ou tamén crear espazos de emprendemento e tamén axudas para ese emprendemento. É unha comisión de seguimento para anali-



zar toda a Área Rexurbe para seguir apostando pola vivenda pública, pola vivenda para mocidade”.

Vega subliñou que “nos próximos meses xa se sacarán a licitación os proxectos de rehabilitación de varios edificios de titularidade da comunidade autónoma, tamén darlle un uso de vivenda pública ás vivendas que foran doadas polo Bispado”.

O alcalde cre que “todo isto era necesario, apuramos todo o posible

dentro dos pasos da administración que en si, ás veces, certamente é moi lenta, apuramos todo o posible para que se constituíra e a partires de agora traballar conxuntamente e seguir apostando por un casco vello con dinamismo económico, tamén pensando na rehabilitación dentro das normativas que marca o Área de Rexurbe e, desde logo, así entre todos facer que o casco vello de Ribadeo teño moito futuro”.

Unhas 6.450 persoas visitaron a pista de xeo



O rexedor ribadense, Dani Vega, fixo un balance moi positivo das pasadas festas nas que un total de 6.450 persoas pasaron pola pista de xeo, e “que se converteu nun auténtico reclamo entre Santander e A Coruña”. O rexedor declarou “que comezamos analizando as panchas, esas máis de 240.000 panchas que se venderon. Iso acredita que sigue incrementándose a nosa moeda local, segue chegando a moitos fogares esta axuda que nós creemos que é

importante”.

Dani Vega referiuse á grande acollida que tivo a pista de xeo este ano, “dado que tiñamos moitas actividades, dato tamén significativo polo incremento e tamén positivo. Se este ano tiñamos a pista de xeo, a ela acudiron 6.450 persoas. Ese é un dato moi importante. No 2023 acudiron 5.040. Creo que a pista de xeo é un efecto chamada a moitas persoas que desde Santander á Coruña viñeron a Ribadeo.

O BNG considera que os orzamentos son “irreais”

O BNG afirma que os orzamentos presentados polo goberno municipal destacan pola súa falta de realismo e unha elevada previsión de ingresos pouco axustada á realidade. O concelleiro responsable de Facenda, Vicente Castro, sinalou que os documentos orzamentarios incluían numerosos erros en importes e asignacións de gastos.

Os orzamentos, ao igual que os do ano anterior, están “claramente inflados” segundo o BNG, suxerindo que foron deseñados en función dos gastos desexados para o próximo ano, e non baseándose en datos reais. Exemplos desta situación

serían os 900.000 euros previstos no ICIO, cando en 2024 só se recaudaron 140.000 euros a principios de decembro, ou os 243.000 euros estimados en taxas por licenzas urbanísticas, fronte aos 40.000 euros ingresados no ano anterior. Estas cifras poñen de manifesto unha previsión de ingresos que o BNG cualifica de “desmesurada e irreal”. Ademais, segundo denuncia o partido nacionalista, as partidas destinadas a investimentos diminúen un 16 %, mentres que as de cultura caen un 40 %. Pola contra, aumentan as destinadas a festexos (58 %) e publicidade e propaganda (100 %).

Reservan aparcadoiros rápidos xunto ás farmacias

O Concello pon en marcha aparcadoiros rápidos situados a carón das farmacias, sendo un dos primeiros concellos da provincia en levar a cabo esta iniciativa. O alcalde, Dani Vega, afirmou que “é unha proposta conxunta. Escoltamos ás farmacias da vila, tamén o Colexio de Farmacéuticos, polo tanto é responder a unha proposta que nos fixeron e así entre todos buscar unha solución”. O rexedor detallou: “Os aparcadoiros rápidos, que teñen un tempo de 15 minutos como máximo, queren dar unha resposta a unha proble-

mática que estabamos observando que moitas persoas aparcaban o carón das farmacias e non se garantía a seguridade. Entón para que non haxa ningún tipo de atropelo, para que non se obstaculice o tráfico, cremos que estas paradas por un tempo máximo de 15 minutos poden baixarte, recoller o que teñas que recoller na farmacia ou tamén ir as clínicas veterinarias ou ás podolóxicas, que o teñen que solicitar aquí no Concello, pois tamén garantimos esa tranquilidade, esa seguridade”.

Pedro Blanco destaca o labor do centro de acollida de Burela



O delegado do Goberno, Pedro Blanco, visitou o centro de acollida burelés. Así, puido coñecer de primeira man as necesidades das persoas que viven alí e dos profesionais da ONG Rescate que os atenden. Destacou a colaboración dos Concellos para que as persoas migrantes acaden a plena inclusión na Comunidade.

Pedro Blanco agradeceu tanto á rexedora como ao persoal humanitario a súa resposta, “á altura dunha emerxencia humanitaria como a que vive España, que permite enchernos de orgullo ao comprobar que vivimos nun país acolledor e cheo de empatía”. O delegado desprazouse a Burela, ao igual que fixera antes en Valga e Santiago de Compostela, entre outros municipios de acollida, para supervisar a correcta situación destas persoas. “A acollida das persoas migrantes non sería posible sen unha estreita colaboración institucional”, salientou o delegado, quen fixo fincapé no importante labor que realizan

tanto os diferentes concellos de acollida galegos como a Xunta de Galicia. “Traballando unidas, todas as administracións dotan de oportunidades para lograr un futuro próspero ás persoas migrantes que chegan a Galicia, garantindo a súa inclusión social”, indicou.

Así mesmo, lembrou que a meirande parte destas persoas foxen das guerras existentes nos seus países de orixe ou dos cambios no clima que dificultan a vida nas súas terras. “Con exemplos como o de Burela queda claro que Galicia e toda España, como país acolledor e integrador, están dando resposta a través das súas diferentes institucións”, subliñou Pedro Blanco desde o centro de acollida mariño. Centros como o de Burela teñen como obxectivo prestar aloxamento, manutención e asistencia psicosocial urxente e primaria, así como outros servizos sociais encamiñados a facilitar a convivencia e integrar na comunidade ás persoas migrantes.

Xa hai fallo nos certames de postais e de poesía

Xa se coñecen as nenas e nenos premiados no concurso de Postais de Nadal e de Poesía de Nadal da Biblioteca Pública Municipal. Os nomes foron anunciados polo Concello de Burela que traslada os parabéns a todos os participantes nestes certames, tradición nestas festas.

Así, en Educación Infantil quedou primeira Martina Cociña Lestao; segunda Marina Lara Pérez e terceira Luz Goncalves Santomé. Na categoría de 1º e 2º de Educación Primaria: 1ª Naia Fontenla Suárez, 2ª Elena Álvarez Fernández e 3ª Lidia Ares Fernández. En 3º e 4º de Educación Primaria: 1º Pedro Cociña Lestao; 2º Teo Domínguez García e 3º José

María García Fra. Xa de 5º e 6º de Primaria: 1ª Andrea Diéguez Ruíz; 2ª Clara Vázquez Cayón e 3ª Erlín Jean Pierre De la Nuez Cardenas.

Nos premios de Poesía de Nadal, na categoría A, destinada a menores de 8 anos, foron recoñecidos Teo Domínguez García, Naia Fontenla Suárez e Leo Fraga Río, nesta orde. Na categoría B, para idades comprendidas entre 9 e 11 anos, recibiron os galardóns Jose María García Fra, Sabela Braña Morán e Sara López Pena. Na categoría C, dirixida a mozos e mozas de 12 a 16 anos, os recoñecementos foron para Jimena García Fra, Jimena Domínguez García e Jaume Fernández López.

Os populares fan un balance do mandato do Goberno municipal

O PP de Burela reuniuse coa presidenta, Elena Candia, e o secretario xeral do PP da provincia de Lugo, Javier Vázquez Nodal. Enmárcase na programación de encontros coas agrupacións locais. O obxectivo destas reunións é reforzar a estrutura do partido e potenciar o contacto cos distintos grupos de traballo nos concellos da provincia.

Durante o encontro, os populares analizaron o crecemento e consolidación do PP local no último ciclo electoral. Tamén destacaron o aumento do impacto nas redes sociais, que permite que a información sobre o proxecto do Partido Popular de Burela chegue a un número crecente de veciños e veciñas, especialmente á xente moza.

Ademais, fixeron balance do que vai de mandato en Burela, abordaron a actualidade municipal e afondaron en novas liñas de actuación coas que favorecer o desenvolvemento da vila e posicionarse como alternativa ao bipartito actual.

O portavoz popular, Manuel Rouco, criticou ao goberno municipal asegurando: “O goberno PSOE-BNG que preside a señora López Moreno suspende en transparencia (o Portal de Transparencia segue sen estar actualizado e tampouco facilitan a



documentación en tempo e forma)”. Ademais, sinalou que “se caracteriza pola actitude ditatorial da rexedora (que prohibe falar aos concelleiros por alusión durante o pleno a pesar de que teñen dereito a réplica) e as continuas irregularidades e ilegalidades que se evidencian, claramente, coa repetición de plenos para rectificar procedementos”. Rouco lamentou tamén a falta de proxectos importantes para a vila e indicou que “baixaron os investimentos reais no último ano, cando Burela xa estaba á cola da Mariña en investimento de diñeiro público en licitación de obras e servizos”.

Fronte a este escenario, o Partido Popular de Burela traballa nun proxecto

que “aposta clara e directamente por contribuír ao desenvolvemento das empresas e negocios locais, incrementar os apoios ás familias para favorecer o asentamento da poboación, incentivar o asociacionismo e apoiar as súas actividades (por exemplo, revisando as bases das axudas municipais para simplificar a súa tramitación) para dinamizar a vida social da vila e xestionar debidamente o Concello para garantir a prestación de servizos e a atención do día a día dos veciños e captar axudas que permitan incrementar o investimento real en bens e servizos para o municipio que redunden na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de Burela”.

EN BREVE

CANCRO. A Asociación Española contra o Cancro organiza unha marcha solidaria en Burela o vindeiro 2 de febreiro ás 11.00 horas. A actividade terá saída desde a Praza da Mariña e percorrerá ata a Praia A Marosa en modalidade de ida e volta. O evento busca concienciar sobre a importancia da loita contra o cancro e promover hábitos saudables, como o exercicio físico, entre a poboación. Unha oportunidade para apoiar unha boa causa realizando deporte.

VIOLENCIA DE XÉNERO. Tivo lugar no salón de plenos a 7ª xuntanza da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional Contra a Violencia de Xénero. Nela participan representantes de diferentes institucións e profesionais de diversos ámbitos relacionados coa loita contra a violencia machista. O propósito destas xuntanzas é fomentar e aplicar accións e fórmulas para previr a violencia de xénero, así como garantir un apoio e unha atención de calidade para ás vítimas da mesma. Así, a mesa consiste nun espazo de traballo e colaboración creado a nivel local cos obxectivos principais de mellorar a coordinación interinstitucional.

A confraría de pescadores celebra o acto de clausura do centenario



A Confraría de Pescadores de Burela celebrou a clausura do seu centenario na Nave de Redes do porto burelés. Contou coa visita do deputado de Medio Ambiente, Carlos López, que asistiu ao ronqueo do atún e á súa preparación, visitou as exposicións dos Patróns Maiores e das mulleres con traballos relacionados co mar e tamén os murais do

exterior da confraría.

No acto participou o Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas; a Alcaldesa de Burela e Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López; e o Presidente da Confraría de Pescadores de Burela, José Basilio Otero, entre outras autoridades.

Realízase unha nova entrega da maleta viaxeira contra a violencia

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destacou en Burela a necesidade de concienciar e formar á mocidade e á infancia para previr e detectar todas as formas de violencia machista. Así o trasladou nunha nova entrega de libros da MAVI, a maleta viaxeira contra a violencia de xénero.

A subdelegada presentou xunto á alcaldesa, Carmela López, a concelleira de Igualdade, Alexandra Fernández, a responsable do CIM e a Xefa da Unidade de Violencia de Xénero da Subdelegación, a posta a disposición dos libros da MAVI para a veciñanza de Burela, agradecendo á rexedora a receptividade e a aposta compartida de ambas administracións para loitar contra esta violencia estrutural.

“Contamos cos concellos para traballar nesta cuestión de estado creando conciencia sobre un problema que nos afecta a todas e todos, e que ademais é un asunto que segue á orde do día e que continúa a provocar sufrimento e desigualdade en todo o país” manifestou.

Así, Rodríguez lembrou que na loita contra este tipo de violencias é indispensable a educación e o fomento da lectura. “Por ese motivo estamos a mover pola provincia estas lecturas que abordan temáticas que favorecen un pensamento crítico e de adopción dunha actitude de repulsa ante comportamentos machistas e



discriminatorios, así como a perpetuación dos estereotipos e roles de xénero”.

A subdelegada celebrou a boa acollida que ten o programa na provincia, destacando a pegada que pode deixar este recurso “empregado para remover conciencias e cambiar hábitos machistas aínda presentes nunha sociedade que a día de hoxe segue marcada polas condutas sexistas e patriarcalis”.

MAVI. A maleta conta con doce libros para que tanto mulleres coma homes poidan formar parte do proxecto, incluíndo un diario onde as persoas que participen poidan expresar as súas reflexións e opinións sobre os libros e as experiencias que tiveron a través da lectura.

Entre os títulos que garda a maleta están *A historia dos bonobos con lentes*, de Adela Turín; *Yo voy conmigo*, de Raquel Díaz; *Los hombres me explican cosas*, de Rebecca Solnit; *Mentiras para ser una mujer de verdad*. *Manual para principiantes*, de Rocío Salazar; *Si es amor, no duele*, de Pamela Palenciano e Iván Larreynaga; *El futuro es femenino: Cuentos para que juntas cambiemos el mundo*, VVAA; *Lola Vendetta. Una habitación propia con wifi*, de Raquel Riba; *Matriarcas*. *Mulleres en pé de vida*, de Montse Fajardo; *A mi no me iba a pasar*, de Laura Freixas; *Invisibles: Relatos del maltrato*, de Montse Fajardo; *Feminismo para principiantes*, de Nuria Varela e Antonia Santolaya; *Voces que cuentan. Una antología*, VVAA.

Os ‘12 Pescados Capitais’ protagonizan o calendario da OPP Burela en 2025

A Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela presentou oficialmente o seu calendario para 2025 na Casa de Galicia en Madrid. Nesta nova edición, o calendario continuará dedicado aos ‘12 Pescados Capitais’ de Burela, destacando cada mes unha das especies representativas da súa lonxa.

As especies seleccionadas pola OPP-7 Porto de Burela inclúen a tintoreira, a bertorella, a cabala, o xurelo, a cabra de altura (gallineta), a sardiña, o bonito do norte, a pescada do pincho, a castañeta vermella, o peixe espada, o mero e o ollomol. Cada unha delas representa as distintas pesqueiras das frotas do porto, como o palangre demersal, o palangre de superficie, o curricán e as frotas de cerco ou arrastre.

O calendario destaca tamén as especies das que ABSA é primeira lonxa de Galicia, como a pescada do pincho, o bonito do norte ou a gallineta, ademais doutras especies como o



salmonete de pedra e o sable negro. Para 2025, editaranse preto de 4.000 exemplares que se distribuirán entre os socios da OPP Burela e ABSA, así como en mercados clave como Madrid e Barcelona, a través de entidades como Fedepesca e o Gremio de Peixeiros de Barcelona.

Desde 2020, o calendario da OPP-7 Porto de Burela inclúe mensaxes promocionais para fomentar o consumo de peixe e destacar os seus beneficios para a saúde.

A CIG-Saúde denuncia o colapso do servizo de Uroloxía no Hospital

A CIG-Saúde A Mariña alerta sobre a grave situación que sofre o servizo de Uroloxía do Hospital da Mariña, que segundo afirma, dende o pasado 13 de novembro opera cunha soa especialista das tres prazas dotadas. Fan fincapé en que esta problemática vén de lonxe, xa que hai un ano, coa marcha do xefe da unidade, o servizo quedou con dúas prazas ocupadas de xeito crónico. Agora, a ausencia doutro facultativo deixou o servizo en mínimos, incapaz de atender as necesidades dunha comarca con máis de 72.000 habitantes.

Afirma así que do 24 de decembro ao 7 de xaneiro o servizo de Uroloxía pecha pola ausencia da única especialista en Uroloxía que sostén o servizo.

Segundo a central sindical, o Hospital da Mariña debería contar con catro especialistas para garantir unha atención adecuada. Destacan que a realidade actual impide manter un servizo digno, xa que é imposible soste-la actividade diaria con consultas reducidas, quirófanos inoperativos, probas diagnósticas sen realizar, e gardas hospitalarias sen cubrir. O persoal existente non pode atender os pacientes ingresados, as consultas programadas e, ao mesmo tempo, manter a actividade cirúrxica.

Consideran que as consecuencias son evidentes. Os pacientes ingresados no Hospital da Mariña deben ser trasladados ao HULA os venres por falta de especialistas durante as fins de semana. Ademais, casos prio-

ritarios deben ser derivados a Lugo, mentres que outros son enviados a centros privados, chegando a esperar ata dous anos para intervencións. As consultas redúcense drasticamente e a actividade cirúrxica está practicamente paralizada, acumulando unha lista de espera insostible, con pacientes pendentes de citar desde 2019.

HULA. A CIG-Saúde advirte que, de continuar nesta situación, o servizo de Uroloxía podería pechar por completo. Isto suporía o traslado de todos os pacientes ao HULA, a suspensión de citas e a cancelación definitiva da actividade cirúrxica, agravando aínda máis o abandono sanitario que sofre a comarca.

“A situación de Uroloxía reforza o que dende CIG-Saúde da Mariña vimos advertindo, o abandono absoluto no que se atopa o Centro Hospitalario e a veciñanza da Mariña por parte da Consellería do Sergas coa complicidade do Xerente da Área Sanitaria de Lugo e da Dirección do Hospital da Mariña”, afirman.

Dende a central nacionalista aseguran que este é o froito das políticas sanitarias do Partido Popular polas cales “atopámonos con menos e peores servizos, máis derivacións e ingresos no HULA de pacientes da Mariña, máis listas de agarda e a imposibilidade de garantir una sanidade digna e de proximidade que releva aos mariñaos e mariñaas a pacientes de segunda categoría”, sinalan dende a CIG-Saúde.

Alumnos e profesores participan na presentación de A Mariña Lab

O Auditorio de Burela foi o escenario da presentación oficial de A Mariña Lab’ un novo laboratorio dedicado a garantir a produción de alimentos no futuro da comarca mediante a aplicación da innovación e o desenvolvemento sostible. O evento contou coa participación de 154 estudantes e profesorado dos IES Perdouro, IES Monte Castelo e IES Foz, así como representantes do ámbito universitario, tecido social e autoridades locais. Esta proposta novidosa centrouse na escoita, colaboración e participación da xuventude, promovendo unha reflexión colectiva sobre o presente e o futuro de A Mariña. O alumnado destacou pola súa implicación e as súas achegas, sorprendendo positivamente aos asistentes, tanto na primeira quenda do evento como na reflexión posterior desenvolvida nos centros educativos.

A Mariña Lab é un proxecto promovido pola Iniciativa Prato_Do e conta coa financiación da Área Rural da Vicepresidencia da Deputación.



A comisión do San Roque está a organizar unha festa de Entroido

A comisión de festas do San Roque de Viveiro vén de informar que están a recadar fondos para as actividades festivas deste ano. A primeira delas será a festa de Entroido que se celebrará o 3 de marzo e con ela recadaranse fondos para as festas do San Roque 2025.

Esta cita gastronómica festiva farase no pavillón Antonio Tarrío e será a base do produto estrela destas datas, o cocido, e contará con concurso de disfraces. Esta nova asociación, formada en

novembro de 2024, está conformada por Juan Manuel Sánchez, Raquel Trasancos, Cristina Parapar, Pablo Seixo, Gerardo Veiga e Hugo Ron. E naceu co obxectivo de “revitalizar as festas de San Roque e conseguir impregnar un sentimento de pertenza na xente de Viveiro cara as festas que neste momento non existe” indican desde a comisión. “A nosa idea é a de organizar unhas festas con cabida para todas as idades e todos os gustos” sinalaron desde a asociación na súa creación.

O novelista Xavier Queipo recibe o Vilar Ponte

O Concello de Viveiro celebrou a entrega do VI Premio Vilar Ponte de Narrativa nunha gala realizada no Teatro Pastor Díaz, presidida pola alcaldesa, María Loureiro, e presentada pola xornalista Alba Porral. O galardón principal foi outorgado ao novelista Xavier Queipo pola súa obra *Tamarindo*, mentres que o escritor mariñán Lionel Rexes recibiu un recoñecemento especial pola súa obra *O terceiro desexo*. Os premios están dotados con 4.000 e 1.000 euros, respectivamente.



No seu discurso, a alcaldesa María Loureiro destacou que este certame busca “abrir unha fiestra á creación literaria en galego, unha lingua que é tamén un sinal de identidade do noso pobo”. Ademais, subliñou que, desde o goberno local, “a cultura non só é unha prioridade, senón tamén unha responsabilidade”.

Tanto o gañador como o finalista agradeceron ao Concello de Viveiro a súa aposta pola cultura e a promoción de iniciativas que fomentan a creación literaria en galego. Tamén destacaron o labor do xurado, formado polo xornalista Carlos Nuevo Cal, a escritora Rosalía Morlán Vieites e o crítico literario Armando Requeixo.

PUNTO LIMPO



Remataron as obras de mellora do Punto Limpo de Patarroa-Escourido, realizadas co obxectivo de optimizar a xestión de residuos e ofrecer un mellor servizo á veciñanza. Así o trasladou a Tenencia de Alcaldía de Viveiro.

O Partido Popular demanda con urxencia impulsar o PXOM

O PP de Viveiro diríxese ao goberno municipal bipartito para urxir que impulsen o PXOM: “Despois de 22 anos de gobernos de esquerdas -PSOE, BNG co apoio de XViveiro- e tantos anuncios por parte da alcaldía sobre a inmediata aprobación provisional deste relevante documento en materia de planificación urbanística e ordenación do territorio do noso concello”.

Ante isto os concelleiros do Partido Popular agardan contar co apoio dos distintos grupos da corporación municipal no vindeiro pleno toda vez que “a aprobación do PXOM era un dos puntos do acordo programático entre o PSOE e XViveiro para facer alcaldesa á señora Loureiro”.

O PP propón instar ao goberno municipal a elaborar no prazo dun mes os informes técnicos, xurídicos e económicos de competencia municipal necesarios para determinar a situación real do PXOM de Viveiro e dar conta ao Pleno dos informes das diferentes administracións pendentes así como dos trámites e accións que restan para lograr a súa aprobación provisional.

A portavoz popular, Mariña Gueimunde, explica que “na reunión da xunta de portavoces celebrada o 31 de xaneiro de 2024 puidemos coñecer o informe técnico sobre os trámites realizados e pendentes; pero practicamente un ano despois non temos constancia de que o Concello



realizada ningún”.

Concretamente, o informe recollía como trámites pendentes a notificación aos titulares catastrais de parcelas incorporadas en ámbitos de actuación; a contestación ás alegacións presentadas en trámite de exposición pública; a revisión e actualización de documentos de memoria e normativa urbanística atendendo ás modificacións do procedemento administrativo común, actividades, etc. e a proposta de dúas liñas de tramitación en caso de que, unha vez obtidos todos os informes sectoriais e corrixidas as deficiencias do documento, os cambios introducidos no documento desde a aprobación inicial supoñan ou non unha modificación substancial.

Gueimunde puntualiza que “determinar se as modificacións introducidas no documento son ou non substanciais -despois de transcrito

un largo espazo de tempo dende o acordo para a aprobación inicial do PXOM no Pleno do 14 de abril do 2011- é un dos puntos que máis condiciona os prazos na tramitación”. En todo caso, sinala, con carácter previo á aprobación provisional polo Pleno, é precisa a emisión dos informes técnicos e xurídicos do servizo de urbanismo, o informe da secretaria municipal e o informe de intervención.

PORTO DE CELEIRO. O PP de Viveiro pide explicacións ao goberno bipartito municipal sobre a obra de humanización na rúa Porto de Celeiro. Concretamente, os populares consideran que os veciños e veciñas merecen explicacións sobre “os motivos da súa paralización, os cambios no orzamento de licitación da obra, as medidas previstas polo goberno para rematar os traballos e o prazo de entrega desta actuación”.

Renovarán as beirarrúas na LU-540 á altura de Magazos

O Concello renovará as beirarrúas no tramo da estrada LU-540 entre o museo de cerámica Regal Xunqueira e o local de Severiano Agrocomercial. Trátase dun percorrido de 750 metros situado na parroquia de Magazos.

Estas obras, trasladan desde a entidade municipal, que suporán un investimento total de 110.795,19 euros, serán executadas pola empresa López y Leis SA cun prazo de execución de tres meses, prevéndose o inicio das mesmas a principios do ano 2025.

As actuacións incluírán a demolición do pavimento actual, a colocación dun novo bordo de formigón, a construción dunha nova beirarrúa de formigón impreso de 15cm de espesor, a instalación de pavimento podotáctil nos puntos necesarios e a substitución das bocas de rega existentes.

Viveiro anuncia o novo fraccionamento da taxa de uso das terrazas

Os establecementos hostaleiros poderán pagar de xeito fraccionado en prazos a Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa. Así o anunciou o Concello de Viveiro que indica que este fraccionamento foi acordado co sector hostaleiro da localidade nunha reunión mantida coa alcaldesa María Loureiro, a Concelleira de Comercio viveirense Iria Cotelo e o Concelleiro de Facenda do municipio Jesús Fernández.

O pagamento fraccionado poderá ser solicitado ata o día 13 de xaneiro. Neste caso, os cargos realizaranse en tres prazos, cada un do 33,33

% do total: o 21 de xaneiro, o 21 de marzo e o 21 de abril. No caso de que o cobro do primeiro prazo sexa devolto por parte da entidade financeira, o pagador quedará obrigado a abonar a totalidade do recibo no período ordinario de pagamento, perdendo desta maneira a posibilidade de pagar de xeito fraccionado no segundo e no terceiro prazo. Para quen non opte por esta modalidade, o período de pago voluntario da taxa por uso das terrazas estará dispoñible entre o 10 de xaneiro e o 10 de marzo de 2025. Durante tres anos, con motivo da pandemia do Covid 19, o Concello de Viveiro eximiu á hostalería deste pago.

Un convenio permitirá melloras en varias instalacións deportivas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asina coa alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, un convenio de colaboración de máis de 105.000 euros para desenvolver varias actuacións dirixidas a mellorar infraestruturas deportivas e a reforzar servizos públicos neste municipio.

José Tomé informou que “a institución provincial achega practicamente o 95 % do orzamento total, 101.500 euros, mentres que a entidade local asume o 5 % restante, 5.430,56 euros”, e sinalou que “este convenio permitirá desenvolver unha serie de proxectos que beneficiarán de xeito directo á veciñanza”.

Nese sentido explicou que “se mellorarán instalacións deportivas a través da adquisición de dous termos para o vestiario do campo de fútbol; a instalación dun marcador electrónico no polideportivo municipal ou a dotación de equipamento para a sala de musculación da piscina municipal, entre outras actuacións”.

Pola súa banda, María Loureiro agradeceu o apoio da institución provincial e recalcou que “tamén se inclúen 8.500 euros para mellorar o alumeadado público na rúa Rosalía de Castro e outros 3.300 euros para o alumeadado de Nadal”. A rexedora tamén sinalou que “outra das liñas que se inclúen neste acordo é a compra de material informático para os equipos municipais co fin de continuar ofrecendo



máis e mellores servizos públicos aos veciños e veciñas”.

PADRON MUNICIPAL. O concelleiro Jesús Fernández, en representación do Concello de Viveiro, asinou un convenio de colaboración coa Deputación de Lugo para modernizar o padrón municipal. “O padrón municipal é un rexistro administrativo de gran importancia, dado que a inscrición no mesmo supón un requisito previo e imprescindible para o acceso dos veciños ao uso e disfrute de servizos públicos como educación, sanidade e servizos sociais no municipio, así como ao exercicio do dereito de sufraxio ou participación cidadá”, explica Fernández.

Polo anterior, a sinatura deste convenio para o proxecto coñecido como ‘Xeopadrón’, resulta de vital valía

para o desenvolvemento dun sistema informático moderno e actualizado, que permita que o Concello de Viveiro se poida comunicar en tempo real co Instituto Nacional de Estatística, de xeito que posibilita a corrección de discrepancias e o mantemento dunha base de datos máis depurada.

Así mesmo, a incorporación da referencia catastral, ou código de vivenda equivalente, ao padrón municipal de habitantes, suporá unha mellora na localización dos domicilios, así como na formación e actualización do rueiro municipal. Ademais, destacan desde O Concello, o mantemento dun censo de vivendas, a parte do censo de habitantes, posibilitará a implantación de políticas de vivenda no municipio, unha vez estudados os datos de situación actual da vivenda.

O BNG viveirense renova a executiva

O BNG de Viveiro, con Miriam Bermúdez como Voceira Municipal, anuncia a renovación da executiva con Beatriz Lage como nova responsable local na assemblea celebrada o pasado 7 de xaneiro de 2025.

A nova estrutura orgánica queda conformada do seguinte xeito: responsable local, Beatriz Lage Cao; vicerresponsable Local, Iria Coteló Cociña; secretario e responsable de finanzas, J. Ramón Martínez Castro; responsable de organización, Santiago López Chao; voceira Municipal e responsable de comunicación, Míriam Bermúdez García. Iria Coteló, que pasa a ser vicerresponsable, expresou o seu agradecemento polo apoio recibido durante esta etapa e animou a Beatriz Lage a continuar traballando con entusiasmo en prol dos intereses de Viveiro.

Pola súa banda, Míriam Bermúdez, portavoz municipal e primeira tenenta de alcaldesa, destacou a importancia da participación cidadá e animou ás veciñas e veciños a unirse ás asembleas do BNG.



A EOI celebra o primeiro club de lectura en galego

A Escola Oficial de Idiomas de Viveiro Luz Pozo Garza celebrou o seu primeiro club de lectura en galego, unha iniciativa que contou coa presenza da recoñecida escritora burelá Antía Yáñez.

Yáñez é enxeñeira de formación e compaxina a súa actividade profesional á fronte dunha academia en Cecebre coa organización de obradoiros literarios. A súa traxectoria literaria abarca desde o relato curto, co que obtivo galardóns como o premio Os Viadutos, o Xaime Illa Couto ou o Certame Literario de Cambre,

ata a narrativa infantil, xuvenil e para adultos. Entre as súas obras máis destacadas figuran títulos como *O misterio de Portomarín* (2016) e a súa continuación *O misterio do torque de Burela* (2019), así como a novela distópica *Be Water* (2019) ou *Plan de rescate* (2020), obra premiada co Agustín Fernández Paz pola igualdade.

Na súa produción para adultos, Yáñez publicou a novela *Senlleiras* (2018), galardoada co Premio Illa Nova, ademais de participar na obra colectiva *Entre Donas* (2020).

Gabriel Timiraos foi elixido presidente local de Novas Xeracións

Novas Xeracións de Viveiro ten novo presidente, Gabriel Timiraos, elixido nun congreso local da formación político-xuvenil que contou coa participación da presidenta de Novas Xeracións de Galicia, Nicole Grueira, o presidente de Novas Xeracións da provincia de Lugo, Miguel Gallego, a presidenta do PP local, Mariña Gueimunde, alcaldes da zona, deputados, senadores e máis compañeiros da formación.

O novo responsable de Novas Xeracións de Viveiro, filólogo de 26 anos, toma as rendas da agrupación local co obxectivo de “traballar duro para que Viveiro volva ser o que un día foi. Queremos volver a ter un Viveiro que brille na Mariña con A Mariña”.

Timiraos defende “a aposta do Partido Popular pola xente nova” e sinalou que “comezamos unha nova etapa cun proxecto renovado e próximo”, pois “temos que escoitar a opinión de todos porque só así podemos facer unhas Novas Xeracións de todos e para todos”.

A presidenta e portavoz municipal

do PP de Viveiro, Mariña Gueimunde, amosouse “moi orgullosa deste grupo de rapaces e rapazas e senten a necesidade de proxectar a súa voz, defender os seus dereitos e loitar xuntos pola xuventude de Viveiro. Son un reflexo de que hai mozos e mozas preocupadas polo seu futuro e o da terra que os viu nacer, conscientes da desastrosa xestión do goberno do PSOE e do BNG. Somos moitos os que queremos espertar dun mal soño”.

O comité de dirección que preside Gabriel Timiraos estará integrado por: Alejandro González (secretario xeral), Sofía García (secretaria de organización), Saray Ventura (coordinadora), Samuel Sánchez (vicesecretario de sanidade), Claudia Prieto (vicesecretaria de deportes), Jorge Gómez (vicesecretario de mar), Lucía Peña (vicesecretaria de redes e comunicación), Cristina García (vicesecretaria de Acción Política), Mikel Chao (vicesecretario de Políticas para a Xuventude) e Pablo Varela (vicesecretario de Acción Social).

‘Continueixon’ de Roberto Vilar chega a Viveiro a final de mes

O humorista Roberto Vilar, natural do concello de Xove, iniciará en Viveiro a xira do seu novo espectáculo, titulado *Continueixon*, o sábado 25 de xaneiro. A cita será no Teatro Pastor Díaz ás 21.00 horas.

Este novo show de Roberto Vilar marca o seu regreso aos teatros galegos despois do gran éxito acadado

con *Celebreixon*. *Continueixon* supón unha evolución dese espectáculo inicial, mantendo como protagonistas as sorpresas e a música, sen esquecer a comedia e o humor que caracterizan ao propio Roberto Vilar.

Unha proposta cargada de diversión e risas que promete conquistar novamente ao público galego.

REMATEXPRESS

Liquidaciones Warehouse

LIQUIDACIONES



SHEIN

PAQUETES SORPRESA

RÚA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO

645 347 848 - WWW.REMATEXPRESS.ES

Impulsan espazos cardioprotexidos con formación en desfibriladores

Imparten un curso de uso e manexo do desfibrilador semiautomático entre o persoal dos dous centros que xestiona a asociación Saúde Mental A Mariña no Concello de Cervo. A rexedora, Dolores García Caramés e o concelleiro, Adrián Arias, asistiron á clausura da formación de cinco horas de duración no que participaron 24 profesionais, que despois destas sesións ampliaron e perfeccionaron os seus coñecementos para poder actuar con eficiencia ante calquera situación de patoloxía coronaria que se poida producir entre as persoas usuarias.

Así mesmo, o Concello de Cervo tamén instalou un DESA en cada un dos centros –tanto no da Senra, como no da Praza dos Souto– que estarán xeolocalizados polo 061 e serán dispositivos de acceso público dispoñibles as 24 horas ao día para dar servizo a toda a cidadanía ao mesmo tempo, creando dous novos espazos cardioprotexidos.

O persoal da asociación recibiu formación teórico-práctica para poder dar resposta ante as principais situacións de urxencia-emerxencia “co obxectivo de buscar a máxima seguridade e a excelencia no trato ás persoas usuarias”.

Tal e como apuntou a alcaldesa, manteñen unha interlocución constante con esta asociación e co seu cadro de persoal co que colaboran en todo o que está na súa man; “A programación deste curso e a dotación dos desfibriladores, son pois unha forma máis de contribuir á mellora da calidade do servizo”.

O Concello reparte o seu calendario sobre deporte local

O Concello fixo chegar aos fogares do municipio o seu tradicional calendario. Este ano, a publicación está dedicada aos clubs e entidades deportivas que contribúen a encher de vida as diferentes parroquias, nunha homenaxe ao esforzo e á paixón que cada colectivo pon nas súas actividades.

O mes de xaneiro está ilustrado polos Cabaleiros da Bidueira, unha asociación de recente creación que reúne veciños e veciñas cunha forte paixón polo mundo ecuestre.

Con este calendario, o Concello de Cervo quere recoñecer o labor de todas as entidades deportivas que fan posible que o deporte e as actividades comunitarias sigan a ser un pilar fundamental no municipio.



O Concello entrega as axudas ás ANPAS, aos centros e ao transporte

O Concello de Cervo reuniuse con representantes das ANPAS dos tres centros escolares do municipio: CEIP Península da Paz, CEIP de Cervo e IES Marqués de Sargadelos. No encontro estaban a alcaldesa, Dolores García Caramés e o concelleiro David Rodríguez.

Na xuntanza, ademais de abordar diferentes cuestións relativas ao funcionamento dos centros, tamén lles entregaron un cheque por valor de 1250 euros por asociación, para contribuír coas actividades que programan ao longo do curso. É unha axuda pois que vai dirixida a dinamizar a escolarización –precisou– “ademais de brindarlles ás ANPAS unha axuda económica para que poidan facer fronte aos seus gastos de funcionamento”.

Anteriormente, o Concello entregou as axudas de transporte para o alumnado que cursa estudos fóra do termo municipal, sempre que se trate de formación ou titulacións que non se impartan en ningún centro do Concello. Así o fixo efectivo a rexedora, Dolores García Caramés, entregando a 31 estudantes un cheque de 150 ou 250 euros, en función da renda familiar.

Tal e como explicou a alcaldesa “é unha axuda financiada integralmente con fondos propios procedentes das arcas municipais, co obxectivo de botarlle unha man á mocidade cervense e ás súas familias nesta etapa educativa”.

Ademais, tamén fixo entrega dos cheques coas axudas aos tres centros escolares do municipio-CEIP de Cervo, CEIP Península da Paz e IES Marqués de Sargadelos– que reserva cada ano no seu orzamento. Foi nun encontro cos directores dos tres centros, a rexedora, Dolores García Caramés, e o concelleiro, David Rodríguez.

A alcaldesa sinalou que son unha liña de axudas que veñen complementar o apoio continuo que se presta desde o Concello durante todo o ano, para contribuír cos seus gastos de funcionamento. Esta aportación pretende ser unha axuda –engadiu– para o desenvolvemento das múltiples actividades que programan durante o curso que favorecen o progreso educativo do alumnado.

Estas axudas forman parte dunha partida orzamentaria de 7.500 euros para fines educativos.



O Goberno municipal mellora e acondiciona o Camiño da Fraga

O Goberno local vén de realizar traballos de mellora e acondicionamento do Camiño da Fraga, que conecta a parroquia de Rúa co lugar de Trasbar. En concreto, actuouse nun tramo de 475 metros lineais cun ancho de 3,80 metros dunha pista de natureza rural pensada fundamentalmente para uso gandeiro, agrícola e forestal adaptado para vehículos de tipo todoterreo.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, e o concelleiro de Zona Rural, Adrián Arias, achegáronse ata o lugar para supervisar a actuación que supón unha mellora da rede viaria e da seguridade neste traxecto, que supuxo

un investimento de 22.337,10 euros, procedentes integralmente das arcas municipais.

Caramés explicou que a obra –xa rematada– foi concibida co obxectivo de mellorar o firme deste camiños sen variar a súa natureza, conseguindo unha boa evacuación e drenaxe das augas pluviais e incidindo como se dixo na mellora da seguridade das persoas que empregan esta arteria de comunicación no seu día a día.

A alcaldesa fixo fincapé na importancia deste tipo de actuacións “que contribúen a poñer en valor o noso rural, facéndoo máis seguro e accesible”.

A Rúa xa se prepara para as festas da Candelaria

A parroquia da Rúa, acollerá as tradicionais Festas da Candelaria 2025, unha celebración especial que terá lugar entre o 31 de xaneiro e o 2 de febreiro. Durante tres días, a comunidade vivirá intensamente estas festas, que combinan actos relixiosos e eventos culturais en honra á Virxe da Candelaria.

O venres 31 de xaneiro comezará a festa cunha degustación de callos para cear, que dará paso a unha animada verbena nocturna a cargo das recoñecidas formacións París de Noia e La Tremenda, acompañadas pola disco móbil Conxuro, que prolongará a celebración ata ben entrada a noite.

O sábado 1 de febreiro comezará cunha misa solemne ás 12.30 horas, cantada polo coro parroquial, seguida da tradicional procesión en honra á Virxe. Ao mediodía, a sesión vermú estará amenizada pola actuación da orquestra Compostela, que tamén será protagonista na verbena nocturna xunto coa orquestra Metrópo-



lis e unha nova sesión da disco móbil Conxuro.

O domingo 2 de febreiro, día de peche, a misa solemne terá lugar ás 13.00 horas, de novo coa participación do coro parroquial e a procesión correspondente. O broche final chegará coa sesión vermú a cargo do grupo Fénix, que porá o punto e final a estas festas cheas de tradición, música e celebración.

CENTENARIA



En pleno Nadal, en datas moi especiais para pasar en familia, hai quen tamén cumpre anos. Celebración dobre e, no caso de Mercedes Fernández, veciña de Cervo, festexa 100 anos de vida. O Concello de Cervo quixo darlle os parabéns e a alcaldesa Dolores García Caramés fíxoo o propio en persoa. Puido compartir uns intres con ela e a súa familia, e como mostra de agarimo fíxolle entrega dun ramo de flores.

A asociación Cabaleiros da Bidueira, referente do mundo ecuestre en Cervo

Falamos co seu presidente Adrián Domínguez para coñecer mellor esta entidade fundada no 2023

Por Amanda Fernández

Adrián Domínguez preside a asociación Cabaleiros da Bidueira de Cervo, e cuxa razón de ser é a paixón polo mundo ecuestre.

Cando se creou, por quen e que vos inspirou a crear a asociación Cabaleiros da Bidueira?

Creouse no 2023, foi un grupo de amigos aos que nos gusta o mundo do cabalo. O primeiro obxectivo foi crear unha pista, antes de facer a asociación, porque non tiñamos onde adestrar e andar ao seguro. Fixemos un proxecto e entregámo-lo ao Concello de Cervo, que o viu viable e seguiu para adiante ata facer a pista. Precisamente, no sitio no que se fixo a pista chámalle A Bidueira, había instalacións deportivas e por iso o nome da asociación.

Cales foron os maiores retos que tivestes que afrontar nos primeiros pasos?

O maior reto foi cando fomos co proxecto da pista ao Concello, non sabíamos que podería pasar, xa que era un investimento bastante grande. Sentámonos co alcalde, ao que tamén lle gustan os animais e expuxemos o que queríamos facer e que non había unha pista así e pareceulle ben. Buscamos un sitio que fose bonito e céntrico e saíu na Bidueira, que é un complexo deportivo, ao lado. Grazas á axuda da Comunidade de Montes de Cervo, que o sitio era deles. Tivemos reunión co Concello e coa Comunidade de Montes e non deron ningún problema, pareceulles moi ben e



cederon un cacho do terreo para a instalación.

A vosa paixón é o mundo ecuestre, que tipo de eventos ecuestres organizades na pista da Bidueira?

Cada ano organizamos unha ruta e unhas carreiras. A ruta é polo Concello de Cervo, destacando os lugares máis bonitos, anunciamos un cartel e vén xente de todo tipo de sitios. O primeiro ano fomos sobre 100 xinetes e xinetas, para ser o primeiro estivo moi ben. Foi en abril do 2024 e en setembro tivemos que suspender as carreiras por mor do mal tempo. Anteriormente, a asociación inaugurámola cunhas carreiras no 2023, foi en xullo o primeiro evento que fixemos. Apuntáronse sobre 120 cabalos e tanto as carreiras como a ruta, foron un éxito no noso primeiro ano.

Como foi a participación da comunidade nestas actividades? Considerades que hai paixón polo mundo ecuestre?

Notámolo moi ben, tanto o Conce-

llo como a Comunidade de Montes nos apoiou, entón é que a xente ve con bos ollos fomentar isto. No Concello de Cervo hai bastante paixón polos cabalos e nos arredores. O que pasa é que é un vicio bastante caro, non todo o mundo se pode permitir mercar o animal, ter o sitio... Se fose máis barato e accesible, habería moita máis xente. Cando fixemos as carreiras había moitísimas xente véndoo, non só de Cervo, tamén do Concello de Xove ou Burela. Na pista da Bidueira imos adestrar, temos unha caseta para facer de comer, andamos pola mañá ou pola tarde cos cabalos... Quen queira ir pode, está aberta á xente de fóra, pode ir quen queira.

Como realizades a divulgación? Como chegades á veciñanza?

Coas redes sociais, principalmente, e acudindo a eventos que fai outra xente. En Xove, por exemplo, hai outra asociación, en Burela, outra, fan eventos como estes. Imonos

coñecendo todos no mundo este e asistimos e asisten. Colgamos vídeos, imaxes dos premios, datas de carreiras, e a quen lle gusta, móvese.

Que proxectos ou eventos tedes previstos para este 2025?

Temos pendente facer reunión para determinar datas, pero imos facer ruta e carreiras. O ano pasado tivemos que anular as carreiras porque as fixemos en setembro e daba moi mal tempo. Entón, neste 2024, só fixemos rutas, pero a idea inicial era facer todos os anos unha ruta e unhas carreiras.

Como se poden sumar máis veciños á asociación ou colaborar con vós?

Na asociación somos agora mesmo sobre 11, comezamos 5, abrímolos publicamente e fóronse apuntando. Se alguén está interesado só ten que falar con nós, a través das redes sociais, por exemplo. A asociación está aberta para quen queira vir, canto máis sexamos moito mellor e a cota está en 50 euros anual.

Que significa para vós, como membros de Cabaleiros da Bidueira, poder compartir esta paixón coa veciñanza de Cervo?

Dar a ver o que nos gusta, todo este mundo, para nós isto dos cabalos é a nosa vida. Desde cativos temos esta paixón e queremos dar a ver o que de verdade custa todo isto e desfrutar. Para nós isto é sinónimo de desfrutar e procuramos que a xente tamén disfrute vendo todo isto.



A IX Foliada e Feira de Artesanía será o 3 de maio

A IX Foliada e Feira de Artesanía celebrarase o vindeiro sábado 3 de maio de 2025 na emblemática praza do Souto, no municipio de Cervo. Este evento, consolidado como unha cita imprescindible no calendario cultural da comarca, combina tradición, música e artesanía para ofrecer unha experiencia única para toda a familia.

A Foliada está organizada polo colectivo Fol do Raxal, Marmeladas A Morena e Fervenza de Sargadelos, coa colaboración do Concello de Cervo e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo, garantindo unha proposta cultural de calidade que pon en valor as raíces galegas.

A Foliada converteuse nun escaparate para as manifestacións culturais e artísticas de Galicia, destacando a música tradicional como eixo central da xornada. Os asistentes poderán gozar de concertos en directo, onde grupos de música folk e tradicional encherán a Praza do Souto de ritmo e alegría. Ademais, haberá unha gran variedade de obradoiros (talleres) pensados para todos os públicos, desde actividades para nenos ata iniciativas para adultos interesados en aprender máis sobre as artes e tradicións locais.

Nas próximas semanas, darase a coñecer o programa completo. Así mesmo, abriranse os prazos de inscrición para participar nos talleres ou reservar postos na feira.

A veciñanza poderá gozar do programa Autobús do Teatro

En colaboración co Centro Dramático Galego e Culturactiva Producións, o Concello de Cervo pon en marcha unha nova iniciativa cultural destinada a achegar o teatro á veciñanza: o programa 'Autobús do Teatro'. Esta actividade permitirá que os veciños e veciñas poidan asistir á representación da obra 'Nada se sabe' de forma cómoda e accesible, grazas a un servizo de transporte organizado.

A cita terá lugar o venres, 17 de xaneiro de 2025, cunha completa programación. O autobús partirá ás 14.00 horas da Casa do Mar de San Ciprián, rumbo á localidade onde se celebrará a función, prevista para as 18.00 horas. Unha vez rematada a representación, está programada a saída de volta ás 20.00 horas.

A Fundación Estaleiros Fra, de San Cibrao, foi declarada de interés cultural

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes vén de clasificar como de interese cultural a Fundación Estaleiros Fra Carpinteiro de Ribeira, situada en San Cibrao, adscribíndoa ao protectorado da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Fundación Estaleiros Fra Carpinteiro de Ribeira foi creada en maio de 2024 para promover, fomentar, recuperar, conservar e desenvolver a carpintería de ribeira, principalmente en Galicia, impulsándoa e desenvolvéndoa cara ao futuro.

Esta iniciativa xurdiu por mor do incendio que sufriu o edificio onde se atopaba a principios de xullo de 2023 e que tivo que ser reconstruído.

O incendio levouse por diante ferramenta, maquinaria e numerosos



obxectos de incalculable valor sentimental e patrimonial como planos e maquetas de medio casco que foran construídas pola familia Fra.

A isto engádesse que o edificio incen-

diado formaba parte da identidade do pobo sendo a última carpintería de catro e estando este protexido por Patrimonio pola súa singularidade e valor histórico.

O Concello anima a plantar árbores froiteiras

O Concello de Cervo anima á veciñanza a participar no pedido conxunto de árbores froiteiras que tramita cada ano a delegación de Medio Ambiente, que dirixe Mali Méndez, "co obxectivo de revitalizar as fincas, para que sexan cada vez máis produtivas".

Xa está aberto o prazo para participar no pedido conxunto tramitado pola delegación de Medio Ambiente. Méndez recorda que os impresos estarán a disposición das persoas interesadas ata o 27 de xaneiro no Rexistro do Concello de Cervo e na Casa da Cultura.



O BNG leva a campaña 'Mellor Local, Mellor Galego' á localidade

O BNG presenta a campaña *Mellor Local, Mellor Galego*, que desde a formación veñen desenvolvendo nos últimos anos baixo. Trátase dunha campaña "en defensa do pequeno comercio, das feiras e mercados tradicionais, dos produtos galegos e da súa etiquetaxe na nosa lingua propia, en definitiva, en defensa do noso" tal e como afirmou Xorxe Gómez, o portavoz municipal do BNG na Pontenova quen sinalou que "A Pontenova é unha vila con gran tradición comercial e desde o BNG traballamos para que o siga sendo". Acompañaron ao edil nacionalista varios compañeiros da organización na localidade e tamén o deputado no Parlamento Daniel Castro García e fixeron un percorrido polos diferentes establecementos da Pontenova difundindo a mensaxe desta campaña e falando cos comerciantes. Consideran que o consumo e a aposta polos produtos galegos tén que ser unha prioridade na política

económica de comercialización e de comunicación da Xunta. Desde o BNG apostan por promover o consumo de produtos locais e galegos, incentivando a etiquetaxe en lingua galega, así como recuperar e revitalizar os mercados municipais, fomentar a produción alternativa e ecolóxica, impulsar unha marca de calidade e identificación da orixe para produtos hortícolas, pesqueiros e marisqueiros e garantir prezos xustos para os produtos. Así mesmo propón a regulación dos horarios comerciais para favorecer un modelo sustentable. A creación de liñas de crédito prioritarias para o comercio e outra das propostas xunto coa promoción de alternativas galegas de venda en liña. Neste sentido, o deputado Daniel Castro afirmou que "en Galiza temos unha terra e un mar únicos, con moita riqueza e potencialidade e producimos alimentos de extraordinaria calidade" e invitou a todos e todas as mariñás a "apostar polo noso".

María Loureiro recibe o premio María Josefa Wonenburger 2024

A catedrática de Fundamentos de Análise Económica da Universidade de Santiago de Compostela (USC), María Loureiro, foi galardoada co premio María Josefa Wonenburger Planells 2024, un recoñecemento que destaca a traxectoria de mulleres galegas de referencia nos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía. No acto de entrega do premio participou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García.

María Loureiro é natural de A Pontenova, nada en 1972, é licenciada en Economía pola USC e doutora pola Washington State University. Desde 2010, exerce como catedrática na USC, tras ocupar anteriormente postos docentes na Colorado State University e na Universidade Carlos III de Madrid. O seu labor investigador abrangue campos como a transición enerxética, o cambio climático e a economía ambiental, sendo considerada unha das científicas máis influentes a nivel global, segundo a



Lista Stanford.

Durante o acto de entrega, a conselleira Fabiola García, destacou a "ampla e prolífica traxectoria" de Loureiro, subliñando o seu papel como "referente nas ciencias sociais". Ademais, puxo en valor o seu innovador traballo na avaliación económica de danos ambientais, como na histórica valoración do impacto do desastre do Prestige, que marcou un precedente no peritaxe medioambiental

de catástrofes.

Loureiro e o seu equipo traballan actualmente en proxectos que analizan os danos causados por eventos climáticos extremos, cun enfoque especial nos impactos sobre a saúde e o benestar da cidadanía. Ademais, en 2022, foi recoñecida como a primeira muller académica numeraria da Sección de Ciencias Económicas e Sociais da Real Academia Galega das Ciencias.

O premio, outorgado pola Xunta de Galicia a través da Unidade Muller e Ciencia, busca visibilizar e consolidar o papel fundamental das mulleres na ciencia. Na súa intervención, Fabiola García subliñou o compromiso do Goberno galego coa igualdade no ámbito científico, destacando iniciativas como o III Programa Muller e Ciencia, dotado con 44,7 millóns de euros, e os orzamentos de 2025, que destinan máis de 28 millóns de euros a promover a igualdade de xénero en educación e investigación.

O CIT concede as Troitas de Ouro

O Centro de Iniciativas Turísticas (CIT) recoñece a aquelas persoas, organismos, clubs e colectivos que destacan polo seu labor en favor da pesca e os seus valores.

Para este ano 2025 xa teñen adxudicadas as tres Troitas de Ouro, así, a primeira será para Said Yahiaoui Mohamed, profesor de economía pola Universidade de Lyon e actualmente xubilado, conta cunha ampla traxectoria no mundo da pesca deportiva. Competiu na alta competición en Francia entre 1991 e 1993 e foi capitán da selección francesa de pesca con mosca entre 1996 e 2013, acumulando un destacado palmarés internacional.

Baixo a súa dirección, a selección francesa conseguiu tres ouros por equipos nos mundiais de Suecia (2005), Inglaterra (2000) e Estados Unidos (1997); dúas pratas en Australia (1999) e Chequia (1996); e tres bronzes en Noruega (2013), Nova Zelandia (2008) e Eslovaquia (2004). Ademais, foi campión de Europa de seleccións en Irlanda (2009) e Chequia (2011) e obtivo un bronce europeo en Bosnia (2010).

Recoñece tamén coa Troita de Ouro 2025 á Sociedade Deportiva Río Ulla. Destacan que o Concurso do Salmón do Ulla, xunto co Concurso do Salmón do Eo, son os únicos campións de pesca de salmón que hai en España. Consideran así que a Socie-



poñen en valor o evento e os seus concursos de pesca. O acto de inauguración estará protagonizado polo director do canal, Ignacio Contreras, xunto con Rojo e García.

O pescador Pablo Castro, coñecido como O Bombeiro, será o segundo homenaxeado. Castro, un dos competidores máis recoñecidos da pesca a nivel mundial, deixou unha fonda pegada na Pontenova cando gañou o Concurso de Pesca a Mosca e recibiu a Troita de Ouro xunto coa Selección Nacional de Salmónidos-Mosca.

A terceira Pedra de Honra será para Leo de la Fuente, xornalista veterano e responsable do programa *A Tenzón* de Radio Marca, ademais de colaborar en prensa escrita. La Fuente xa foi recoñecido no pasado.

Outro nome destacado será o de Alberto Torres, xornalista, escritor e unha figura clave na historia recente da Pontenova. Foi pregoeiro da festa en 2013, director do xornal 'Trueiro' e activista pola defensa do río Eo. Os seus libros e colaboracións son testemuño do seu compromiso co mundo da pesca e coa sustentabilidade.

Finalmente, o recoñecemento tamén será para Antonio Pérez Henares, Chani, escritor, cazador e defensor do medio rural. Chani, que foi pregoeiro da Festa da Troita en 2017, elixiu a Pontenova como un lugar de repouso e inspiración, destacando pola defensa do patrimonio natural.

dade Deportiva Río Ulla, presidida por Manuel Sanmartín, estableceu grandes vínculos coa Pontenova na defensa da pesca. A terceira Troita de Ouro é para o programa Río de la Vida, un dos máis novos de radio pero que xa colleu forza no colectivo de pescadores a nivel nacional. Dende fai anos os seus responsables, Oscar Arratia y Sebastián Cuestas, acoden á festa para divulgar en directo os acontecementos do evento.

PEDRAS DE HONRA. A primeira Pedra de Honra será para o 'Canal Caza y Pesca' de Movistar+. Este medio destaca polo seu apoio á Festa da Troita e polos programas de Nacho Rojo e Susana García, que sempre

o valadouro

PAPANOELADA MOTEIRA



Papá Noel foi recibido polo Moto Clube Val D'Ouro e a Asociación Cultural Amado Lar, que organizaron a Papanoelada Moteira. Unha comitiva acompañouno polas rúas e nenos e nenas puideron coñecelo e ata lle cantaron. Amado Lar realizou unha actuación coa interpretación de panxoliñas. Tamén se fixo entrega dos vales correspondentes ao concurso que buscaba a moto máis vistosa. E non faltou o chocolate con churros.

Ourol

José Hermida, do PP, reivindica a necesidade dun centro de día e dunha residencia da terceira idade

Por Amanda Fernández

José Hermida Corbelle, portavoz do Partido Popular (PP) en Ourol, representa á oposición deste Concello. Con 18 anos acabados de cumprir foi nas listas do PP de Ourol con Guillermo Salgueiro. “Foi unha experiencia moi gratificante, xa que coñecín todo o Concello e a todos os veciños nunha época na que todo era unha continua transformación”, afirma José Hermida.

Así, expón que hai 9 anos que forma parte da política local do Concello de Ourol nesta “última etapa” xa que con anterioridade estivera oito anos. No que atinxe ao papel da oposición neste Concello, sinala: “Facemos un traballo de seguimento do que realiza o equipo de Goberno, e trasladamos as preocupacións dos veciños e veciñas, así como as súas queixas”.

Considera José Hermida que o papel da oposición dun concello consiste no “control” e “seguimento” daquilo que fai o Goberno e informar do se cre que “se fai mal”.

O PP EN OUROL

Pola súa parte, con respecto a como os populares axudan a mellorar a vida dos veciños e veciñas de Ourol, di que “por resultado”, o PP non pode “axudar a mellorar demasiado” xa que non goberna. “Nós o que estamos é sempre a disposición dos veciños para o que necesiten e nós poidamos axudar”, destaca José Hermida.

Ser parte da oposición implica unhas responsabilidades e deberes. O portavoz do PP fai fincapé nesta cuestión: “Tes que organizar a túa vida o mellor posible por que require estar sempre pendente do que ocorre no Concello, non é cuantificable en tempo, tes que sacar da túa vida privada para dedicarlle ás preocupacións e problemas dos veciños e veciñas”.

Así, fai referencia ao tempo e a atención constante que se realiza e vai máis aló dunha xornada laboral. Porén, tamén concreta que ten moitos beneficios, pero sinala un como principal e esencial: “Principalmente o aportar a que se melloren os servizos en Ourol en xeral da mellor forma posible e tamén o contacto coa veciñanza”.



José Hermida Corbelle ten un obxectivo claro en mente e polo que traballa diariamente que é “chegar a gobernar o Concello”, onde naceu e leva vivindo toda a vida. Recoñece que é un “namorado do rural” e especialmente de Ourol.

AS LIÑAS DE ACTUACIÓN

Hermida Corbelle describe as principais liñas de actuación que ten o seu programa. Para iso cómpre detectar necesidades no Concello. “O centro de día, é para min a necesidade máis importante”, expón. Seguindo deste, estaría a necesidade dunha residencia da terceira idade, vivendas sociais e poñer a disposición de empresas solo industrial en óptimas condicións.

“Temos unha media de idade de 60 anos, de aí a necesidade tanto do servizo de centro de día como de residencia. De feito, hai xente que se está trasladando a Viveiro ao centro de día, pero botan máis tempo no transporte ca no centro”, apunta neste sentido. Así, eses servizos tamén “crearían postos de traballo e axudarían ao asentamento no rural”.

Así, explica que nas liñas de actuación do seu programa está presente a importancia de impulsar o polígono industrial que “non está adaptado”. Así, procura ofertalo a prezos competitivos. “Habería que mobilizar á poboación para concretar terreos mediante o intercambio de fincas entre particulares e a apertura de pistas forestais. Agora quérese vender un polígono sen urbanizar ao prezo doutros urbanizados e mellor situados”, sostén. Con todo, asegura que se o seu partido chegara ao Goberno: “Cumpriría co noso programa”.

Actualmente describe a súa rela-

ción co equipo de Goberno como “cordial e de respecto”. Manifesta que hai que respectar o que propuxeron os veciños e veciñas de Ourol, “pero con responsabilidade expresar as discrepancias en cada momento que aparece algo que non consideramos que estea ben feito”. De feito, se tivese que sinalar algo bo que fai o Goberno actual salienta as “melloras no abastecemento de augas”.

Unha cuestión que ten clara José Hermida é que non está a favor dos pactos para conformar un goberno estable por este motivo que indica: “Considero que é unir dous programas e levar a cabo ideas distintas que, por norma xeral, non aporta nada a mellora dun pobo”.



“Tes que sacar tempo da túa vida privada para dedicarlle ás preocupacións de veciños e veciñas”

“Considero que unir dous programas non aporta nada á mellora dun pobo”

O PP reclama desde o Senado melloras concretas para a N-634

O PP lucense pedirá dende o Senado “prazos e investimentos concretos” ao Goberno de Sánchez para a mellora da estrada N-634 no treito entre Mondoñedo e A Xesta (Abadín) e a prolongación do terceiro carril en sentido ascendente tras constatar que “non ten previsto realizar ningunha actuación” neste treito ao asegurar, en resposta oficial aos senadores, que “o firme e as marcas viarias están en correcto estado”.

Así o deron a coñecer a presidenta provincial, Elena Candia, e os senadores -José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano- en Mondoñedo acompañados polo alcalde do municipio, Manolo Otero; os rexedores de Abadín e O Valadouro e o portavoz de Alfoz, José María López Rancaño, José Manuel Lamela e Juanjo Fraga, respectivamente, e tamén veciños de Mondoñedo; despois de valorar a resposta do Executivo ás preguntas dos representantes no Senado.

Os populares afean a resposta do Goberno de Sánchez toda vez que “veciños e usuarios podemos comprobar que o pavimento está deteriorado e o alumbeado e a sinalización precisan ser mellorados para garantir a seguridade da vía que incrementa o seu volume de tráfico cando pecha a A-8 pola néboa e, polo tanto, cando as condicións para a circulación non son óptimas”. Balseiro incidiu tamén en que “este non é un tramo calquera” porque é a vía alternativa á autovía do Cantábrico, unha das de España que máis veces se corta ao tráfico ao longo do ano e cun dos radares que máis multas rexistra nas estradas de Galicia.

A presidenta provincial e deputada autonómica incide tamén en que “as actuacións que estamos a reivindicar foron xa proxectadas polo Goberno do Partido Popular no ano 2017”, pero Pedro Sánchez incluso “desoe acordos adoptados en distintas institucións”.

Augas de Galicia realiza labores de conservación en varios ríos

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia, iniciou os traballos de conservación e mantemento en varios tramos fluviais do concello de Mondoñedo, que suman un total de aproximadamente 8,5 quilómetros.

As actuacións consisten na retirada de árbores caídas e biomasa presente nas canles fluviais para evitar atoaamentos así como en labores de roza puntual de arbustos no acceso ás canles.

Os traballos, que xa foron comunicados ao concello, prolongaranse durante aproximadamente 10 semanas e realizaranse mediante a aplicación de ferramentas manuais, o uso de motoserras e rozadoiras así como coa utilización dun tractor.

Unha vez completados os traballos, os tramos fluviais quedarán despexados, garantindo a circulación fluída das augas e contribuíndo á prevención de posibles inundacións. Estas accións están enmarcadas no programa de mantemento, conservación e me-



llora do dominio público hidráulico, que inclúe as bacías da demarcación Galicia-Costa e as súas áreas de acceso e protección.

Ademais, as zonas de intervención están catalogadas como áreas de alto risco potencial significativo de inundación, polo que os traballos buscan tamén reducir os riscos asociados a este tipo de eventos.

Actuarán primeiro no río Valiñadares con intervencións en algo máis de 4 quilómetros, abranguendo as parroquias de Santia-

go de Mondoñedo, Nosa Señora dos Remedios e Nosa Señora do Carme.

No río Gontán farán actuacións en 3,1 quilómetros nas parroquias de Nosa Señora dos Remedios e Santa María de Viloalle.

Bo río Masma serán tarefas de mantemento en preto de 900 metros dentro da parroquia de Santa María de Viloalle.

Noutros tramos haberá unha intervención en máis de 300 metros dun río localizado no lugar de Gontariz.

ourol

Concentración masiva de veciños fronte ao centro de saúde

Unhas 500 persoas ateigaron o Centro de Saúde de Oourol en loita por un médico de familia todos os días a tempo completo. A Plataforma Sanitaria da Mariña e o Concello de Oourol convocaron unha concentración diante do Centro de Saúde de Oourol para denunciar a grave situación que atravesa o servizo sanitario na localidade.

Segundo traslada Montse Porteiro, portavoz da Plataforma, asistiron os alcaldes de Oourol, a teniente de alcaldesa do veciño Concello de Muras, o representante do tecido veciñal que organiza as concentracións mensuais que dende hai máis dun ano están a facerse no Vicedo na procura de médico de familia.

“A situación é dramática, falta persoal nos centros de saúde, nesta comarca con máis de 70.000 habitantes, o desmantelamento da sanidade pública está a producir un dano irreparable. En Oourol falta o médico e están substituíndo cunha persoa que vén a pasar consulta algún día



da semana e durante unhas horas. No mes de xaneiro estará só cinco ou seis días e non toda a quenda”, afirma a portavoz.

De igual forma destaca que os días que non hai médico, o SERGAS está a derivar cara ao Concello de Muras: “Contan cun centro de saúde pequeno, nun concello pequeno con graves problemas tamén de médicos. Aí hai pouco tempo estiveron tamén facendo concentracións por este motivo”.

Desde o centro de saúde de Oourol, a Plataforma Sanitaria da Mariña, a través da súa portavoz, manifestan que queren “dicirle a quen xestiona a sanidade que non imos parar de loitar por unha sanidade pública de calidade. Esiximos que se substitúa ao médico todos os días, desde aquí anunciamos que isto non queda aquí. Seguiremos loitando para que todos os concellos teñan a dotación de persoal que se merecen para ter unha sanidade pública de primeira”.

vegadeo



Moi boa acollida dos cursos dixitais do Concello

O Concello de Vegadeo continúa coa súa aposta pola alfabetización dixital grazas aos seus cursos de “Iniciación a Internet” e “Introdución á Informática”, co fin de mellorar a competencia dixital.

Xa son máis de 40 persoas as inscritas nestas accións formativas que permiten aprender a navegar por Internet, crear documentos ou xestionar correos electrónicos. “O progreso está a ser increíble”, destacan dende o Concello.

Así, a formación, que se prolongará dende abril de 2024 ata agosto

de 2025, abarca diversas temáticas como equipos informáticos, teléfonos móbiles, administración electrónica e creación de contidos. Ademais, hai quendas dispoñibles tanto pola mañá como pola tarde, adaptándose ás necesidades dos usuarios.

Aínda está aberto o prazo para inscribirse no propio Concello de Vegadeo. Para máis información, un pode chamar ao 985 634 022, escribir ao correo electrónico telecentro@vegadeo.es ou contactar a través de WhatsApp no 697 162 713.

O Concello revela os gañadores do Leiras Pulpeiro e do Díaz Jácome

O Concello de Mondoñedo anunciou os gañadores dos XIII Premios de Poesía Leiras Pulpeiro e dos XXV Premios de Poesía para Novos Creadores Díaz Jácome. O fallo correu a cargo dun xurado composto por Armando Requeixo, crítico literario e coordinador da Casa Museo Álvaro Cunqueiro, e os profesores Aurita Ramil e Chema Felpeto.

Nos Leiras Pulpeiro, o primeiro premio foi para Quico Valeiras, de O Carballiño, co poemario *Fóra do propio*. O segundo galardón recaeu en Yolanda López, de Ourense. O terceiro premio foi para Xoán Francisco Pérez Argibay, de Compostela, co poemario *Os ollos da demencia*.

Pola súa banda, no certame Díaz Jácome para novos creadores, o primeiro premio foi para Daniel Chapela, de Bueu, coa obra *Traxedia en tres actos*. O segundo premio distinguiu a Paula Currás, de



Cambre, por *Disecionar a tinta*. Finalmente, o terceiro premio foi para Saray Rodríguez, de Ourense, co poemario *Homónima*.

O edil de Cultura, Alberto García, felicitou aos galardoados tamén durante os actos de entrega, que se celebraron en decembro no salón de plenos da casa do concello. O acto

dos Díaz Jácome tivo lugar o sábado 21, e o dos Leiras Pulpeiro, o 28, ambos ás 12.00 horas. García destacou que estes certames consolidan a Mondoñedo como un epicentro cultural galego, en harmonía con outros premios locais como o de Novela Álvaro Cunqueiro, organizado en colaboración coa Xunta.

Abrirá en febreiro a inscrición da XXXIV Concentración Mototurística

O Motoclub Ruta N-634 anuncia a XXXIV edición da concentración Mototurística de Mondoñedo, que terá lugar os días 22 e 23 de marzo de 2025. "Contamos ter máis ou menos entre 300 e 400 persoas inscritas, xa que vén xente de toda España ao que chamamos a Invernal de Galicia", afirma Miguel Arias, presidente do Motoclub.

Explica que a inscrición á concentración inclúe diferentes aspectos: "Leva un pincho de benvinda de empanada de Mondoñedo, unha caña de cervexa, un pin e unha camiseta conmemorativa e unha bolsa na que incluímos trípticos de Mondoñedo". Tamén vén incluída a cea do sábado noite amenizada pola xa contratada Orquestra Fuego. De igual forma, o almorzo do domingo "con madalena de Mondoñedo" e a comida desa xornada.

A preinscrición poderase facer a partir do 11 de febreiro e con ela está garantizada a participación no evento. O prezo é de 40 euros se é completa de sábado e domingo e 30 euros a de media preinscrición ben sexa o día 22 ou o 23. En ambos casos incluírase unha camiseta e un pin. Habrá un Dj durante o día, unha ruta con pinchos o domingo e sesión vermú, baixo carpa e con toro mecánico.



Supervisan a actividade da residencia de maiores e do centro de día

A Xunta de Galicia destaca as actividades e iniciativas que se desenvolven na residencia de maiores e no centro de día San Rafael en Mondoñedo para potenciar o benestar dos maiores e impulsar o envellecemento activo. Así o expresou o director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, na súa visita a ambos recursos. Antón Acevedo sinalou que este complexo conta tamén cunha unidade para doentes de Alzheimer que ofrece uns cuidados específicos e que garante unha atención de calidade adaptada

ás necesidades destes usuarios. Así mesmo, fixo fincapé en que estes recursos son fundamentais para mellorar a conciliación das familias.

Neste senso, o director xeral lembrou que a Xunta de Galicia conta con diferentes recursos e iniciativas que axudan aos maiores a ter un envellecemento activo e destinado a fomentar a súa actividade cognitiva e de prevención de demencias. Deste xeito, trasladou o compromiso do Executivo galego de seguir traballando no benestar das persoas maiores.

Entréganse os premios do Concurso de Tapas Cidade de Mondoñedo



Os gañadores do XVII Concurso de Tapas Cidade de Mondoñedo recibiron os seus premios nunha entrega. O acto, levado a cabo no Salón de Plenos da Casa Consistorial, acolleu a representantes dos establecementos, que formaron parte do concurso, así como ás persoas agraciadas cos diversos premios sorteados entre os participantes no mesmo.

O establecemento gañador do concurso de tapas, por votación popular, foi O Petisco coa tapa denominada *Eu que sei!*, en segundo lugar quedou A Taberna de Galiana con *Bocado do Casalón* e, en terceiro lugar Faragullas con

Un Vou e Veño.

Entre as persoas que foron de tapas por Mondoñedo, sorteáronse catro entradas á Cova do Rei Cintolo, tres lotes de viño, unha noite na Suite do Hotel Camiño de Estrelas, así como un lote de viño de O Bodegón a Catedral, unha cea para dúas persoas en O Petisco, unha Pizza en O Porriño e un lote de produtos de O Rincón de Mondoñedo.

Desde a hostalería mindoniense e o Concello agradeceron a gran acollida que tivo este evento e emprazar a todo o mundo para a vindeira edición que terá lugar a finais do ano 2025.

O PSdeG insta a un uso responsable do vehículo de protección civil

Os socialistas de Mondoñedo emprazan ao PP de Mondoñedo a utilizar o vehículo de protección civil exclusivamente para emerxencias. Na pasada sesión plenaria, o PSdeG de Mondoñedo, defendeu varios rogos nos que se inclúe unha petición ao concelleiro do PP responsable de Protección Civil. Concretamente "que o Concelleiro responsable de Protección Civil utilice o vehículo público, pagado cos impostos de tódolos mindonienses, exclusivamente para atender as emerxencias do Concello. Xa que temos moitas queixas da veciñanza, como tamén comprobamos nós, que este vehículo público está operativo pola noite en diferentes establecementos locais".

O PSdeG de Mondoñedo lembra que xa denunciou, o pasado mes de marzo, dúas multas deste vehículo, pagando con fondos públicos

municipais. A primeira multa foi por exceso de velocidade o pasado 5 de decembro de 2023 ás 11.06 horas da mañá, e segundo sinalaron desde o goberno municipal "este vehículo dirixíase a Santiago a unha reunión coa Consellería de Medio Rural", cando circulada a 73km/h, nun tramo limitado a 50km/h. A segunda multa é do pasado 22 de outubro de 2023 ás 20.38 horas, na estrada LU-160, punto quilométrico 1, dirección Ferreira, cando este coche era conducido polo Concelleiro de Obras do Concello de Mondoñedo e deu positivo nun control de preventivo de alcoholemia. "Nunha primeira proba cunha taxa 0,39 e na segunda con 0,32. Polo que houbo retiralle o vehículo nese mesmo instante, e trasladado por outros medios", segundo puideron constatar dende o PSdeG de Mondoñedo.

XOVE



Paviméntase e melloran a seguridade vial entre San Vicente e Vilela

O Concello de Xove, a través do seu alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa, informa da finalización das obras de pavimentación e mellora da seguridade viaria no camiño que une os núcleos de San Vicente e Vilela, na parroquia da Rigueira. Esta actuación supón un importante avance para mellorar o acceso rodado na zona, incrementando a seguridade, accesibilidade e durabilidade da vía.

O camiño, que ata agora era estreito e dificultaba o paso de dous vehículos, supoñía un problema para o tránsito de vehículos de gran tamaño como os de servizos de reparto de butano, recollida de lixo ou emerxencias como bombeiros.

Os traballos realizados consistiron na

limpeza e saneado dos bordos do camiño, retirando a vexetación existente. Ademais, procedeuse a anchar e facer o talude da vía nunha largura aproximada dun metro. Executáronse canalizacións de auga entubada e instaláronse cunetas de formigón practicable, permitindo así unha maior amplitude na vía. Finalmente, aplicouse unha capa de asfaltado de 5 cm de espesor, composta por mestura bituminosa continua en quente AC16 Surf D, que inclúe o rego previo para a capa de rodaxe.

O orzamento base de licitación para esta obra foi de 77.876,23 euros, e tras o proceso de licitación pública, o contrato foi adjudicado á empresa Carferlo SL por un importe final de 73.024,35 euros.



O Concello presenta o seu calendario de 2025 con paisaxes pouco coñecidas

Dolores Meitín Guerreiro, concelleira de Cultura do Concello de Xove, presenta o Calendario 2025. Trátase dunha iniciativa municipal que cada ano se envía nestas datas a tódolos domicilios do concello.

A temática seleccionada para este 2025 son as paisaxes do municipio menos coñecidas. Panorámicas

singulares ou recunchos de gran beleza pertencentes ás oito parroquias de Xove.

Informan desde o Concello que o almanaque complétase cunha felicitación de nadal do alcalde e da corporación municipal, ademais dunha ampla listaxe con teléfonos de servizos de interese para a poboación.

A Deputación apoia a creación dun circuito de pump track

A Deputación realiza unha achega de 105.000 euros ao Concello de Trabada para impulsar a creación de novas instalacións deportivas e mellorar varias vías municipais. O presidente, José Tomé Roca, asinou no Pazo de San Marcos o acordo de colaboración co alcalde, Rubén García Freije. José Tomé afirmou que institución provincial renova esta colaboración no marco do seu compromiso de cooperación cos concellos da provincia, especialmente aqueles de menor tamaño, como é o caso de Trabada.

A principal partida do financiamento destinarase á construción dun circuito de pump track para bicicletas e monopatíns, unha infraestrutura que se localizará no complexo deportivo de Santa María, entre o colexio e a piscina municipal. Esta nova instalación ocupará unha superficie de aproximadamente 600 m² e estará rodeada por outras dotacións deportivas existentes, como unha pista de pádel, unha pista multideporte, unha tiroliña e un campo de bolos celtas.

O proxecto incluír a limpeza e preparación do terreo mediante desbroce e retirada de materiais sobrantes; a creación dunha base sólida con capas de formigón armado e materiais seleccionados para garantir a durabilidade da instalación e a colocación



dun circuito modular deseñado para permitir a práctica segura deste deporte tanto por principiantes como por usuarios avanzados.

A construción do pump track reflicte o compromiso do Concello de Trabada por fomentar o deporte ao aire libre e promover un estilo de vida saudable entre os seus veciños, ademais de ampliar as actividades dispoñibles para a mocidade.

VÍAS MUNICIPAIS. Outra parte da achega da Deputación financiará proxectos de acondicionamento viario que mellorarán a conectividade nas parroquias de Sante e Vilaformán.

Por unha banda, vaise actuar nos accesos a Pena Quente, na parroquia

de Sante, cunha pavimentación dun tramo de 356 metros de lonxitude e un ancho entre 3,2 e 4 metros, ao tempo que tamén se vai actuar nun ramal de 70 metros que presenta deterioro polo paso do tempo.

Por outra banda, na parroquia de Vilaformán, acometerase a mellora dos accesos a Vilaxuá e A Igrexa. No acceso a Vilaxuá pavimentarase o camiño con formigón armado, instalaranse sistemas de drenaxe e construírse un murete de contención dun metro de altura para garantir a estabilidade do terreo nas zonas con pendente. Así mesmo, no vial de acceso á Igrexa renovarase o firme tras corrixir as deformacións existentes, e limparanse as cunetas para optimizar a evacuación da auga.

Trabada pon en alugueiro social as antigas vivendas dos mestres

O Concello de Trabada anuncia que pon en alugueiro social as antigas vivendas dos mestres situadas nas escolas unitarias das parroquias de Trabadela, Sante, Vidal e Vilaperdice, tras completar un proceso de rehabilitación que permite darlles unha nova vida.

“Hai anos comezamos un proceso de reforma que agora dá os seus froitos, con alugamentos sociais nun momento especialmente complicado para acceder a unha vivenda en toda España”, destacou o alcalde de Trabada, Rubén García.

Con esta iniciativa, o Concello busca ofrecer protección aos colectivos máis vulnerables, promovendo un uso social para os inmobles que no pasado desempeñaron un papel fundamental na vida das parroquias. “Queremos darlle unha nova utilidade a estas antigas escolas que tanto significaron para as nosas comunidades”, engadiu o alcalde.



Os prezos do aluguer oscilarán entre os 100 e os 155 euros, en función do valor de cada vivenda e das bonificacións ás que poidan acceder os solicitantes.

“Unha iniciativa coa que temos que estar moi satisfeitos, as antigas escolas unitarias terán agora un uso 100% social, con actividades das aso-

ciacións veciñais e estas vivendas en alugamento social”, sinalou.

As persoas interesadas dispoñen dun prazo dun mes para presentar as súas solicitudes. Toda a información necesaria pode consultarse na sede electrónica do Concello de Trabada e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo deste luns, 16 de decembro.

“Sigo con moita ilusión e incluso con máis ganas”

O alcalde de Trabada, Rubén García, cumpre un ano de mandato e realiza un balance das principais liñas de actuación durante este tempo

Por Amanda Fernández

Falamos con Rubén García Freije, alcalde do Concello de Trabada, está a piques de cumprir un ano ao fronte. Para ser exactos, o día 19 de xaneiro de 2024, tomou posesión.

Que balance fai deste ano como alcalde?

A verdade é que foi un ano moi ilusionante, de moita experiencias novas. Aprendín moitísimas cousas e sigo aprendendo e experiencias positivas, algunha tamén negativa, é certo. A verdade é que, xa transcorrido este ano, estou moi contento, con moita ilusión e incluso con máis ganas.

Que lle transmitiu a veciñanza de Trabada durante este tempo?

Teño que agradecerlles a boa acollida e recibimento que tiven dende o momento de chegar á Alcaldía. É certo que levo de concelleiro, dende o ano 2025, cando Mayra ganara as eleccións por primeira vez. Ela estivo 9 anos como alcaldesa e eu levo un e temos ideas moi semellantes e a mesma liña de traballo. Tanto eu como os meus compañeiros cremos na mesma liña, baseada en políticas de utilidade para a xente con contacto directo e que cando un veciño acode cun problema, nós buscar solucións. Pese a levar tempo no Concello, agora, como alcalde, é unha sensación diferente. Recoñezo que son unha persoa á que lle gusta moito o contacto directo, falar as cousas e poder atender as súas necesidades.

Cales son as accións máis destacadas do Goberno neste ano?

Seguir na liña marcada dende o ano 2015 que é, en definitiva, velar directamente polos intereses e coidar aos veciños e veciñas de Trabada. O tipo de política, que levamos practicando dende entón, e seguimos levando a cabo desde que cheguei á Alcaldía,

continuará durante os próximos anos. Queremos prestar servizos á xente, intentar levar a cabo diferentes actividades para que teñan unha mellor calidade de vida, en definitiva. Realizar así diferentes proxectos para que Trabada sexa un concello atractivo para que se poidan asentar aquí familias de fóra do noso concello. Un dos principais proxectos nos que levamos todos estes anos traballando son os programas de conciliación. Somos coñecedores de que a día de hoxe non contamos con moitos nenos do colexio e si que

“Neste 2025 imos crear tamén o campamento xuvenil, enfocado a nenos e nenas do Concello entre 12 e 17 anos”

dende o Concello queremos loitar ou poñer en práctica diferentes programas para que calquera persoa que estea buscando un novo lugar onde asentarse e crear unha familia, que vexa Trabada como un lugar atractivo. Entre os programas, por exemplo enfocados á familias en horario escolar, o programa ‘Madrugadores’ pola mañá e ‘Ludiseráns’ pola tarde, calquera familia pode deixar ao seu neno ás oito da mañá no colexio e ir recollelo ás sete da tarde. A maiores, sumamos os campamentos que facemos durante Nadal e verán, que son programas de conciliación neses períodos cando non hai colexio. Neste ano 2025 imos crear tamén o campamento xuvenil, enfocado a nenos e nenas do noso Concello entre 12 e 17 anos. Dentro destes pro-

gramas damos a facilidade, se quedan prazas dispoñibles, de acceso a nenos e nenas con familiares empadroados no noso Concello. Despois, entre os proxectos que estamos levando a cabo, de feito está agora mesmo aberto o prazo de solicitude, é o das vivendas en alugueiro social. Reformamos as vivenda das antigas escolas que temos polas diferentes parroquias e así podemos sacalas en alugueiro social. Queremos seguir con este proxecto reformando o restante das vivendas que nos quedan e tamén nun futuro, unha vez rematadas, xa temos proxectos en mente de ir pouco a pouco intentando adquirir vivendas privadas, reformándoas e sacándoas en alugueiro social dende o Concello.

Como é a relación cos concelleiros da oposición?

É certo que practica un tipo de política do que eu non son para nada partidario. Neste ano, sempre o dixen e o sigo mantendo, o equipo de goberno somos un equipo co que se pode falar e chegar a acordos, pero sempre cunhas formas e cunhas ferramentas baseadas no respecto.

Cales son as principais necesidades do Concello actualmente e nas que están traballando?

Como pasa practicamente en todos os concellos, temos problemática co tema da vivenda. Notamos que en Trabada contamos con vivenda, certo que para a venta non está habendo tanto problema. Hai movemento bastante importante desde a Covid, que se están vendendo bastantes vivendas, tanto pisos como casas. Porén, á hora do alugueiro si que creo que a xente é máis reacia a alugar as súas vivendas a unha persoa descoñecida. Traballamos nesa liña xa dende hai anos, coa reforma destas vivendas, e mando unha mensaxe para animar aos veciños e veciñas



que se contan con vivenda pechada que aluguen. É unha necesidade importante que temos agora mesmo. En Trabada temos unha poboación moi envellecida e por iso desde o Concello ofertamos diferentes programas, como a de terapia ocupacional. Imos polas parroquias realizando actividades, tanto físicas como cognitivas, cos nosos maiores de xeito gratuito e para calquera persoa que queira. Desde que estamos no Concello foise fortalecendo o servizo de Axuda no Fogar. A día de hoxe contamos con 13 ou 14 traballadoras neste servizo, prestamos máis horas e chegamos a máis veciños. A maiores deste, quero destacar tamén o centro de maiores co que contamos e no cal están 39 persoas, a maior parte veciños e veciñas. Somos coñecedores de que contamos cunha poboación envellecida, queremos coidalos e por iso traballamos nestas liñas ese programas. Especialmente para esa xente que vive soa ou nunha parroquia de poucos veciños xerar un punto de encontro para socializar con outros veciños, a través destas actividades. Somos un concello moi grande, con máis de 82 km2 con 8 parroquias, e para o equipo de goberno todas son iguais. Por iso xa levamos anos con outro servizo totalmente gratuito para os nosos maiores ou persoas con pouca mobilidade. Trátase dunha furgoneta adaptada coa cal non teñen máis que chamar ao Concello e dicir o día que precisan que se lles vaia recoller. Imos e poden acudir ao centro de Trabada xa sexa para ir a unha consulta médica, ao banco, ou calquera outra xestión. Tamén velar pola súa economía, xa que non é o mesmo este servizo municipal, que ter que chamar a un taxi e pagar por ese servizo.

Que agarda para os próximos anos? Comezando polo 2025, agardo un ano moi intenso, de moita actividade. Imos levar adiante, se todo sae ben, moitos proxectos. Temos outros pendentes de conseguir financiamento como, por exemplo, a creación do albergue. Un ano intenso en canto a obras, investimen-

tos e demais, pero tamén en canto a actividades. Outros dos puntos fortes, independentemente dos eventos e actividades organizadas desde o Concello, xa reflectido nestes orzamentos do ano 2025, serán as colaboracións novas coa maioría das asociacións e clubs do noso Concello. Estamos cada vez máis implicados, coñecedores do importante traballo que fan. Sexa dunha forma ou outra recibirán axuda desde o Concello. Queremos tamén ter unha programación moi importante durante todo o ano e ter variedade de actividades enfocadas aos diferentes públicos e de diferente carácter cultural.

“Un dos puntos fortes serán as colaboracións novas coa maioría de asociacións e clubs”

Que mensaxe lle lanzaría á veciñanza neste aniversario do mandato?

O que lles digo sempre cada vez que falo con calquera veciño cara a cara, que se teñen algunha dúbida, problema ou imprevisto que se lles ocasiona, que acudan tanto a min como aos meus compañeiros. Se algo destaca da política local, que realmente é o tipo de política que a min me gusta, esa proximidade e sobre todo esa acción directa e instantánea que podes levar a cabo. Gústame o contacto directo co veciño e buscar solucións, en definitiva, axudar, que é para o que estamos. Hai unha frase que sempre digo que me gusta moito: “Cando as cousas van ben, os políticos non facemos falta, pero cando as cousas van mal, aí é cando temos que estar”. Así vai ser, aí imos estar, para os veciños e veciñas de Trabada. Así o digo, así o manteño e así vai ser sempre.

O seu ano de mandato nunha palabra... Ilusión.



A Deputación licita os traballos de mellora en tramos da LU-P-4404

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación das obras de dous proxectos que afectarán a diferentes tramos da estrada LU-P-4404 en Riotorto.

Así, a Deputación investirá uns 194.126,22 euros na rehabilitación de tres quilómetros do firme da estrada que conecta Riocabo e As Rodrigas, nun tramo que vai desde

o quilómetro 15 ao 18,03.

Os traballos consistirán na drenaxe mediante a reapertura e mellora das cunetas, pavimentación con aglomerado en quente, o pintado da vía mediante marcas reflexivas brancas e reposición da sinalización vertical. O prazo de execución será de dous meses desde o inicio dos traballos.



A veciñanza mobilizouse por máis cobertura da atención primaria na vila

A veciñanza de Riotorto mobilizouse en defensa do seu centro de saúde. Máis dun cento de persoas asistiron á concentración, convocada polo BNG, para reclamar a cobertura das prazas de medicina familiar do centro de saúde, que leva dous meses sen atención médica estable.

“Non nos conformamos cun consultorio por horas, esiximos atención médica a tempo completo, con persoal estable, traballando en condicións adecuadas para facer un seguimento e un control dos pacientes, que é para o que está prevista a atención primaria”, foi a demanda expresada pola portavoz municipal do BNG, Vanesa Gómez, durante a concentración, que se celebrou diante do centro médico.

“O Partido Popular leva quince anos de goberno e quince anos preparando o desmantelamento dos centros de saúde do rural. E aproveitaron a pandemia para pisar o acelerador a fondo, recortando médicos a base de non cubrir baixas como fixeron aquí facendo consultas telefónicas, e automatizando procedementos para afastar

á xente das consultas”, explicou a voceira nacionalista.

O centro de saúde de Riotorto ten asignadas dúas prazas de medicina familiar. Unha delas leva máis de tres anos sen cubrir por unha baixa da persoa titular, que nunca foi substituída. A segunda quedou vacante a mediados de novembro por un traslado. Desde esa data, o centro de médico só ten atención médica a tempo parcial, en horarios variables.

O BNG de Riotorto manterá a mobilización nas vindeiras semanas. O vindeiro sábado 11 de xaneiro (ás 12.00 horas) celebrarase unha xuntanza aberta na Casa da Cultura para acordar coa veciñanza e cos colectivos que queiran sumarse o calendario de accións a desenvolver para recuperar a atención sanitaria no municipio.

A formación nacionalista presentará no Parlamento de Galicia unha iniciativa para reclamar a cobertura das prazas de medicina familiar no centro de saúde de Riotorto da man do deputado Daniel Castro, que tamén participou na concentración desta mañá.

Finaliza a obra de rehabilitación integral da Xunta no colexio

Finalizan as obras de rehabilitación integral do CEIP de Riotorto, para as que Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP destinou un orzamento de 530.000 euros. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, participou no acto de inauguración organizado polo centro, onde enmarcou esta actuación “no forte impulso que lle está a dar a Xunta á modernización dos colexios e institutos da provincia”.

“Con estas obras as instalacións educativas non só incrementan a eficiencia enerxética, senón que tamén gañan en confort e funcionalidade para responder mellor ás necesidades do día a día”, apuntou. No que atinxe ás actuacións realizadas no CEIP Riotorto, orientáronse principalmente a reducir o consumo enerxético. Para iso acometeuse o illamento da fachada con sistema tipo SATE, a substitución da caldeira de gasóleo por unha de biomasa e a renovación das carpintarías da planta baixa -incluíndo persianas e caixas de persianas- para



reducir a permeabilidade do aire.

Así mesmo, no interior instaláronse luminarias LED con regulación lumínica en aulas e detectores de presenza en zonas comúns e aseos; e colocáronse falsos teitos con illamento acústico en distintas dependencias, entre outras medidas.

Tamén se levaron a cabo outras tarefas, como a substitución do lucernario de policarbonato ondulado que se atopa entre o colexio e o po-

lideportivo por un de policarbonato compacto, a reparación de zonas puntuais da cuberta e do revestimento das paredes, ou o cambio dos canlóns e baixantes de augas pluviais, para unilos ao saneamento existente. Así mesmo, pintouse o interior do colexio, entre outras accións. Arias apuntou que todas estas melloras prográmanse no marco do Plan de nova arquitectura pedagóxica da Xunta.

O Sorteo de El Niño deixa agraciados co segundo na localidade

O Sorteo de El Niño volveu tocar Galicia logo de estar moi repartido. O primeiro premio, dotado con dous millóns de euros, correspondeu ao 78908, que se repartiu integramente en León.

O segundo premio, dotado con 750.000 euros (75.000 euros ao décimo) é o 06766. Na provincia de Lugo caeu en Becerreá e Riotorto. Na Coruña houbo décimos agraciados en Touro, Oza e Ferrol e tamén se vendeu algún en Ourense, na administración de Nuestra Señora de Saínza.

O terceiro, de 250.000 euros por serie (25.000 euros por décimo), tamén estivo moi repartido. Foi o 66777. Vendéuse na Coruña en Castro Camiños e Arteixo, ademais de Ares, Santa Uxía de Ribeira, As Pontes e Santiago (nas administracións de Concheiros e Camiño Francés).

En Lugo tamén houbo décimos vendidos do número en Rábade, Castroverde, Sarria e Vilalba.

Ademais houbo premio para as terminacións dos números 4276 e 1454.

Na extracción das tres cifras saíron as seguintes: 798, 824, 794, 981,

307, 548, 660, 366, 040, 756, 899, 184 e 404. Así mesmo haberá premios para: 31, 26, 89, 68 e 11.

Por outra banda, o sorteo de Nadal tamén deixou algúns cartos na provincia. O terceiro premio, de 500.000 euros por serie, co número 11840, caeu en Ferrol, O Grove, Vigo, Viveiro, Meira, Lugo, Noia, O Porriño e Cortegada de Barros.

A maior parte do premio tocou na cidade Lugo nun estanco situado no número 492 da Avenida da Coruña. A administración vendeu 25 décimos, o que significa que tocaron 1,25 millóns de euros.

O terceiro foi repartido tamén en distintas localidades galegas. En Viveiro, na administración da Praza Maior, 6, vendéronse dez décimos premiados (500.000 euros). Tamén resultou premiada a administración da Praza Maior de Meira.

O cuarto tocou algo en Monforte, na avenida da Coruña de Lugo e na Librería Catigas de San Cibrao, en Cervo, que repartiu un total de 140.000 euros. Ademais, algúns décimos do 37876 caeron en Lugo e do 74778, repartiron en Loterías Bafana, en Foz.

O CEIP local participa na fase autonómica do programa Observa_Acción

Un total de 36 centros educativos galegos, entre os que se atopa o de Riotorto, intercambiarán boas prácticas docentes ao abeiro da fase autonómica do programa Observa_Acción da Xunta, unha iniciativa impulsada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP que fomenta a aprendizaxe conxunta entre o profesorado a través do intercambio de experiencias e a observación.

O programa configúrase como un modelo de formación baseado na observación tanto a nivel interno dos propios centros como en colaboración con outros de dentro e de fóra de Galicia. Isto permite aprender novas estratexias de ensinanza, novos enfoques pedagóxicos e xestión da aula. Isto é, a través da súa participación no programa, os docentes coñecen e comparten outras realidades educativas que despois poden aplicar nos seus colexios e institutos. En concreto, o intercambio permite experimentar novas vías de formación do profesorado e favorecer a innovación educativa nos centros, ao tempo que se facilita aos docentes a posibilidade de observar de forma directa metodoloxías nos procesos de ensino-aprendizaxe, xeitos de relación e comunicación ou vías de xestión dos recursos.

O Vicedo

Verónica Canoura Paz é a voceira da agrupación municipal do PSOE neste concello mariño

Por Amanda Fernández

Verónica Canoura Paz é voceira do PSOE en O Vicedo, e lembra que se vinculou ao partido cando era ben nova. Foi cando daquela compañeiros da agrupación buscaban xente nova polas parroquias que non estivesen de acordo coa forma de traballo que tiña o Goberno local. “Era afín aos meus pensamentos e forma de traballo, non o dubide”, sinala Verónica.

Foi nas listas do partido en 2015, dende 2019 é concelleira e dende marzo deste 2024 é a actual voceira, en substitución de María Pérez Santaballa por temas de saúde.

Facendo fincapé no papel da oposición no Concello, explica que como en todos os concellos non “é un papel fácil e menos cando hai maioría absoluta”. Canoura Paz indica que teñen tres concelleiros: “É dicir, o 33 % da poboación que confiou en nós para representalos”.

O PSOE EN O VICEDO

Como axudan os socialistas a mellorar a vida dos veciños e veciñas deste concello de A Mariña? A voceira fai fincapé en que como oposición escoitan aos seus veciños para intentar mellorar o día a día do Vicedo e das súas parroquias, e trasladar todo en cada pleno ao que acoden.

Así, especifica que ser parte da oposición permite que se poidan facer moitas cousas, en especial, sinala, “traballar da man dos nosos veciños e veciñas para que esa porcentaxe sexa cada vez máis alta e confíen en nós como equipo de goberno”. A voceira socialista fai fincapé en que traballan “por e para O Vicedo”.

Recoñece que conciliar a vida laboral coa familiar e o engadido da política non é doado porque falta tempo para dedicar. “Creo que falo non só no meu nome, xa que os meus compañeiros e máis eu o que queremos ao final desta lexislatura é que os veciños saiban que estamos aquí non só para facer ruido, senón para axudar no que se poida, para iso estamos, para traballar polo Vicedo”, manifesta e engade que merece a pena o sacrificio porque o mellor beneficio sempre é ver “que se teñen en conta as



nosas propostas no pleno e poder chegar a cumprilas”.

APOSTAS DO PARTIDO

Verónica Canoura Paz sinala como principal necesidade do Concello de O Vicedo “poder ter todos os servizos básicos cubertos”. Considera que é necesario atraer poboación e facilitar a creación e o asentamento de empresas; outorgar unha boa atención ás crianzas para poder conciliar a vida laboral e familiar; a creación de emprego para a mocidade e unha boa atención para as persoas maiores. “Temos un centro de día pendente de abrir desde fai anos”, lamenta sobre esta cuestión e indica que hai que facer por potenciar o Concello durante todo o ano par que non se “converta nun pobo de vacacións”. De igual forma, traballar no rural, levar máis vida ás aldeas da man das “nosas asociación culturais”.

“Gustaríanos que se tomaran máis en serio os rogos que facemos, xa que son necesidades básicas que nos demandan os veciños”

Detectadas estas necesidades, a socialista fai un repaso polas accións que están levando a cabo nesta lexislatura: “Estamos traballando moito as redes sociais, para poder chegar a todo tipo de veciños, intentamos publicitar o máximo posible a actualidade do día a día do que está pasando no Concello, así como o noso traballo diario, ben sexa na asistencia a ple-

nos, como a calquera outro tipo de actividades”.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

A voceira do PSOE destaca diferentes liñas de actuación. Comeza mencionando as áreas de cultura e educación para traballar polo futuro dos menos e escoitar de preto as inxerencias do Colexio de O Vicedo. Así, procuran realizar un estudo dos horarios do Punto de Atención da Infancia para lograr “unha verdadeira conciliación de vida laboral e familiar”. De igual forma, a creación de ludotecas nas datas de vacacións do PAI. Na cultura, participar e fomentar o diálogo con colectivos e asociacións e dinamizar o programa de actividades da Casa da Cultura.

No que respecta a Urbanismo, indica: “Estudiarase a posibilidade de rematar o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), xestionar o acceso a internet en condicións óptimas en todo o territorio do concello, núcleos de poboación con accesos axeitados, estradas municipais limpas de maleza, ancoraxe de contedores, crearemos un plan de recuperación, conservación e mantemento de fontes, lavadoiros, cruceiros e muiños do Concello, entre outras cousas...”

TURISMO

No relativo ao Turismo buscan mellorar os servizos básicos en todas as praias, a ampliación de actividades da Romaxe Viquinga no Casco de O Vicedo para que veciños hostaleiros poidan desfrutar desta celebración, a desestacionalización do turismo, procurando que a xente acuda ao Concello tódolos meses do ano, e non só na época estival.

En Benestar e Servizos Sociais, centrándose nas persoas maiores,

teñen como obxectivo xestionar urxentemente a apertura do centro de día, potenciar a atención domiciliaria a fin de reducir ou eliminar a lista de espera existente, crear de actividades lúdicas para as persoas maiores e un programa de acompañamento e atención.

Tamén buscarían axudas para o asentamento de empresas e autónomos que veñan de fóra, axudas para novas empresas que se crean... En Deportes, apoiarán economicamente a U.D. Folgueiro, a aqueles veciños que sexan depor-

“Temos un centro de día que está pendente de abrir desde fai anos”

tistas federados de calquera disciplina e buscaríase a creación de escolas deportivas municipais para o fomento e práctica do deporte base,... Queren crear unha canle de Whatsapp do Concello como ferramenta de comunicación, así como a gravación e difusión das sesións dos plenos en Internet.

Verónica Canoura Paz afirma que se chegan ao Concello apostarán pola transparencia en todo o momento con moitas ganas de traballar polos intereses da veciñanza e cubrir as necesidades básicas. Así, recoñece que o seu partido estaría a favor dos pactos “sempre e cando beneficien aos veciños”. Ao equipo de Goberno actual manda esta mensaxe: “Gustaríanos que se tomaran máis en serio os rogos que facemos, xa que son necesidades básicas que nos demandan os veciños. Pola nosa parte, sempre intentamos ter unha relación cordial, educada e respectuosa para poder chegar a conseguir os nosos fines”.

“Queremos que ao final desta lexislatura os veciños saiban que estamos aquí non só para facer ruido, senón para axudar no que se poida”

O PSOE do Vicedo traslada a súa aposta polo arranxo da estrada LU-P-6405

Desde o PSOE do Vicedo trasladan que, mantiveron diversas reunións durante este ano co Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, para falar de diferentes temas de interese para os veciños e veciñas.

“Estamos encantados de que O Vicedo forme parte da maior inversión na historia de estradas que acometerá a Deputación para o vindeiro 2025. Marcamos como prioridade, o arranxo en aglomerado en quente da LU-P-6405 O Vicedo-Vilasuso-Alto de Moreiras, actuación que se fará no próximo ano, cunha inversión de 129.791,30 euros”, sinalan.

Engaden que están encantados de que o “noso traballo vaia recoller frutos tan axiña, seguiremos traballando para acadar todo aquilo que sexa o mellor para O Vicedo e as súas parroquias”.

A Deputación asina un convenio coa Unión Deportiva Folgueiro

A Deputación de Lugo achega 16.160 euros á Unión Deportiva Folgueiro. O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, vén de asinar no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración co representante deste club de O Vicedo, Francisco Blanco Riveira.

Unha colaboración, afirmou Tomé, que “é crucial para facer fronte aos gastos correntes e manter o funcionamento dun club que se ten consolidado como un punto de encontro esencial para a veciñanza”. A achega permitirá cubrir custos como arbitraxes, mutualidade dos xogadores, transporte, mantemento de instalacións e equipamento para os deportistas, entre outros.

Con esta colaboración, avanza o mandatario provincial, espérase que a Unión Deportiva Folgueiro poida continuar co seu labor, garantindo o acceso ao deporte as xeracións actuais e futuras, con especial fincapé



na xente moza.

A Unión Deportiva Folgueiro é un referente deportivo e social no concello do Vicedo e na zona norte da provincia de Lugo. Dende a súa fundación en 2003, o club ten traballado para fomentar a práctica do fútbol e ofrecer alternativas deportivas e sociais aos veciños e veciñas, especialmente á mocida-

de. Ademais de competir en torneos federados, organiza maratóns de fútbol, torneos locais e outras actividades recreativas e culturais que contribúen á dinamización da veciñanza. O club, que reúne cada tempada a numerosos veciños e afeccionados, promove non só o deporte, senón tamén a cohesión social e a participación cidadá.

O Grupo Humorístico Trípode levará a Celeiro de Mariñaos a súa obra ‘A Presa’

O Grupo Humorístico Trípode levará a escena a súa obra titulada *A Presa* o próximo sábado, 18 de xaneiro, en Celeiro de Mariñaos, parroquia pertencente ao concello de Barreiros.

A representación terá lugar na antiga escola da parroquia, ás 20.00 horas, e forma parte dunha iniciativa organizada pola Asociación de Veciños de Celeiro de Mariñaos, que convidou ao grupo teatral a actuar na comunidade.

Desde Trípode Teatro anuncian con entusiasmo que “visitaremos esta fermosa parroquia o sábado 18 de xaneiro para interpretar a nosa última obra, *A Presa*. No escenario estarán personaxes tan queridos como Melisa e Pitágoras, Pepita e Formigón, Amancio e Balbina, Greta e Bonifacio, e a francesa Françoise, todos eles acompañados pola nosa técnica de son, Rocío. Estamos desexando pasar unha fermosa tarde de teatro en compañía de amigos e veciños. É unha excelente oportunidade para desfrutar, rir e compartir bos momentos. Agradecemos de corazón á Asociación de Veciños de Celeiro de Mariñaos por esta invitación”.

Esta é unha oportunidade perfecta para os amantes do teatro e o humor, que poderán gozar dunha obra cargada de diversión e creatividade.

A Asociación de Carballido prepara a festa de San Sebastián

A Asociación de Veciños de Carballido en colaboración co Concello de Alfoz, prepara a festa na honra de San Sebastián para os vindeiros 18 e 19 de xaneiro. Adrio de Carballido será o lugar de celebración desta tradicional festa, que contará cunha carpa climatizada para maior comodidade dos asistentes.

Así, o sábado 18 a partir das 13.30 horas haberá unha misa solemne, procesión e sesión vermú ameni-

zada polo grupo La Tremenda. Pola noite será a quenda da gran verbena coa actuación de novo do grupo La Tremenda e a Discomóvil Conxuro. Na xornada do domingo 19 volverá a misa ás 13.30 horas seguida da procesión e unha espectacular macro sesión vermú coa música de Xilo & Carlos. Durante as sesións vermú do sábado e do domingo, serviránse tapas de callos para todos os asistentes.

Presentan o potencial do concello a 76 empresas nun foro económico

O Concello de Alfoz foi o primeiro invitado do ano no foro de negocios BNI ACO Albatros da comarca de Ferrol. Unha organización profesional, recoñecida como líder mundial en recomendacións de negocio, que congregou a 76 empresas de diversos sectores interesados en explorar novas oportunidades de colaboración e investimento.

Na sesión, Eliseo Lorenzo, concelleiro de Educación, Igualdade e Participación do Concello de Alfoz, presentou as singularidades e potencialidades do municipio. Durante a súa intervención, destacou a idoneidade de Alfoz como destino estratéxico para novos proxectos empresariais, describíndoo como un “refuxio climático” e salientando que “é o momento perfecto para investir en Alfoz”.

Segundo trasladan desde o Concello a presentación espertou un gran interese entre os asistentes, o que deu lugar a un frutífero intercambio de contactos e ideas. Varias empresas mostraron un especial interese en establecer futuras cola-



boracións, abrindo a porta a novos proxectos e investimentos.

“Participar nesta sesión de BNI ACO Albatros foi unha oportunidade excepcional para dar a coñecer o noso potencial. A valoración da xornada non pode ser máis positiva, xa que conseguimos captar o interese de importantes empresas que poden contribuír ao desenvolvemento de Alfoz”, sinalou Eliseo Lorenzo ao rematar o evento. Alfoz reafirmase no seu compromiso de fomentar o desenvolvemento económico e social, promovendo a súa visión como un municipio innovador e atractivo para o investimento e a calidade de vida.

VIVENDA COMUNITARIA



A alcaldesa de Alfoz, Efigenia Maseda, acompañada pola Concelleira de Desenvolvemento Local, Judit Casabella, visitou a Vivenda Comunitaria do municipio. Durante a visita, fíxoselles entrega dos agasallos de Reis ás persoas usuarias, nun xesto que busca recoñecer o valor e a contribución das persoas maiores á comunidade.

Impermeabilizan os pozos de rexistro do saneamento

Continúan avanzando os traballos de mellora do sistema de saneamento e depuración do Concello de Barreiros coa finalidade de optimizar o seu funcionamento e corrixir as deficiencias detectadas nos últimos anos. “Tras ter realizado unha auditoría de todo o sistema no ano 2023, detectáronse deficiencias nas que se está a traballar durante todo o ano. Unha das máis importantes era a cantidade de augas limpas que estaba a recollese na rede de saneamento, impedindo así o correcto funcionamento das estacións de bombeo e depuración”, explicou a alcaldesa, Ana Ermida.

A auditoría sinalou 25 deficiencias importantes, das que 23 quedarán subsanadas ao remate deste ano. Estas actuacións inclúen a impermeabilización dos 14 pozos de rexistro e a renovación do colector do barrio das Carriceiras, en Reinante, cun investimento total de preto de 50.000 euros, financiados ao abeiro do Plan Deputación 2024.

O Goberno central comprométese coa construción da nova EDAR

O Concello de Barreiros anuncia que a Secretaría de Estado de Medio Ambiente, dirixida por Hugo Morán, comprometeu o inicio das actuacións para que a empresa pública estatal ACUAES poida financiar e executar a construción da EDAR en San Miguel.

Na reunión mantida no Ministerio para a Transición Ecolóxica pola alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida -acompañada da segunda tenente de alcaldesa, Carmen Veiga, e o concelleiro de Medio Ambiente, Dámaso Ratoeira,- co Secretario de Estado de Medio Ambiente, Hugo Morán, e a Directora Xeral da Auga, María Dolores Pascual Vallés, trasladouse a posibilidade de iniciar esa vía ante o desentendemento da Xunta de Galicia.

A alcaldesa amosou a súa "satisfacción e unha alegría inmensa por comezar a ver unha luz nun asunto que parecía encallado e condenado a non solucionarse, se non se avanzaba na aportación da Xunta de Galicia."

Ana Ermida agradeceu "a receptividade e a empatía amosada polo departamento ministerial e, en concreto, polo Secretario de Estado e a Directora Xeral da Auga; que abren a vía a contar cunha nova EDAR que poida dar solución



a unha problemática existente en Barreiros desde hai décadas e que ninguén parecía abordar con seriedade."

A rexedora lembrou que desde este goberno municipal levan cinco anos xestionando esta cuestión e trasladando a todas as instancias a situación, a fin de chegar a un punto que permita facer realidade unha das obras máis necesarias no municipio, que afecta ao saneamento das parroquias de San Miguel e Reinante. "Hai que ir paso a paso. E o primeiro será a visita do persoal técnico de ACUAES para coñecer a situación e o terreo e facer as previsións técnicas

e económicas para desenvolver o proxecto."

Ermida cre que é o "primeiro paso que nos pode levar a unha solución definitiva" e traslada que continuarán buscando financiación por todas as vías para tratar de reducir ao máximo a aportación que teña que facerse por vía municipal. Neste sentido, avanza que "unha vez que se teñan feitos os primeiros cálculos de actualizacións e de proxecto, continuaremos coas xestións con outras administracións para a aportación de fondos e constatar o compromiso real con Barreiros e a súa veciñanza."



Finalizan as obras de mellora da Escola Infantil

Finalizan as obras de mellora da Escola Infantil Municipal de Barreiros, dotando o edificio dunha rampla de acceso e evacuación, adaptada á normativa de evacuación. O Concello de Barreiros traslada que nas labores de mellora e mantemento do edificio, colocáronse tamén elementos de protección nas aristas do patio exterior e prevese o cambio do chan dunha das aulas para a mellora das condicións da mesma.

A construción da rampla supuxo un investimento de máis de 6.600 euros, realizándose coas condicións

de accesibilidade e tamén cumprindo coa normativa para as saídas de emerxencia en caso de evacuación. Deste xeito, dótase ao edificio dunha nova saída máis próxima ás aulas de 0 a 1 anos que se pode evacuar mesmo utilizando os berces móbiles, tal e como se recomenda nos plans de evacuación postos en marcha e realizados tamén durante o curso.

A rexedora anuncia tamén que o vindeiro ano prevén levar a cabo o pintado exterior do edificio, que complementaría tamén a renovación da pintura interior.

A asociación local San Rosendo organiza a cuarta Festa do Caldo

O próximo 25 de xaneiro de 2025 celébrase a IV Festa do Caldo nos Colexios Vellos de San Miguel, un evento gastronómico e cultural no que o prato protagonista é o tradicional caldo galego.

Este evento está organizado pola Asociación San Rosendo e conta coa colaboración de diversas empresas e entidades locais.

O menú da festa será a base de caldo e compango, pan, auga e viño, sobremesa e café, e todo por un prezo de 20 euros adultos e 10 euros para nenos ata 12 anos.

A cea dará comezo a partir das 21.00 horas e contará coa música en directo do Dúo Estrelas, que actuará a partir das 23.00 horas. Esta parte do evento terá entrada libre, permitindo a participación de toda a veciñanza para gozar do ambiente festivo. As entradas estarán dispoñibles só nos locais de San Miguel ata o día 20 de xaneiro de 2025. É importante adquirir os tickets con antelación debido ao aforo limitado.

A festa conta co apoio de diversas empresas e entidades da zona, destacando o compromiso



coa promoción da gastronomía e cultura local.

A Festa do Caldo converteuse nun evento destacado da axenda cultural de San Miguel. Máis que unha oportunidade para degustar o tradicional caldo galego, esta celebración promove a convivencia, a posta en valor da gastronomía galega e o apoio á identidade cultural da Mariña Lucense. É unha cita ideal para veciños e visitantes que queiran gozar dunha noite chea de sabor e tradición.

O PP insiste en acender a iluminación na rotonda de acceso á A-8

Os concelleiros do Grupo Municipal do PP de Barreiros insisten na necesidade de acender a iluminación da rotonda que une as estradas nacionais 634 e 642 e tamén da rotonda que une o acceso a autovía A-8 coa N-634, ademais da vía que dá acceso á mesma, para "garantir a seguridade viaria".

O voceiro popular en Barreiros, José Manuel Gómez Puente, recorda que estes farois se apagaron hai moitos meses e os da rotonda de acceso a autovía A-8 levan anos así e non se volveron a acender a pesar de que "esta rotonda conecta dúas das estradas máis transitadas da Mariña, polo que é un punto polo que circulan cada día miles de vehículos". "Ninguén pode entender que non

teña iluminación", sinalou.

As estradas N-642 e N-634 son dúas das principais arterias da Mariña xa que ademais de unir esta comarca de Este a Oeste, a N-634 dá acceso a autovía A-8. "A realidade é que ninguén no municipio entende que levemos tantos meses co alumeadado apagado e a paciencia de condutores e veciños está chegando ao límite xa que todos somos conscientes de que está en risco a seguridade viaria", explicou o responsable popular.

Neste senso, José Manuel Gómez Puente afirma: "Insistiremos e non pararemos ata a que se acenda de novo a luz neste punto e así dotar de máis seguridade esta conexión entre as dúas estradas nacionais".

Realizarán obras para incrementar a rede de abastecemento

Serán posibles as obras para incrementar a capacidade da rede de abastecemento do Concello de Barreiros que vén de asinar un convenio coa área de Rural da Deputación para facer fronte. Ao mesmo tempo, e cun claro obxectivo de mirar cara ao futuro, realizarán o proxecto para a substitución das tubaxes principais que unen o depósito de cabeceira en San Caetano co depósito da Folgueirosa, o principal na distribución da zona norte do municipio.

No convenio prevese, ademais da redacción do proxecto, un total de 21 actuacións; entre as que destacan a impermeabilización do depósito de Merille -un depósito cuxa capacidade estaba arredor dun 10 % da prevista polas importantes perdas de auga que tiña-, que servirá como punto intermedio de acopio para auga potable; a substitución das acometidas públicas nas vivendas sociais de San Cosme e a substitución de tramos de tubaxes existentes en fibrocemento.

“Algo coma isto nunca o vivín”

Francisco Muiño é produtor de fabas de Lourenzá, e no 2024 sumouse á tendencia negativa do ano anterior cunha redución ata dun 80 % da produción desta legume en comparación cunha campaña habitual

Por Amanda Fernández

A produción de fabas de Lourenzá está a pasar por un dos seus peores momentos. Francisco Muiño, produtor e gandeiro da comarca, garda na memoria cando ía co seu pai aló polos 80 con sacos de faba á feira vella. Actualmente describe con preocupación os desafíos que ameazan esta actividade tradicional da Mariña.

Cunha experiencia de décadas, Muiño lembra tempos mellores, pero asegura que as dúas últimas campañas foron, sen dúbida, as máis desastrosas que lembra: “Eu recuerdo bos tempos, malos tempos, peores, pero algo coma isto nunca o vivín. Perdín 15.000 euros o ano pasado e este ano estimo unhas perdas próximas aos 25.000”. Identifica entre as causas os ciclos climáticos: “Non lle podemos chamar cambio climático, senón ciclos climáticos, que están dentro do propio cambio”.

UN SECTOR EN CRISE. O Salón de Actos de Lourenzá vén de acoller unha asemblea multitudinaria con medio cento de produtores e produtoras de faba, organizada polo Sindicato Labrego Galego – Comisións Labregas e o Consello Regulador da IXP Faba de Lourenzá. A colleita deste ano viuse severa-

mente afectada polas condicións climáticas adversas e pola aparición de patoloxías que redución a produción ata nun 80 % en comparación cunha campaña habitual. Esta crise está a impactar de forma significativa nas familias labregas da comarca, para as que a produción de fabas representa unha fonte esencial de ingresos. Ademais, o cultivo é clave para fixar poboación e dinamizar a economía local, sendo un elemento fundamental da identidade cultural e social da Mariña.

Neste sentido Francisco sinala que se incrementaron os custos de produción e que cada vez son menos os produtores: “De 30 a 40 anos, se atopas un ou dous produtores, de 40 a 50, uns cantos, de 50 a 60, a gran maioría e de 60 para arriba, o grupo restante que estamos máis involucrados polos anos de profesión”.

Esta situación viuse agravada ante as perdas considerables que, segundo apunta, están relacionadas polos “ciclos climáticos” e se agravan por outro condicionante: “O microclima da Mariña, a humidade relativa que estivo todo o ano sempre por riba do 70 %. A faba, ao botar a flor, con este nivel de humidade, o rabo do peciolo ponse podre e a flor xa se vai per-

dendo”. Este problema estrutural, combinado cun nordés persistente e días anormalmente tapados en agosto e setembro, foi devastador.

Ademais, a humidade favorece o desenvolvemento de enfermidades como a antracnose e o stemphylium, pouco coñecidas ata hai anos. Estas afectan directamente a calidade das fabas, facéndoas inviables para a comercialización. Muiño denuncia que, aínda que existen tratamentos químicos, son caros, xenéricos, escasos e pouco efectivos en condicións de humidade extrema.

A NECESIDADE DE AXUDAS. Este produtor de fabas ve a situación moi complicada e demanda que se precisa unha liña de axudas para paliar isto. Fai un chamamento ás administracións para que adopten medidas inmediatas: “Fálase moito de axudas de compensación, pero son insuficientes. É como se tes sede e che dan de beber cunha cuchariña de café”. Propón a creación de axudas directas que cubran polo menos o 50-60 % das perdas, así como liñas de financiamento a custo cero para que os produtores poidan modernizarse e afrontar as adversidades. Sobre todo, máis aló do económi-



co, fai fincapé na importancia de que se vexa luz ao final do túnel e que os apoiem. Di que, despois de dous anos de perdas, moitos non terán nin con que mercar fertilizantes e que é todo un drama porque “moita xente xa dirá que gaña máis deitándose que facendo nada”.

Lanza como mensaxe final unha reflexión sobre o futuro incerto dun sector que forma parte da identidade de Lourenzá e da Mari-

ña: “Se non se actúa pronto, moitos abandonarán. É unha situación desesperante e moita xente se vai ver con moitos problemas para arrincar a campaña. Temos o ánimo perdido e a min xa me custa cinco euros e medio poñer un quilo e medio de fabas no saco. Necesitamos ver que a administración se preocupa e nos permita arrincar de novo cun colchón. De non ser así, a produción de fabas en perigo de extinción”.



O grupo Ollomao triunfa no VI Certame de teatro

Entréganse nunha gala conducida polo actor Evaristo González os premios do VI Certame de teatro de Lourenzá. Foi o grupo Ollomao, de Barreiros, o gran triunfador da noite, coa obra *O traballo de Andrea*, levándose catro dos setes premios.

Obtiveron o premio Conde Santo á mellor representación, dotado con 750 euros e trofeo; o premio

Lourenzo ao mellor actor, para Benito de Condadés; o premio Ana á mellor actriz, para Miriam Bouso; e o premio especial do público.

Os premios ao mellor actor e actriz de reparto foron para Antón de la Fuente e Iria Rey, de O Catre, de As Pontes. E, para rematar, o premio á mellor posta en escena foi para a obra *Heroínas cotiás*, de Muiñeiras do Vento, de Ferrol.

O PP acusa unha falta de seguridade na estrada da Cazolga

O PP de Lourenzá afea “a falta de peso político” da alcaldesa socialista tendo en conta que se comprometera a xestionar ante a Deputación de Lugo melloras para garantir a seguridade na estrada da Cazolga, que é de titularidade provincial; pero, indican os populares, “cando o presidente da Deputación anunciou fai uns días actuacións en vías de toda a provincia, non nomeou ao noso concello para nada”.

Os populares indican que “para Lourenzá, que está gobernado pola mesma cor política que o presidente da Deputación Provincial, non toca nada cando a propia alcaldesa coñece perfectamente as necesidades para a mellora de estradas provinciais no municipio”.

O portavoz, Roberto Díaz, lembra nese sentido que “hai un acordo do Pleno para pedir a mellora da estra-



da da Cazolga, a LU-P-2804, porque é moi estreita e ten moito tráfico”. Os propios veciños e veciñas teñen trasladado as súas queixas tras vivir situacións de perigosidade en distintos puntos por dous motivos, fundamentalmente: a insuficiente anchura da plataforma que non permite que se crucen dous vehículos e a falta de elementos de protección laterais. O PP levou tamén este asunto ao Ple-

no da Deputación de Lugo a través dos deputados provinciais do Partido Popular ante o que o presidente asegurou en setembro do pasado ano 2023 que xa falara do tema coa alcaldesa “sen que vexamos ningún avance”. Polo tanto, “a alcaldesa incumple o acordo plenario e a Deputación de Lugo desoe as demandas dos nosos veciños e as necesidades do noso municipio”.

DEPUTACIÓN

O Plan de Cooperación cos Concellos sobe aos 22 millóns

O Goberno provincial da Deputación de Lugo aprobou no Pleno ordinario de decembro as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos 2025, que decidiu subir ata os 22 millóns de euros, seguindo criterios públicos e obxectivos, como son a superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial, e cun respecto total á autonomía municipal.

O presidente, José Tomé, valorou positivamente este acordo, que lle permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil.

O Plan Deputación, detallou, dá-lle aos concellos “total autonomía para decidir en que queren investir, achegándolles unha cantidade que se destina seguindo criterios obxectivos, cuestión que non fan outros Gobernos”, subliñou o mandatario provincial.

Pola súa parte, a deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu que esta maneira de traballar “responde a unha maneira de gobernar, de entender a acción política dende as institucións, cunha forma de entender a xestión do público, do de todos, para que chegue a todos os municipios e veciños e veciñas da provincia. Nós practicamos a po-



lítica de feitos, cun reparto en base á transparencia e obxectividade”, aclarou.

Ademais, concretou que será cada concello o que priorice e decida, en función das súas necesidades como e onde quere investir os fondos que lle chega a Deputación.

Así mesmo, o mandatario provincial detallou que esta medida “forma parte do noso compromiso de máxima cooperación cos concellos. Cada ano incorporamos melloras, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos, e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”, subliñou.

García Porto lembrou que por quinto ano consecutivo, o Executivo provincial saca adiante o plan no exercicio

anterior ao seu período de vixencia, o que permite ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor os fondos.

Por exemplo, as obras públicas poderanse executar na primavera-verán, o período do ano máis axeitado para traballar en exteriores dadas as características climáticas da provincia. Así mesmo, as bases do Plan Deputación publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) o día 7 de xaneiro, pasadas as datas de Nadal, o que tamén permite aos concellos ter máis tempo para elaborar as memorias e proxectos das obras que queiran presentar con cargo a estes investimentos. Terán un mes, ata o 7 de febreiro, para presentar a documentación.

Dedicaranse 300.000 euros a 51 asociacións

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión das subvencións convocadas pola institución provincial a través do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios por un importe total de 300.000 euros.

As achegas repartiranse entre 51 asociacións da provincia para a execución de obras destinadas a mellorar a calidade de vida da veciñanza do rural como a mellora de redes de abastecemento, vías, locais sociais ou espazos públicos.

As achegas provinciais oscilan entre os 1.000 euros e os 6.000 euros e foron concedidas a entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións veciñais, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais de toda a provincia.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, puxo en valor que “aínda que as axudas non teñen unha gran entidade económica, si terán unha gran relevancia social para mellorar o día a día da veciñanza”. E sinalou que a Deputación pretende facer chegar aos concellos do rural os servizos que necesita, traballando da man do tecido asociativo, que é quen mellor coñece as necesidades reais de cada territorio.

Grazas a esta liña de axudas de concorrencia competitiva, estas enti-

dades poden acometer actuacións como o acondicionamento da contorna da área recreativa da Capela do Carme, en Castroverde, e a recuperación de tres fontes; mellorar captacións e reparar o abastecemento de auga en Villamane e Bidueiras, no concello de Becerreá; acondicionar o local social situado na antiga Casa Escola de Mercurín, en Folgoso do Courel; ou adecuar o camiño denominado Candevila, no concello de Friol.

A Xunta de Goberno sacou tamén adiante, por un importe de 1,5 millóns de euros, a licitación das obras da granxa de porco celta na leira Gayoso Castro que a institución provincial ten en Castro de Rei cun orzamento de 1.057.404,26 euros, uns traballos que consistirán na construción dun espazo multifuncional de máis de 1.000 metros cadrados na leira Gayoso Castro e que incluírán unha nave de produción, zona de corentena, aulas, vestiarios e almacenaxe e con capacidade máxima para 24 porcas de cría e 5 porcos reprodutores. O prazo de execución desta actuación será de 12 meses desde o seu inicio.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, cumpre así co seu compromiso de licitar estas obras antes de que acabe o ano para que as instalacións poidan estar funcionando no ano 2026.

Esixe á Xunta un plan de transporte por estrada para a provincia

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta un plan de transporte por estrada para a provincia tras unha moción socialista que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

O presidente dixo que “a Xunta ten que deixar de tirar balóns fóra, poñerse as pilas e comunicar ben por bus os nosos concellos”. Nese sentido, subliñou que igual que o Estado é o responsable das grandes liñas, facendo unha similitude co tren: do AVE e os servizos de longa distancia; a Xunta “é quen ten as competencias das proximidades”.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, di que o Estado

prevé 40 millóns de euros en axudas para que as comunidades autónomas asuman as rutas da súa competencia e reprochou que a Xunta, en lugar de estar pensando en como facer o mellor uso dese investimento non asumen as súas competencias en mobilidade.

O texto da moción insta ao deseño de rutas interiores, tanto dentro da provincia como na comunicación con outros puntos da comunidade galega, garantindo a interconectividade non só entre as grandes cidades, senón tamén co rural; e complementar ese servizo cun de lanzadeiras para conectar coas rutas nacionais e internacionais.

A Deputación inviste en formación dixital para zonas despoboadas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou aceptar un investimento de 750.000 euros de Fondos Europeos para desenvolver o programa Reto rural dixital do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Con esta iniciativa, que se enmarca dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, a institución provincial porá en marcha o proxecto E para dixitalizarse Lugo. Así o explicou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que o obxectivo é ofrecer formación en competencias dixitais á veciñanza da provincia.

García Porto destacou que o programa pretende “garantir a inclusión

dixital, diminuír a brecha dixital, asegurar a adquisición de competencias básicas para a cidadanía e garantir que as zonas en risco de despoboamento poidan aumentar os seus coñecementos sobre novas tecnoloxías”.

No proxecto E para dixitalizarse Lugo inclúense unha serie de accións formativas directamente relacionadas coas necesidades tecnolóxicas da sociedade actual e que irán dirixidas á adquisición de coñecementos vinculados ás TICs. Nesta liña, subliñou “a veciñanza da provincia aprenderá sobre cuestións relacionadas coa busca de emprego ou o emprendemento”.

Ademais, tamén haberá formacións de especial interese para pais e nais

“como por exemplo sobre os riscos de internet ou a dependencia dos dispositivos móbiles”. Para a poboación máis nova “temos previstos cursos de ofimática e informática básica, ciberseguridade e redes sociais” e as persoas maiores “poderán aprender sobre o uso do móbil, a banca electrónica ou ferramentas de comunicación como Whatsapp ou Telegram”.

Por outra banda, tamén foi aprobado un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as deputacións provinciais para o financiamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) durante os anos 2025, 2026 e 2027.

COLABORACIÓN

Entender as matemáticas non é cuestión de sorte, senón de método

O PUPITRE



Julio Díaz

Leo apenado que o noso país está á cola en matemáticas e ciencias. A principios de decembro deuse a coñecer o Estudo Internacional de Tendencias en Matemáticas e Ciencias TIMSS 2023. Corea lidera o rendemento medio en matemáticas e ciencias con 594 puntos e 583 puntos, respectivamente. España obtén tan só 498 puntos en matemáticas, sendo a media da OCDE e UE de 525 e 514. En ciencias, España sitúase tamén por debaixo con 504, sendo de 526 e 513 os puntos acadados pola OCDE e UE, respectivamente. No caso de Galicia sitúase por riba da media en ciencias con 525 puntos, o que supón 21 puntos máis que a media do Estado e nos sitúa no segundo lugar do ranking das nove comunidades analizadas. Así mesmo, en rendemento matemático, os alumnos galegos logran un total de 509 puntos, 11 máis que

no conxunto do Estado, o que nos coloca en quinto lugar no panorama estatal.

A aprendizaxe das matemáticas nos centros educativos mantén a súa mala fama entre os nosos alumnos, producindo desagrado pola materia e, posteriormente, o seu abandono. As matemáticas sempre tiveron fama de ser difíciles, detrás dun "non me entran as matemáticas", "non entendo o que me están explicando" ou "isto é demasiado difícil para min" podemos atoparnos dificultades de aprendizaxe con consecuencias negativas para os rapaces tanto no ámbito académico como no persoal.

Empregar as matemáticas é un dos procesos máis humanos que existen. Contar, medir, ordenar son procesos esenciais na vida diaria que se poden facer dun xeito básico ou sofisticado. Un aspecto a ter en conta na educación das matemáticas é que nos primeiros anos é fundamental a xestión de erros. O ensino baseado na reprodución, con exercicios cerrados e procedementos ríxidos leva a identificación do erro co fracaso. Esta

identificación leva o alumnado, en moitas ocasións, a pensar que as matemáticas non son o seu. Poren, sabemos que é normal e esperable cometer erros ao longo do proceso de resolución de problemas. Estes erros deben normalizarse e entenderse como unha parte integrante do proceso de aprendizaxe, sen que se convertan en obstáculos insuperables ou sexan fonte de futuros bloqueos cognitivos.

Dicía no título que entender matemáticas non era cuestión de sorte senón de método, por iso é importante darlles aos alumnos técnicas e ferramentas que lles axuden. Entre elas debemos destacar o emprego dunha aprendizaxe manipulativa, como as regretas Cuisinaire, policubos, método Singapur...

Debemos ter en conta as necesidades particulares de cada alumno para adaptar enfoques variados e personalizados: "cada alumno é un mundo". Optar tamén pola simplicidade evitando así o estigma das matemáticas como esa materia que é tan complicada.

Debemos trasladarlles aos rapaces

O RECUNCHO DE CANELINA



que si as matemáticas son un tanto complicadas é debido a que non só requiren cálculo e regras, senón tamén pensamento lóxico, preciso e creativo. Ademais, os problemas matemáticos adoitan requiren unha comprensión profunda do contexto e por iso que os actuais modelos de IA (intelixencia artificial) son moi bos xerando código, textos

e imaxes pero cando se trata de abordar problemas matemáticos que van máis aló do básico, por requiren de razoamento avanzado, a IA naufraga estrepitosamente. As solucións matemáticas esixen pensar paso a paso e un único erro pode invalidar todo o traballo. Se falla a IA, como non vamos fallar nos.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com

MAR

Planas destaca a lonxa de Burela como “a terceira a nivel nacional”

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas, destacou o papel das confrarías de pescadores como modelo de economía social, que traballa pola sostibilidade e rendibilidade da pesca e polo desenvolvemento local. Tamén destacou o seu labor pola igualdade de oportunidades entre home e mulleres.

Luis Planas presidiu os actos de conmemoración do centenario da confraría de pescadores San Juan Bautista de Burela e personalizou no seu presidente, Basilio Otero, a felicitación polos seus 100 anos de boa xestión e de compromiso co sector e co territorio. Esta confraría, con máis de 300 socios, conta cunha frota de 82 barcos que faenan no Cantábrico e o Atlántico. O ministro subliñou os esforzos realizados pola modernización no tratamento e presentación dos produtos pesqueiros a través da Organización de Produtores da Pesca e para fomentar o seu consumo. Destacou que en Burela hai actualmente censadas persoas de 42 nacionalidades ás que a actividade pesqueira ofrece emprego e un proxecto de vida. Entre os actos de celebración, o ministro presenciou o ronqueo de atún de Balfegó, tradicional proceso de despezamento deste peixe, e visitou unha colección de murais inclusivos.



Na súa visita a Burela, Planas puxo en valor os acordos alcanzados polo Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea celebrado esta semana en Bruxelas, tras unhas difíciles negociacións, sobre as posibilidades de pesca da frota para 2025 no Atlántico e o Mediterráneo. Para o Atlántico, en concreto, Planas destacou os bos resultados conseguidos en especies de gran interese nos mercados e de alto valor comercial que permitirán a estabilidade da actividade pesqueira.

Así, aludiu ao “progreso evidente” conseguido no xurelo, que quintuplicou a súa cota, ao incremento das do rape e galo, e ao mantemento das de pescada sur, o langostino e do ollomol nas augas compartidas con Reino Unido. O porto de Burela é o segundo maior de Galicia, despois do de Vigo, cun-

ha frota de 78 buques. A súa lonxa é unha das máis relevantes de España, a terceira en valor a nivel nacional, coa venda de especies de alto valor, principalmente pescada e bonito, aínda que tamén é relevante a venda de cabala.

EXPOMAR. A Feira Expomar 2025 será presentada o vindeiro 23 de xaneiro ás 19.30 horas na Casa de Galicia en Madrid. Así o expresa Carmela López Moreno, presidenta da Fundación Expomar Burela. No acto presentarase a XX edición da Feira Monográfica Náutico-Pesqueira Expomar, as XXXII Xornadas Técnicas e o XXVI Encontro Empresarial de Organizacións Pesqueiras.

A continuación ofrecerase unha degustación de ‘Peixe de Burela’, patrocinada pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

Recolléronse máis de 10.000 quilos de lixo dos fondos mariños

Recolléronse máis de 10.000 quilos de lixo dos fondos mariños do litoral galego no pasado 2023, no marco dos proxectos Upcycling the Oceans e Mares Circulares. Así o constatou a Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia. Así pois, ambas iniciativas, centradas na recollida non intencionada de lixo durante as tarefas extractivas dos profesionais do mar, fundamentalmente da pesca, permitiron extraer 10.700 quilos de residuos, cun volume total de 108 metros cúbicos por parte da flota que opera nunha decena de portos de titularidade autonómica. O proxecto Upcycling the Oceans comezou a desenvolverse no ano 2015, e involucra a profesionais do sector pesqueiro tanto en Es-

paña coma noutros países en Europa, Asia e África. No correspondente a Galicia, participaron neste proxecto as frotas de Celeiro, Burela, Sanxenxo, Combarro e Corme, coordinadas polas confrarías de pescadores correspondentes. Pola súa parte, o proxecto Mares Circulares iniciouse no ano 2018 nos países da Península Ibérica cos obxectivos de limpar as súas costas, fondos mariños e espazos protexidos; fomentar a reciclaxe e impulsar a economía circular.

ACCÍONS DE FORMACIÓN. Os datos completos de lixo mariño recollido durante o 2023 serán presentados por Portos de Galicia á Dirección Xeral da Costa e o Mar do Ministerio para a Tran-

sición Ecolóxica e Reto Demográfico cun ano de compensación, tal como establece a normativa, á fin de inventariar a composición, abundancia, tendencias, orixes e distribución espacial deste lixo, en cumprimento das directrices da Unión Europea.

Así mesmo, Portos de Galicia continuará fomentado nos próximos exercicios novas iniciativas neste sentido. O ente público manterá a súa colaboración coas fundacións que lideran actualmente ambos proxectos e axudará á súa coordinación cos operadores dos portos autonómicos. Ademais, impulsará accións propias para incentivar a recollida de lixo dos fondos mariños, con especial atención a proposta de formación neste sentido.

Os portos de Burela e Celeiro reciben licencia do servizo de practicaxe

A Conselleira do Mar, traslada que, a través de Portos de Galicia, adxudicou dúas licencias para a realización de servizos portuarios especiais técnico-náuticos de practicaxe e de amarre e desamarre de buques en todos os portos comerciais da comunidade. O anuncio da conta do outorgamento das licencias necesarias para os traballos técnicos que permiten a entrada, así como o amarre e desamarre de embarcacións de grande tonelaxe, aos portos de carácter comercial de titularidade autonómica.

En concreto outórgase por 10 anos a licencia para a practica-xe nos portos de Cariño, Burela e Viveiro-Celeiro e por 5 anos prorrogables a dos portos de Cee, Laxe, Corcubión e Sada. En ambos casos recóllense compensacións económicas da administración ao prestador do contrato para garantir a súa rendibilidade. Mediante a concesión destas licencias, a Xunta busca garantir unha xestión eficiente e segura dos servizos de practicaxe e amarre e desamarre de buques, reforzando as capacidades estratéxicas dos portos implicados.



Patricia García Sánchez, nova directora de Pesca, Acuicultura e Innovación

Patricia García Sánchez toma posesión como directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, en substitución do anterior responsable do departamento autonómico desde o 2022, Antonio Basanta, que pasou este mes de xaneiro a formar parte do equipo do comisario europeo de Pesca e Océanos, Costas Kadis. O acto estivo presidido polo conselleiro do Mar, Alfonso Villares, que deu a benvinda a Sánchez e puxo en valor o traballo e compromiso de servizo público do Goberno galego en favor da xente do mar e de Galicia. Tamén tivo palabras de agradecemento para o anterior director xeral polo seu traballo ao longo de todos estes anos e que agora continuará contribuíndo a fornecer a pesca galega desde Europa. García pola súa banda, puxo en valor a súa experiencia e capacidade de traballo e manifestou a súa vontade de desenvolver con dedicación e feitos a con-

fianza depositada. Patricia García é licenciada en Dereito pola Universidade de Oviedo e conta cun Máster Executive en Dereito Empresarial, impartido polo Centro de Estudos Garrigues en colaboración coa Universidade de Harvard. Desde o 2013 é funcionaria da Xunta de Galicia, pertencendo ao subgrupo A2 dende o ano 2022. Desde o 11 de xaneiro do 2023 ocupaba a xefatura do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal no departamento territorial de Lugo da Consellería de Política Social e Igualdade. Anteriormente ocupou o posto de xefa da sección da Administración Xeral e Persoal na Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Celeiro, dende o 25 de maio de 2021 ao 15 de decembro de 2022. Tamén exerceu na actividade privada coma avogada júnior no Departamento de Dereito Público no despacho de Garrigues en Oviedo durante 3 anos.

DEPORTES



O XXI Open de Xadrez Rápido de Vegadeo repite gañador, Aleksa Strikovic

O Concello de Vegadeo acolleu o seu torneo XXI Open de Xadrez Rápido. Segundo trasladou, o Club de Ajedrez Valdesva de Trevías, tivo boas cifras de participación con ata 50 xogadores inscritos, o máximo permitido. Destacou polo seu nivel alto á hora de competir con ata 8 xogadores titulados e moitos xogadores mozos.

A proba realizouse en dúas xornadas en horario de tarde e no ambiente destacaron as ganas de disfrutar do xadrez con gran deportividade. A

vitoria, unha vez máis e xa van catro consecutivas, foi para o Gran Mestre Aleksa Strikovic, con 6.5 puntos de 7 posibles. O segundo posto foi para Nicolás Martín e o terceiro foi o Mestre Internacional Alberto Andrés, ambos con 5.5 puntos.

O mellor veterano foi José Ramón Roca, o mellor sub18 foi Roque Ordíz e o mellor xogador local foi para Vladislav Davydov. Desde o Club de Ajedrez Valdesva de Trevías agradecen ao Concello por manter esta iniciativa deportiva durante tantos anos.

Mondoñedo convértese no epicentro do deporte co Toxiza Gran Trail 2025

O vindeiro 5 de abril, Mondoñedo converterase no epicentro do deporte de montaña coa celebración do Toxiza Gran Trail, un evento organizado polo Clube de Montaña Toxiza, que ofrecerá diversas modalidades para todos os niveis e preferencias. Os participantes poderán elixir entre as seguintes probas: Ultra,

maratón, trail, minitrail e andaina. A esixencia é diferente para cada unha dependendo do nivel de experimentación e preferencias. O Toxiza Gran Trail enmárcase nun enclave natural e combina o deporte a aventura, sendo unha cita imprescindible para os afeccionados ao trail running e á montaña.

SAN SILVESTRE



Ribadeo acolleu a XXXIV San Silvestre para despedir o 2024. Destacaron desde o Club de Atletismo de Ribadeo aos máis pequenos coa Mini SanSilvestre, nunha cita interxeracional con 73 atletas que chegaron á meta nunha xornada onde cumpriron coa tradición de despedir o ano brincando.

O Burela FS feminino certifica o pase á fase final da Copa da Raíña

Non falla o Burela FS e cumpre co agardado derrotando a domicilio (0-4) ao Almagro FSF, de Segunda División, e estará na final a 8 da Copa da Raíña. Celebrarase entre o 2 e o 4 de maio de 2025 nunha sede, aínda por determinar e onde buscará o seu sétimo título copeiro. As mariñas dominaron todo o encontro, pero tiveron que agardar á segunda parte para sentenciar grazas á gran actuación durante o primeiro período da porteira local Vera.

Ourense Ontime, STV Roldán, Castro Bloques Cando, Torreblanca Melilla, Gran Canaria Teldeportivo, Poio Pescamar e MRB Móstoles son os outros equipos que loitarán polo título coas da Mariña na fase final. Con este triunfo pon fin o conxunto feminino do Burela FS a un produtivo ano 2024 que pecha coa obtención dos títulos de Liga e Supercopa.

PERDA DO PATROCINADOR. O CD Burela FS atravesará un delicado momento, como consecuencia do grave quebranto orzamentario que supuxo



a retirada do seu patrocinador principal, Pescados Rubén. Así, a entidade informa da primeira perda: "O equipo feminino vese imposibilitado a participar no torneo oficioso Futsal Women's European Champions - Puglia Edition 2024 a celebrar en Italia e organizada polo USD Bitonto Calcio a 5".

O ámbito deportivo, que nos últimos anos deu alegrías á familia laranxa tanto no equipo feminino

como masculino, vese así severamente afectado: "Queremos trasladar as nosas máis sinceras desculpas ao equipo organizador entendendo que comprenderán que o motivo da nosa ausencia non foi xerado polo club, senón obrigado polas circunstancias de índole económico que sobreviñeron, por dito motivo sentimos non poder participar nun torneo de carácter non oficial".

Unha etapa de La Vuelta comezará en Vegadeo

O día 7 de setembro do 2025 todos os focos estarán postos en Vegadeo onde os mellores ciclistas do mundo se citan coa Vuelta Ciclista a España 2025. Desde A Veiga/Vegadeo, lugar de inicio da etapa 15ª, ata a vibrante final en Monforte de Lemos, o pelotón percorrerá un traxecto que porá a proba tanto a forza como a es-

traxectoria dos mellores ciclistas do mundo.

O Concello de Vegadeo destaca que esta etapa 15ª será unha verdadeira proba para ver que candidatos aspiran a vestir o maillot vermello en Madrid. Cada quilómetro supón un paso cara adiante para alcanzar a gloria, acadar o soño de conquistar a Vuelta a España.



O Dojo Bushido de Burela será escenario dun curso intensivo de Kung Fu Qi Gong

O próximo 25 de xaneiro, o Dojo Bushido de Burela, será escenario dun curso intensivo de Kung Fu Qi Gong, unha práctica milenaria destinada a equilibrar corpo e mente, impartido polo experto Miguel Ángel Rojo Darriba. Será en horario de 10.00 a 13.00 e de 16.00 a 19.00 horas.

Este evento é organizado polo Departamento Nacional de Kung Fu da RFEK e DA, e está dirixido tanto a practicantes como a persoas interesadas en profundar nesta disciplina.

O curso será impartido por Miguel Ángel Rojo Darriba, Director do Departamento Nacional de Kung Fu da RFEK e DA, quen conta cunha ampla experiencia sendo 6º Duan de Kung Fu – Taijiquan e 6º Duan de Kung Fu – Qi Gong. A súa sólida traxectoria posiciónao como unha das principais figuras no ensino destas técnicas. Neste curso aprenderase sobre a táboa de Qi Gong dos 5 animais de Wudang, unha práctica que se inspira nos movementos de animais

como o tigre, o cervo, o oso, o mono e a grúa para promover a harmonización enerxética e fortalecer o corpo. E tamén sobre a teoría sobre os vasos maravillosos.

Para participar será necesario inscribirse pois tan só hai 25 prazas dispoñibles e que serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. Para máis información e inscricións, pódese contactar directamente no teléfono:670 249 554 ou no correo electrónico kungfu@rfe.es.

“O remo é un deporte sacrificado que saca o mellor de cada un”

Jesús Carreira Alonso é actualmente o presidente do Club de Remo de Ribadeo

Por Amanda Fernández

“A orixe foi fai 40 anos, no 1984, cando cinco persoas relacionadas co mundo do mar e os deportes marítimos, fundaron este club”, conta Jesús Carreira Alonso, presidente do Club de Remo de Ribadeo. Así comeza a actividade desta entidade deportiva con esas cinco persoas que puxeron o xerme dun espírito que se mantivo ao longo dos anos. Aquel pequeno grupo marcou o inicio do que hoxe é un dos clubs de remo máis importantes de Galicia e de España.

Hoxe en día, Carreira Alonso considera que é un “club de deporte base” e de formación para mozos e mozas. Teñen categorías desde alevín, infantil, cadete e algún xuvenil. “É unha escola deportiva propiamente dita xa que hai desde os 9 ata os 17 anos”, recoñece.

SACRIFICIO. “Máis aló de deportes maioritarios como o fútbol ou baloncesto, o remo ten de diferente que é un deporte no que o traballo en equipo é fundamental e sacrificado”, sinala o presidente do club. “Os rapaces teñen que facerse cargo das embarcacións: baixalas,

preparalas, sacalas ao mar, limpalas e deixalas listas para o seguinte adestramento. Isto crea unha responsabilidade e unha unión entre todos, porque cada membro do equipo é imprescindible”, sinala Carreira.

Ademais, subliña o esforzo que require este deporte, especialmente nos días de inverno, con condicións meteorolóxicas adversas: “É un deporte sacrificado, pero saca o mellor de cada un”. Promove valores como a pertenza, a colaboración, o sacrificio, a superación persoal cando se adestra con mal tempo e a dedicación.

“É un deporte que se che gusta, estás moi implicado nel, é case unha forma de vida, neste tipo de deportes tan sufridos, nos que ao fin e ao cabo, o que fas é dar a sensación de que pertences a un grupo, es dun equipo, pero estás moi implicado no que lle pasa a cada membro. Todos suman un todo e os éxitos e fracasos compártense de forma moi intensa”, revela.

UN CLUB REFERENTE. O Club de Remo de Ribadeo compite a nivel autonómico e nacional e pode pre-

sumir de éxitos deportivos que o converten en referencia. Este ano, destacan os títulos logrados no Open de Castrelo de Miño, onde competiron clubs de toda España, situándose entre os mellores. Ademais, a nivel cadete, o club consolidouse como un dos máis importantes do país. Carreira enumera con orgullo os campións de España e Galicia: Antón Balsa Val e Irene García Valle, campións de España; o dobre formado por Mateo Monteserín e Conrado Lara, campións galegos e subcampións nacionais; e Carlota Peña e Irene Martínez, tamén campioas galegas e nacionais. Na Copa Primavera, “fomos o club gañador en medallas de 22 clubs nacionais con 13 embarcacións e 9 podios”.

Clave deste éxito e referente para rapaces e rapazas, o seu adestrador, Mauricio Monteserín, ao que define o presidente como “piar fundamental deste club”. Olímpico en Sidney, con Jaime Rios, campión de España e recoñecido con múltiples premios. De feito, o ano pasado foi nomeado como o mellor adestrador a nivel galego e un dos máis destacados de España. “A súa



experiencia e dedicación son o que fai que os rapaces saquen o máximo rendimento”, asegura o presidente.

RETOS FUTUROS. A pesar dos éxitos, os retos continúan. O presidente subliña a necesidade de mellorar o equipamento e as instalacións. “As embarcacións son custosas e é preciso renovalas con frecuencia para competir ao máis alto nivel. Aínda que os remeiros sexan moi bos é moi importante ter embarcacións punteiras”, explica. Tamén fai un chamamento á colaboración das administracións e patrocinadores: “Na directiva somos pais e nais que dedicamos o noso tempo libre a manter o club. O diñeiro é limitado e precisamos axuda para seguir medrando e mellorando a infraestrutura para que o remo siga tendo máis tirón do que ten”.

De cara ao futuro, o obxectivo do

club é claro: manter unha base sólida de deportistas, ofrecerlles o mellor material posible e garantir que adestren nas mellores condicións. “O que máis nos motiva é ver os rapaces contentos, implicados e desfrutando deste deporte”, conclúe Carreira.

Veñen de cumprir este 2024 os corenta anos, cal é a receita? O presidente expresa: “Moita dedicación, inspirados polo adestrador, ao final sacas tempo de onde non hai e merece a pena por ver que os rapaces desfrutan e adestran nas mellores condicións posibles. A nós motívanos que os rapaces teñan logros, pero sobre todo que adestren nas mellores condicións posibles, dentro das posibilidades do club. O obxectivo e reto é que estean motivados e que teñan o mellor material posible para facer o traballo da mellor maneira posible”.



A Deputación felicitou ao CP Altruán de Ribadeo

O deputado de Mocidade, Daniel García, recibiu ao CP Altruán de Ribadeo na Deputación. No encontro participaron padexeiros, membros da directiva e familias, nun acto onde se destacou o labor da entidade, especialmente nas categorías de base. O club ofrece ás mozas e mozos de Ribadeo e da súa contorna unha alternativa de lecer saudable e unha oportunidade para formarse e crecer no ámbito deportivo.

Daniel García felicitou ao club pola súa “traxectoria ascendente, con deportistas que destacan nos podios de campionatos galegos e estatais”, e resaltou “o esforzo que representa para o club e as familias manter a

actividade competitiva nunha disciplina con retos específicos, como o custo do equipamento e os desprazamentos”.

Neste contexto, explicou que “desde a área de Mocidade tratamos de apoiar ese esforzo ao longo dos últimos anos”, complementando a forte aposta polo piragüismo da institución mediante recursos económicos, formación e investimentos.

A área de Mocidade colaborou recentemente co CP Altruán na adquisición de equipamento e dunha furgoneta. Ademais, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo financiou a reforma integral do hangar de piragüismo de Ribadeo.

Premian a xestión deportiva de Ribadeo



O Concello de Ribadeo foi galardoado co premio á xestión deportiva para municipios de menos de 15.000 habitantes, outorgado pola Asociación Galega de Xestión Deportiva (Agaxede). A entrega dos XV Premios Galicia á Xestión Deportiva celebrouse no Pazo da Cultura de Carballo, onde o alcalde de Ribadeo, Dani Vega, e o concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, recolleron o recoñecemento. Desde o Concello destacou o apoio constante á organización de eventos deportivos, o fomento do deporte base e feminino, e a colaboración cos clubs locais. Tamén subliñaron a importancia de acoller

competicións de ámbito internacional que contribúen a impulsar o turismo deportivo na comarca da Mariña.

Durante o acto, o concelleiro Francisco José Silvent cualificou o premio como un respaldo ao traballo desenvolvido no eido deportivo e destacou a implicación do técnico municipal de Deportes, Iván López, como parte fundamental do equipo.

O galardón foi entregado por Roberto Ramos, directivo de Agaxede e natural de Ribadeo, nunha gala que reuniu representantes de concellos e entidades deportivas de toda Galicia.

A nova tempada de pesca continental será do 16 de marzo ao 31 de xullo

A tempada de pesca deste ano en Galicia comezará o vindeiro 16 de marzo e rematará o 31 de xullo, tal e como establece a orde anual publicada no Diario Oficial de Galicia, na que se recollen as normas xerais de pesca das distintas especies ictícolas nas augas continentais galegas.

Así, no caso concreto do salmón, o período hábil abranguerá desde o 1 de maio ata o 31 de xullo, salvo no caso dos tramos compartidos do río Eo, e nos coutos de Betanzos e do río Ulla onde rematará o 30 de xuño. En todo caso, poderá adiantarse o remate da tempada en función das capturas.

A cota de captura establécese nun exemplar por persoa e xornada, cunha dimensión mínima de 40 centímetros. A ratio anual no río Ulla queda fixada en 7 exemplares; no Mandeo os exemplares serán 2; no caso do río Masma a cota é de 10 salmóns; no Miño fíxase en 2; e no couto de Salmeán, en 10. No resto dos coutos autorizados no río Eo non se establece cota anual de captura.

DE RUTA EN RUTA


Burela: Ruta Xeolóxica O Perdouro

Un percorrido que permite descubrir o conxunto de pregos mellor conservado de toda Galicia

Burela agocha segredos naturais de gran valor que combinan beleza paisaxística e interese científico. Un dos exemplos máis destacados é a Ruta Xeolóxica O Perdouro, que se converteu nunha referencia obrigatoria para amantes da xeoloxía e da natureza.

A Ruta O Perdouro percorre unha área costeira que expón formacións xeolóxicas de gran singularidade. Estas rochas, con millóns de anos de historia, revelan os procesos tectónicos, erosivos e sedimentarios que moldearon a paisaxe actual. Unha ruta que permite descubrir o conxunto de pregos mellor conservado de toda Galicia con máis de 300 millóns de anos de antigüidade, e orixinados por mor da Oroxenía Varisca, destacable acontecemento xeolóxico da Era Paleozóica.

Á hora de realizar esta ruta, non só atoparán fermosos arcos rochosos, senón que ademais gozarán das marabillas que presenta a Rasa Cantábrica, así como a súa extensión dende Burela ata gran parte do Cantábrico. Unha proposta que, ademais, permite co-



ñecer as marabillas do granito na zona de San Cibrao.

Tamén se inclúe nesta ruta a Igrexa de Coedo, un pequeno templo esculpido polo mar denominado Geosite de Interés Internacional que só se pode visitar en marea baixa.

A ruta consta dunha distancia de 3,2 quilómetros (ida e volta) con saída na Oficina de Turismo, no porto de Burela. Esta ben sinalizada e a súa dificultade é baixa, polo tanto, accesible tanto para familias como para sendeiristas experimentados.

O percorrido inclúe paradas interpretativas, onde se explican de maneira sinxela os procesos xeolóxicos e as características únicas da zona. Ademais, conta con paneis informativos e audioguías dispoñibles, ofrecendo unha experiencia educativa e enriquecedora.



A Ruta O Perdouro é un exemplo de como o turismo sostible pode contribuir ao desenvolvemento local. Este proxecto, impulsado polo Concello de Burela e en cola-

boración con expertos xeólogos, non só promove o coñecemento da xeoloxía, senón que tamén pon en valor a biodiversidade e o patrimonio cultural da zona.

Así, esta ruta forma parte das Xeorutas de Burela, e atrae visitantes durante todo o ano, axudando a diversificar a economía local máis aló da pesca.

DATOS



1 hora



3,2 quilómetros



Dificultade baixa



CAP

TODOS LOS MESES

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Formación Bonificada



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05